



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 83

IV lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria

20 de decembro de 1995

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

ORDE DO DÍA

Punto único.-

- Debate e votación do Dictame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Presupostos, sobre o proxecto de lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996.

Cualificación da Mesa: 20-10-1995. BOPG núm. 340, do 23-10-1995.

Emendas á totalidade: BOPG núm. 355, do 14-11-1995.

Emendas ó articulado: BOPG núm. 363, do 23-11-1995.

Debate de totalidade: 16-11-1995. DSPG núm. 78, do 16-11-1995.

Informe da Ponencia: BOPG núm. 370, do 4-12-1995.

Dictame da Comisión: BOPG núm. 377, do 18-12-1995.

Emendas e votos particulares: BOPG núm. 377, do 18-12-1995.

SUMARIO

Abrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Debate e votación do Dictame emitido pola Comisión 3a. Economía, Facenda e Presupostos, no Proxecto de lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996. (Punto único da orde do día).

Presentación do dictame da Comisión: *Sr. Díaz e Díaz (S) (páx. 5490).*

Debate do articulado

Rolda de grupos para fixar posicións respecto do dictame e defensa das emendas e votos particulares: *Sr. Vega Buxán (BNG) defende as emendas núms. 2, 3, 5, 6, 7, 8 e 10 a 20 (páx. 5491).*

O Sr. Oujo Bello (S) defende as emendas núms. 1 á 134 agás as núms. 107 e 131 (aprobadas); 13, 14, 25, 37 e 41 (transaccionadas); e 15, 16, 43, 46, 55, 62, 84, 85, 106, 115, 116 e 121 (retiradas) (páx. 5494).

O Sr. Egerique Martínez (P) intervén para posicionarse sobre o dictame (páx. 5497).

Rolda de grupos para fixar posicións respecto das emendas e votos particulares dos demais: *Sr. Vega Buxán (BNG) (páx. 5500), Sr. Oujo Bello (S) (páx. 5501) e Sr. Egerique Martínez (P) (páx. 5502).*

O Sr. Vega Buxán (BNG) intervén para unha cuestión de orde (páx. 5503).

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 2, 3, 5, 6, 7, 8 e 10 a 20: *rexeitadas por 23 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención (páx. 5504).*

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 á 134 (agás as núms. 107 e 131 aprobadas; 13, 14, 25, 37 e 41 transaccionadas; 15, 16, 43, 46, 55, 62, 84, 85, 106, 115, 116 e 121 retiradas; e agás as núms. 76, 77 e 100): *rexeitadas por 23 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención (páx. 5504).*

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 76, 77 e 100: *rexeitadas por 14 votos a favor, 40 en contra e 9 abstencións (páx. 5504).*

Votación do texto articulado (agás o artigo 2): *aprobado por 40 votos a favor, 23 en contra e ningunha abstención (páx. 5504).*

Debate do estado de ingresos e gastos

Sección 01 (Parlamento de Galicia), Sección 02 (Consello de Contas) e Sección 03 (Consello da Cultura Galega): *aprobadas por unanimidade (páx. 5504).*

Sección 04 (Consellería da Presidencia e Administración Pública)

Defensa das emendas: *Sr. Suárez Canal (BNG) defende as emendas núms. 1 á 44 (páx. 5504) e Sr. Carro Fernández-Valmayor (S) (páx. 5508) e Sr. Vega Fuente (S) (páx. 5510) defenden as emendas núms. 1 á 39.*

Rolda de grupos para fixar posicións: *Sr. Suárez Canal (BNG) (páx. 5511), Sr. Vega Fuente (S) (páx. 5512).*

5512) e Sr. Lage Lage (P) (páx. 5513)

Rolda de réplica: Sr. Suárez Canal (BNG) (páx. 5515).

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 á 44: *rexeitadas por 19 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención* (páx. 5516).

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 á 39 (agás as núms. 14 e 15): *rexeitadas por 19 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención* (páx. 5516).

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 14 e 15: *rexeitadas por 11 votos a favor, 36 en contra e 8 abstencións* (páx. 5516).

Votación da sección 04 (Consellería da Presidencia e Administración Pública): *aprobada por 36 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención* (páx. 5516).

Sección 05 (Consellería de Economía e Facenda)

Defensa das emendas: Sr. Vega Buxán (BNG) *defende as emendas núms. 47 e 48* (páx. 5517) e Sr. Oujo Bello (S) *defende as emendas núms. 40 á 42* (páx. 5519).

Rolda de grupos para fixar posicións: Sr. Vega Buxán (BNG) (páx. 5521), Sr. Oujo Bello (S) (páx. 5522) e Sr. Egerique Martínez (P) (páx. 5523).

Rolda de réplica: Sr. Vega Buxán (BNG) (páx. 5526) e Sr. Oujo Bello (S) (páx. 5527)

O Sr. Oujo Bello (S) *intervén para unha cuestión de orde* (páx. 5528).

Votación da emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 47: *rexeitada por 8 votos a favor, 39 en contra e 15 abstencións* (páx. 5528).

Votación da emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 48: *rexeitada por 23 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención* (páx. 5529).

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 40, 41 e 42: *rexeitadas por 23 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención* (páx. 5529).

Votación da sección 05 (Consellería de Economía e Facenda): *aprobada por 40 votos a favor, 23 en contra e ningunha abstención* (páx. 5529).

Suspéndese a sesión á unha e cuarenta minutos da tarde e reiníciase ás catro e trinta minutos da tarde.

Sección 06 (Consellería de Política Territorial)

Defensa das emendas: Sr. Trigo Durán (BNG) *defende as emendas núms. 49 á 158* (páx. 5529), e Sr. Baños Márquez (S) *defende as emendas núms. 43 á 224* (páx. 5533).

Rolda de grupos para fixar posicións: Sr. Trigo Durán (BNG) (páx. 5536), Sr. Baños Márquez (S) (páx. 5538) e Sr. Pensado Barbeira (P) (páx. 5539).

Rolda de réplica: Sr. Trigo Durán (BNG) (páx. 5541) e Sr. Baños Márquez (S) (páx. 5543).

O Sr. Trigo Durán (BNG) *intervén para unha cuestión de orde* (páx. 5544).

O Sr. Baños Márquez (S) *intervén para unha cuestión de orde* (páx. 5544).

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 49 á 158 (agás a núm. 156): *rexeitadas por 23 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención* (páx. 5544).

Votación da emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 156: *rexeitada por 10 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións* (páx. 5544).

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 43 á 224 (agás a núm. 44): *rexeitadas por 24 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención* (páx. 5544).

Votación da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia núm. 44: *rexeitada por 14 votos a favor, 41 en contra e 10 abstencións* (páx. 5544).

Votación da sección 06 (Consellería de Política Territorial): *aprobada por 41 votos a favor, 22 en contra e ningunha abstención* (páx. 5545).

Sección 07 (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Defensa das emendas: Sr. Tello León (BNG) *defende as emendas núms. 202 á 266* (páx. 5545) e Sr. Ventoso Mariño (S) *defende as emendas núms. 226 á 273* (páx. 5548).

Rolda de grupos para fixar posicións: Sr. Tello León (BNG) (páx. 5551), Sr. Ventoso Mariño (S) (páx. 5542) e Sr. Pita Varela (P) (páx. 5553).

Rolda de réplica: Sr. Tello León (BNG) (páx. 5556) e Sr. Ventoso Mariño (S) (páx. 5557).

O Sr. Ventoso Mariño (S) *intervén para unha cuestión de orde* (páx. 5558).

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 233 á 252 (agás a 234): *rexeitadas por 11 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións* (páx. 5559).

Votación do resto das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 24 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención* (páx. 5559).

Votación da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia núm. 244, 245, 246, 248, 249, 250; 252 ata a 256; 258 ata a 261; e as 263, 265 e 267: *rexeitadas por 14 votos a favor, 40 en contra e 11 abstención* (páx. 5559).

Votación do resto das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 25 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención* (páx. 5559).

Votación da sección 07 (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria): *aprobada por 40 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención* (páx. 5559).

Sección 08 (Consellería de Industria e Comercio)

Defensa das emendas: Sr. Vega Buxán (BNG) *defende as emendas núms. 267 á 279* (páx. 5539), Sr. Díaz e Díaz (S) *defende as emendas núms. 274 á 289* (páx. 5562).

Rolda de grupos para fixar posicións: Sr. Vega Buxán (BNG) (páx. 5565), Sr. Díaz e Díaz (S) (páx. 5566) e Sr. Lage Lage (P) (páx. 5567).

Rolda de réplica: Sr. Vega Buxán (BNG) (páx. 5570) e Sr. Díaz e Díaz (S) (páx. 5571).

O Sr. Presidente do Goberno *intervén por alusións* (páx. 5573).

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 267 á 279: *rexeitadas por 22 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención* (páx. 5573).

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 274 á 289: *rexeitadas por 21 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención* (páx. 5573).

Votación da sección 08 (Consellería de Industria): *aprobada por 38 votos a favor, 22 en contra e*

ningunha abstención (páx. 5573)

Suspéndese a sesión ás oito e cuarenta minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior e o letrado señor Caride Puente.

Ocupan o banco do Goberno os conselleiros de Agricultura, Gandería e Montes; de Cultura, e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

DEBATE E VOTACIÓN DO DICTAME EMITIDO POLA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E PRESUPOSTOS, NO PROXECTO DE LEI DE PRESUPOSTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA 1996.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

Para face-la presentación do Dictame ten a palabra o presidente da Comisión 3ª, don Manuel Ceferino Díaz e Díaz.

O señor DÍAZ e DÍAZ: Señor presidente, señoras e señores deputados, unha vez máis, e xa van unhas cantas, correspóndeme presenta-lo Dictame da Comisión de Economía sobre o Proxecto de lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1996. A este proxecto, que foi presentado en tempo e forma, presentáronse un total de 1.128 emendas. Destas, foron 157 ó texto da lei: 134 do Grupo Socialista, 20 do BNG e 3 do Partido Popular; e 971 emendas ó estado de gastos: 517 do Grupo Socialista, 12 do Popular e 442 do Grupo Parlamentario do BNG.

Ó estudio do proxecto e das emendas dedicáronse catro sesións de Ponencia e seis de Comisión, que serviron para que se aceptase un total de sete emendas ó articulado, tres delas do Grupo Parlamentario Popular, e se transaccionasen cinco. Neste trámite tamén se retiraron tres emendas por parte da oposición. Parte das emendas retiradas pola oposición refírense a aspectos contidos na nova Lei de contratos do Estado.

Polo que respecta ó estado de gastos, na elaboración do Dictame estudiáronse polo miúdo un total de 971 emendas, das que unicamente foron aceptadas 12, todas do Grupo Parlamentario Popular, e a oposición, nun xesto de xenerosidade non compartido, retirou unha, polo que quedaron pendentes de debate un

total de 958 emendas.

Deica agora pode dicirse que, agás correccións mínimas, en pouco ou nada se alterou o proxecto do Goberno, pero o trámite continúa e o Pleno soberano é o que debe decidir. Temas como o endebedamento, gastos inmateriais, subvencións, patrimonio das Cámaras Agrarias, potenciación dos sectores produtivos, etc., son a cerna do debate pendente.

Deica aquí o relatorio convencional dos feitos. Pero, señorías, por unha vez, e sen ánimo de sentar precedente, permítanme a interpretación destes feitos.

Desde os presupostos de 1981 van xa moitos presupostos discutidos nesta Cámara; discutidos e aprobados. Ano a ano, a través do presuposto vimos medra-la nosa autonomía. Deica o ano 1991, ano en que se materializa presupostariamente a transferencia do SERGAS, o crecemento presupostario foi espectacular e explicado sempre pola asunción de novas competencias. A partir do ano 1992, os presupostos medran de maneira regular e importante, pero xa sen grandes saltos. Isto é así porque os primeiros 90 son anos de crise económica, e nestes anos os presupostos medran porque o fan os presupostos do Estado -nós percibimos como financiamento unha porcentaxe dos ingresos do Estado- e tamén porque a Xunta de Galicia decide aproveita-las posibilidades do endebedamento como fonte de financiamento, e tira con forza da débeda pública. Os do 1996 son uns presupostos especiais, porque o endebedamento do conxunto das administracións públicas debe reducirse por acadar niveis que repercuten negativamente no conxunto da economía; isto é o que se di. Para acadar este obxectivo, o Goberno do Estado e os das autonomía concordan un escenario presupostario restrictivo para rebaixa-lo déficit público. Este feito fai que os presupostos do ano 1996 sexan definidos como uns presupostos restrictivos, ou sexa, uns presupostos con menos gastos, o que obriga a gastar mellor.

Ó longo dos últimos anos, a oposición centrou as súas emendas ó texto da lei en intentar delimita-la discrecionalidade do Goberno á hora de modifica-los presupostos e tamén á percura dunha maior transparencia e control do gasto. Neste campo hai que recoñecer que houbo unha importante aproximación de posicións e, así, as últimas leis de presupostos son

máis restrictivas no uso discrecional de fondos públicos por parte do Goberno e tamén nos controis de gasto presupostario. Se isto é así, ¿como explica-lo gran número de emendas da oposición? En primeiro lugar, poderíamos falar de afán de perfeccionismo pero, en segundo lugar, e sobre todo, porque segundo se avanzaba no control do gasto presupostario o Goberno avanzaba ó mesmo ritmo na creación de organismos que escapaban a estes controis; de aí, que a oposición apreta alí onde pode na lei, ou sexa, apreta no gasto controlable.

Polo que se refire ó estado de gastos, a oposición empezou por contrapoñer un presuposto alternativo para, pouco a pouco, irse quedando nunha maior concreción do estado de gastos proposto polo Goberno. Así, as emendas ó estado de gastos, xunto cunha filosofía presupostaria distinta, que afecta a unha maioría das emendas, á gran maioría, pretenden dar concreción a uns estados de gastos propostos polo Goberno cada vez de forma máis inconcreta. A uns presupostos cada vez máis abertos, nos que cabe case todo, a oposición responde cunha gran concreción na materialización do gasto, tentando delimita-la discrecionalidade, a improvisación e a instrumentalización. De tódolos xeitos, o que parece un diálogo de xordos non o é tanto. Moitas das propostas que a oposición viu un ano rexeitadas pasan a ser propostas do Goberno en presupostos posteriores. Algo é algo. De tódolos xeitos, o debate presupostario podería dar máis de si se nos convencesemos todos de que, ás veces, non sempre, en situacións difíciles coma a actual, o acordo é necesario, e se é necesario hai que facelo posible. E tamén que ceder ante razóns non é debilidade senón fortaleza.

Nada máis. Gracias pola atención prestada.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Comezamos co debate do articulado. Roldas dos grupos parlamentarios. *(Pausa)*.

Polo Grupo Parlamentario do BNG, ten a palabra o señor Vega Buxán.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señorías, certamente non podo menos que facer un primeiro comentario de carácter xeral sobre a perda de inte-

rese que a ollos vista ten o debate dos orzamentos no seo da opinión pública no noso país.

Alén de consideracións relativas ós cambios habidos no Regulamento desta Cámara sobre o debate desta cuestión, razoamentos que xa foron postos de manifesto noutras ocasións desde esta tribuna por distintos voceiros do grupo que eu aquí represento, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, existe outro factor que non convén desconsiderar, e é, sen dúbida, os efectos negativos que se derivan do uso dunha maioría absoluta de xeito inmisericorde por parte do grupo que apoia o Goberno da Xunta de Galicia. Xa temos dito noutras ocasións, pero convén repetilo cando comeza o debate deste trámite final dos orzamentos, que se se trata de trasladar mecanicamente a existencia dunha maioría aritmética nesta Cámara ós debates orzamentarios, de xeito que ó remate dos mesmos o volume de emendas incorporadas, das presentadas polos Grupos da oposición, é certamente simbólico, o efecto que se provoca ó longo dos anos é, sen dúbida, un desinterese por este debate porque, por dicilo así, é un debate que xa está cantado, o seu desenlace é sabido antes de empezar. Por iso, se calquera xornalista ou calquera persoa interesada na nosa sociedade nos preguntase hoxe, ou onte, antes de chegar aquí, como vai se-lo debate durante estes dous ou tres días, pois, como xa tivo lugar na Comisión 3ª, de Economía, xa se sabe. O Grupo Popular aceptará -de feito xa aceptou- no trámite de Comisión algunhas emendas da oposición ó articulado, pero algunhas, moi poucas, e xa direi despois algunhas das que acepta do noso grupo que características peculiares conteñen ou que circunstancia particular se dá nunha das emendas que acepta o Grupo Popular. Pero, desde logo, o Grupo Popular non aceptará tocar nin unha peseta do estado de gastos de cada unha das seccións que compoñen o orzamento, por máis que moitas das propostas que fai o noso grupo, e tamén o outro grupo da oposición, estean cheas de sentido común ou de razoabilidade e non haxa ningún motivo para que o Partido Popular se opuxese a algunha desas emendas. Sen embargo, existe unha sorte de “principio de autoridade” trasladado ó ámbito parlamentario, en virtude do cal non se pode consentir que un grupo da oposición vexa que prospera unha emenda no estado de gastos, porque iso establecería un precedente que cuestionaría ese principio sagrado da maioría que vostedes queren manter a toda costa, e transmitir á

opinión pública tamén esta mensaxe: aquí o que se move non sae na foto e, desde logo, non se pode mover, polo tanto, nin unha follá no debate das emendas ós orzamentos.

Feito este comentario inicial, que me parece pertinente á vista da experiencia -polo menos da persoal miña e da colectiva do noso grupo- ó longo destes anos, quereda esquematicamente referirme a algunhas emendas, ó sentido das emendas que presentou o noso grupo ó articulado do proxecto.

Algunhas delas son emendas que xa se presentaron outros anos, porque se hai algo que convén destacar é que o articulado dos orzamentos presenta unha liña de continuidade, do que supoño que ninguén dubida, respecto do presentado noutras ocasións e, nese sentido, o noso grupo presenta emendas, reitera emendas que xa presentamos noutras ocasións. Por exemplo, presentamos unha emenda contraria a que a Xunta leve adiante con absoluta discrecionalidade, ou cun grao de discrecionalidade que a nós nos parece francamente excesivo e non adecuado, a contratación de persoal laboral ó abeiro do capítulo VI dos investimentos. Esta é unha porta aberta, entendemos nós, entende o noso grupo, á discrecionalidade, á contratación arbitraria e ós favoritismos que poida levar adiante o grupo que ostenta o Goberno, e non só iso senón que tamén é unha fonte, eventualmente, de uso abusivo ou de dilapidación de recursos públicos. Nós presentamos emendas, xustamente, que intentan atallar eses defectos e fixa-las condicións con carácter máis restrictivo do que o fai o texto nesa materia.

Outra das emendas que presenta o noso grupo é unha emenda destinada a medra-las cantidades adicadas á RISGA, ó complemento variable da RISGA. Entendemos que nese terreo é necesario facer un esforzo por parte do Goberno, e facelo, ademais, para ser coherente co que se proclama ás veces de que se está a favor de mante-los gastos sociais, de non diminuílos. Atopámonos aquí cun aspecto bastante importante para demostrar ese suposto principio. Estamos a falar, como saben vostedes, dunha prestación pública cara a sectores da nosa sociedade moi necesitados de axuda pública, sectores que estarían situados nese famoso tercio ó que ás veces se alude, como consecuencia do proceso de dualización que a nosa sociedade tamén padece, non en exclusiva, pero que tamén

padece a nosa sociedade, de sectores empobrecidos da nosa sociedade, e non empobrecidos nin polo azar nin pola vontade dos propios suxeitos que padecen esa situación, senón, certamente, como consecuencia dun estado de cousas, dunha situación económica que non favorece a saída da marxinalidade ou desa situación preocupante por parte deses sectores. Pois ben, o esforzo que nós consideramos que se fai nos orzamentos é cativo e, nese sentido, debía ser un aceno e unha demostración pedagóxica, mesmo cara á opinión pública, do que se quere, dunha política que realmente fose de integración social, de recuperación deses sectores.

Claro, mentres o grupo maioritario non fai ningunha demostración, no caso da RISGA, dunha maior atención a eses sectores, dunha maior -chámémoslle- xenerosidade con eses sectores, sen embargo, vostedes manteñen no texto do articulado algo que nós emendamos, que é que no capítulo das subvencións que pode conceder-la Administración autonómica se lle concede un status especial ó presidente da Xunta, a través da Secretaría Xeral do presidente, en virtude do cal pode conceder un volume de subvencións, por unha cantidade superior á que poden conceder-los conselleiros sen ningún tipo de trámite publicitario previo. É dicir, é unha sorte -xa existiu noutros orzamentos- de marxe de manobra discrecional que posúe a Presidencia da Xunta en materia de subvencións.

Non é que neguemos nós, en xeral, o principio de que o presidente dun Goberno autónomo deba ter, certamente, unha marxe de actuación autónoma neste terreo, senón que nós o que pomos en cuestión é que xustamente nun ano no que se di que os orzamentos -non só se di, senón que é verdade- son restrictivos,... Perdón, é unha realidade que os orzamentos son restrictivos, e razónase ese carácter baseándose en que a Administración pública galega pasa por dificultades derivadas do contexto económico no que se vive, ademais doutras consideracións relativas ó contexto estatal, o planeamento da Administración central verbo da nosa autonomía, etc. Vostedes razooan, baseándose niso, o carácter restrictivo dos orzamentos e, sen embargo, non dan ningún exemplo práctico cara á cidadanía. O primeiro exemplo podería dalo o señor presidente da Xunta, e dicir: miren vostedes, para demostrar que estamos nun ano difícil, presupostariamente restrictivo, eu vou reduci-la miña marxe de actuación

no eido das subvencións e voume, por así dicilo, ata-lo cinto particular nese aspecto. Podíano facer vostedes -insisto- como un aceno, como unha demostración cara á cidadanía de que, efectivamente, son vostedes os primeiros en aplicarse esa propia medicina que se lle receita ó conxunto da sociedade. Pero vostedes perderon unha oportunidade de facelo.

Hai outro tipo de emendas do noso grupo que teñen que ver cun problema que vou tratar de analizar a continuación. Quen mire o articulado do proxecto dos orzamentos descubrirá algo que, nesta ocasión -tamén sucedía noutros anos-, respecto do ano anterior, sucede con maior intensidade. Hai varias disposicións adicionais nas que se modifican pola vía da disposición adicional diversos artigos da Lei de réxime financeiro e presupostario. Unha parte desas modificacións obedecen ós cambios que introduciu a existencia da Lei de contratos do Estado. Vostedes elixen, como fórmula para traslada-los efectos desa nova lexislación ó eido da lexislación autonómica, un procedemento que o noso grupo xa ten dito noutras ocasións que non lle parece pertinente. Non lle parece conveniente nin coherente nin serio proceder a unha progresiva modificación dunha lei tan importante como a Lei de réxime financeiro e presupostario, aprobada na anterior lexislatura nesta Cámara. Non lle parece serio ir modificando sucesiva e parcialmente esa lei a través da vía da Lei presupostaria. Formulen vostedes, dunha vez por todas, unha modificación desa lei, e reserven exclusivamente algunha modificación por esta vía para casos extraordinarios e certamente imprescindibles. Ese é o primeiro reproche de carácter, de filosofía, procedemental, á hora de enfrontarse cunha lei destas características.

Pero é que, ademais, en relación ás disposicións adicionais presentamos tamén unhas emendas que teñen que ver cun problema interesante, cremos nós, co problema dos efectos que se derivan da non existencia dun orzamento de ámbito estatal.

Cando o señor conselleiro de Economía, nunha das comparecencias que tivo na Comisión 3ª, mesmo antes do debate orzamentario en si mesmo, foi interrogado, foi demandado, por un voceiro da oposición respecto de que efectos consideraba que ía te-la que se prevía non existencia dun orzamento no ámbito estatal, o señor Orza contestou que ningunha, practica-

mente veu dicir isto, que ningunha ou ningunha relevante. Pero quen se achegue ós orzamentos, ó seu articulado, descubrirá unha disposición adicional que non existía o ano anterior, unha disposición adicional que concede unha ampla atribución ó Goberno da Xunta respecto da modificación, do axuste -como se di aí- dos cretos de gastos, en virtude de que non se cumpran as expectativas de ingresos. En prata, como non se sabe, como hai unha grande incertidume respecto do que, finalmente, ingresará a nosa Comunidade das transferencias procedentes do Estado por diversas vías, como non se sabe, como hai unha incertidume derivada da non existencia dun orzamento para o ano 1996, o Goberno da Xunta propón un artigo, unha sorte de caixón de xastre normativo, no cal vén dicir que ten potestade no futuro para facer cambios, para, por exemplo, recorta-los gastos previstos no orzamento, en función de que non teñan os ingresos previstos.

¿Que quere dicir isto? Quere dicir, señoras e señores deputados, que o previsto nestes orzamentos está sometido a un grao de incertidume moito maior que outros anos. Hai que dicir que pola experiencia de todos estes anos, a capacidade previsora demostrada polo Goberno da Xunta en materia de ingresos non é a mellor do mundo. Desde logo, é manifestamente mellorable a súa capacidade previsora, como xa temos comentado noutras ocasións nesta tribuna. Pero este ano vostedes xa se cubren as costas e veñen dicir: entre o que nós poñemos aquí e a realidade final, xa veremos cal é a relación, porque, como vostedes saben, se se cumpre o calendario político estatal previsto, e no mes de marzo hai eleccións xerais, vostedes deben saber que na hipótese máis optimista, desde o punto de vista temporal, estaríase discutindo no Parlamento do Estado os orzamentos, ¡que sei eu!, no mes de xullo. A fins de xullo poderían, no mellor dos casos, existir uns orzamentos.

É difícil pensar que a ningunha das forzas políticas eventualmente triunfantes nesa convocatoria se lle ocorra a esas alturas facer un orzamento para o ano 1996. O máis previsible é que fagan unha disposición que permita remata-lo ano 1996 mediante fórmulas transitorias, o cal incrementa a incertidume que xa existe sobre os ingresos da nosa Comunidade. E se xa neste ano a Xunta de Galicia tivo que proceder a un recorte, lémbrese que estamos nun ano no que a

Xunta procede a un recorte cunha contía de 16.000 millóns de pesetas, e non houbo ningún problema nos orzamentos do Estado, imaxínense vostedes o que pode ocorrer para o ano 1996, cando existe -xa digo- esta incertidume sobre o que finalmente vai percibi-la nosa Comunidade Autónoma dos ingresos procedentes do Estado.

Por iso nós emendamos esa disposición, precisamente porque queremos suscitar, por unha banda, este debate, e porque entendemos que é incoherente a postura defendida polo Partido Popular ó longo do debate desa materia, dicindo, primeiro, que non tiña ningunha repercusión, e logo, na práctica, demostrando que ¡claro que tiña repercusión esa situación!, e demostrando unha vez máis que o que vostedes, ou o grupo no que vostedes militan, fan no Parlamento do Estado e o que vostedes fan aquí, non ten a mínima coherencia esixida a unha formación que presume de ter sentido do Estado, sentido do país, ou tantas lérias ás que vostedes normalmente aluden nos seus pronunciamentos.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Vega.

Ten a palabra o señor Oujo Bello polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, señorías, o presidente da Comisión fixo unha exposición sintética, que nós compartimos na súa totalidade, do proceso levado a cabo a través das canles institucionais para traer esta lei a esta Cámara no día de hoxe.

Nós presentamos a estes presupostos, ademais das emendas á totalidade, unhas 600 ou 500 emendas, das cales 520 eran emendas ó estado de gastos, ou son emendas ó estado de gastos, e cento trinta e tantas son emendas ó propio articulado. De todas elas, foron transaccionadas ou aceptadas en Comisión unicamente sete emendas, e todas ó articulado. E digo isto como frontispicio da miña exposición, para referendar con datos as declaracións feitas previamente -como dixer- polo presidente da Comisión, na que primou o rechazo das emendas da oposición á súa asunción, ou incluso a súa análise detallada.

Estamos nunha situación de normalidade práctica

do actual Goberno da Xunta, que se repite reiteradamente, exercicio económico tras exercicio económico. No debate de hoxe poderíamos dicir que estamos ante a crónica dunha votación anunciada. Moi probablemente -e deixo esta caución por motivos pragmáticos- as votacións finais de tódalas emendas sexan un reflexo perfecto do que pasou en Ponencia e en Comisión e, probablemente -ogallá non sexa así-, tódalas emendas seguirán o mesmo camiño do rexeitamento.

Pero, ¿cal é a xustificación básica fundamental das nosas emendas ó articulado, que é o que estamos a tratar neste momento? Pois, creo que é conveniente centra-lo tema e recordar, aínda que sexa brevemente, dentro das limitacións de tempo, como son estes presupostos. É necesario fixa-los datos técnicos, os datos económicos, para xustificar globalmente as nosas emendas ó articulado, e despois, dentro do tempo estatuído, facer un resumo das mesmas e da súa significación.

Creo que é importante recordar, en primeiro lugar, que a cifra oficial dos ingresos previstos para o exercicio de 1996 son case 820.000 millóns de pesetas. A esta cifra de ingresos temos algo que obxectar, e direino oportunamente nunha emenda específica ó articulado. Pero as nosas críticas diríxense á distribución específica dos créditos para gastos. Así, chama a atención que as consellerías eminentemente investidoras teñen un decrecemento substantivo con respecto ó exercicio do ano 1995. Así, é a título referencial, unha Consellería eminentemente investidora, como é a de Política Territorial, ten un decrecemento de case o 15%, e quero recordar que o ano pasado tiña tamén un crecemento negativo. A Consellería de Industria ten un decrecemento superior ó 11%. A Consellería de Agricultura decrece case un 9%. A Consellería de Cultura case o 9%. A Consellería de Sanidade case un 3%.

O crecemento global dos presupostos consolidados, é dicir, incluíndo SERGAS, SEGAPIHOM, IGA-EM, etc., é do 3,7%. Pero aínda chama máis a atención que a distribución por capítulos, dos gastos, reflicta unha constante que estamos vendo reiteradamente no actual Goberno da Xunta de Galicia. Un crecemento por riba do crecemento medio dos presupostos nos denominados gastos correntes e gastos de

persoal. Nós non somos maximalistas e recoñecemos a necesidade do gasto corrente ata certos límites, pero cando as tendencias crecen moi por riba do crecemento medio é cando nós empezamos a criticar frontalmente a disposición dos propios presupostos.

Os gastos de persoal crecen case un 6%, os gastos correntes por riba dun 8%, transferencias correntes case un 7%, gastos financeiros un 15% e, señores deputados, os investimentos reais decrecen globalmente máis dun 18%. Pero cando nos metemos debaixo da caixa dos investimentos reais, vemos que tamén teñen esta tendencia tódolos gastos de investimento novo e de reposición. Nembargantes, os denominados gastos inmateriais, que é a caixa onde están tódalas partidas de promoción de estudos técnicos, de propaganda, de campañas institucionais, crecen máis do 4%. E tamén as denominadas transferencias de capital decrecen case un 8%. É dicir, estamos nuns presupostos nos que os conceptos de gastos correntes, de transferencias correntes, crecen moi por riba do crecemento presupostario en detrimento das partidas simplemente investidoras.

Na distribución territorial reflíctese a tendencia da Xunta de Galicia, pero agrávase con respecto ás provincias do interior. Se no ano 1994 a provincia de Lugo tiña un investimento de 18 pesetas de cada 100, e a de Ourense de 15, no ano 1996 a provincia de Lugo ten un investimento, de cada 100, de 11 pesetas, e a de Ourense soamente de 8 pesetas. Hai, polo tanto, un investimento que é a metade do existente no ano 1994. Esta tendencia, como xa dixemos en Comisión reiteradamente, de non cambiala vai crear graves problemas de desequilibrios interterritoriais dentro de Galicia.

Con respecto á débeda pública, por primeira vez os gastos previstos de amortización de intereses superan a débeda pública prevista en dous mil e pico millóns de pesetas. Isto quere dicir que, practicamente, a débeda pública é "absorbida" -e digo absorbida entre aspas- polos gastos determinados. De cada 100 pesetas, este ano, 78 van a gastos correntes e soamente 22 van a operacións de capital.

Con este panorama presupostario, o noso grupo preparou as emendas ó articulado. Hai emendas, señorías, que intentan actuar directamente para diminuí-

los desequilibrios interterritoriais existentes en Galicia. Téntase crear unha infraestrutura básica naquelas comarcas e naqueles concellos que teñen baixa renda. Intentamos equilibra-lo que os presupostos da Xunta desequilibran. Intentamos que se tomen accións importantes para o desenvolvemento da economía galega, potenciando os sectores productivos e incidindo directa e substantivamente na creación de emprego e no mantemento de postos de traballo. Todas estas medidas van reduci-lo paro existente en Galicia.

Intentamos tamén -propuxémosllo ó Goberno e foi rexeitado- a creación dun consorcio alimentario galego e un consorcio para a comercialización de produtos agropesqueiros. Pretendemos desde aí incidir no sector primario para a comercialización, para poder ser competitivos, para poder ter unha relación calidade/prezo asumible polo resto dos consumidores do Estado ou, incluso, dos europeos.

Queremos un maior control parlamentario, un maior e máis rigoroso control parlamentario. Queremos evita-la problemática existente nos grupos parlamentarios ocasionada pola dilación ou pola non remisión ou reenvío de información pola Xunta de Galicia en asuntos que nós consideramos fundamentais. De aí, que varios artigos da Lei de presupostos foran emendados pola nosa parte, co obxecto de buscar un maior control parlamentario automático, co fin de que a Xunta de Galicia remita certo tipo de documentos periodicamente a esta Cámara para a súa análise e para o seu control.

Con respecto ós temas de persoal, as nosas críticas fundamentais inciden nos denominados complementos de produtividade e gratificacións por servizos extraordinarios fóra da xornada laboral. Queremos que isto se faga con total transparencia e con total obxectividade. Queremos te-las garantías suficientes de que estas partidas presupostarias non se apliquen nesgada nin tendenciosamente, e neste momento procesual, ó non ser aceptadas as emendas que nós presentamos, non temos esas garantías. Polo tanto, señorías, maior rigorosidade, maior transparencia, maior obxectividade neste tipo de complementos.

Igualmente somos moi críticos coa contratación laboral con cargo a investimentos. Se os investimentos decrecen substantivamente con respecto ó exercicio

do ano 1995, non se pode detraer practicamente nada a través desta figura de contratar persoal laboral con cargo a investimentos. E, se se fai, hai que busca-las medidas que garantan que se fai porque non queda máis remedio que facelo. De aí un paquete de emendas nosas tendentes a garanti-la obxectividade e a rigorosidade neste tipo de contratacións. E, evidentemente, hai unha emenda clarísima: queremos que non se faga ningunha contratación de persoal con cargo ós denominados investimentos de carácter inmaterial. Lamentablemente, este paquete de emendas foi rexeitado.

Con respecto á débeda pública, quero dicir e recordar unha vez máis que o noso Estatuto fixa claramente que a débeda pública debe ser para investimentos; non cabe outra opción. Unicamente a Lei financeira, modificada polo actual Goberno, fala de operacións de capital, vai incluído aí o capítulo VII, pero o noso Estatuto pide claramente que sexan para gastos de investimento. Esa é tamén unha teima que recordamos reiteradamente, porque non témo-las garantías de que se faga así. Non hai garantías nin claridade suficiente para ter unha absoluta seguridade de que se utiliza a débeda pública para gastos de investimento, como di o noso Estatuto. Tamén queremos, con respecto a esta débeda -sómo-la quinta Comunidade do Estado en débeda pública viva, que supera os 300.000 millóns de pesetas- que se cree un Plan especial de amortización urxente da débeda pública. ¿E como? Intentando que aqueles créditos, salvo os de carácter social ou asistencial, que non se executen nunha data determinada a última é o 15 de decembro- formen un paquete para a amortización urxente da débeda pública viva.

Con respecto ás taxas rexeitamos, porque non está minimamente xustificada, a subida lineal que fai o Goberno dun 6%, cando a subida ós funcionarios é do 3,5 e, incluso, non fai referencia ó IPC. Nós poñemos unha alternativa buscando un crecemento, pero menor do que propón o Goberno e, desde logo, moito máis xustificado. Opoñémonos clara e frontalmente á creación de novas figuras de taxas que veñen introducidas de paquete a través dos propios presupostos da Comunidade Autónoma. Presentamos múltiples emendas a estes incrementos, que moitas delas superan o 6, o 20, o 30 ou o 40% e, incluso, novas figuras de taxas, pero foron, lamentablemente, rexeitadas po-

lo grupo maioritario.

Non estamos de acordo co procedemento que se está a seguir reiteradamente coa modificación da Lei financeira. Quero recordarlles ás súas señorías que desde que está esta nova lei en vigor, desde o ano 1992, asistimos en cada exercicio presupostario á modificación desta Lei financeira. É o propio Goberno quen dubida da propia Lei; de aí que, necesariamente, veña ano tras ano facendo a súa modificación. Nós queremos que se faga doutro xeito. Se hai que modificar a Lei financeira, que o Goberno remita un proxecto de lei a esta Cámara, que se analice e que siga os trámites parlamentarios. Evidentemente, tampouco nos parece axeitado que se adecúe urxentemente a esta lei a Lei de contratos do Estado pola vía dos presupostos, como unha emenda adicional máis a esta lei.

Queremos unha maior precisión, concreción e control dos denominados gastos menores. Queremos que non haxa posibilidade ningunha de que estes gastos se utilicen para un fin distinto do que está previsto, como pode se-lo fraccionamento da compra, para intentar que unha compra que excede o propio custo se reduza e poida ser considerada como gasto menor de fácil intervención. Igualmente, as denominadas subvencións correntes atípicas, que atinxen á Secretaría do presidente e ás consellerías. Queremos que se reduzan e que teñan un maior control e maior transparencia.

Maior control dos investimentos inmateriais e a publicidade da Xunta de Galicia. É a única partida que medra -repito-, e queremos un maior control parlamentario automático, que haxa transparencia e que se publiquen no DOG as partidas fundamentais de gastos inmateriais para saber claramente onde se gastan, como se gastan e con quen se gastan.

Un maior control en determina-las novas sociedades públicas. Estamos a ver que se está creando unha especie de tea de araña, unha organización paralela entre fundacións e sociedades, incluso non prevendo na Lei presupostaria as novas sociedades do próximo exercicio. Queremos que calquera nova sociedade que se poida crear veña ó Parlamento con tempo suficiente para facer unha análise detallada da mesma.

Con respecto ós ingresos, hai que dicir que a disposición adicional oitava é un colchón que preparan para posibles caídas. Non se ten en conta a situación

da prórroga dos presupostos xerais do Estado, e unha pregunta miña que lle fixen ó señor conselleiro antes de que se prorrogasen, na Comisión de Economía, era se ían incidir nos presupostos que se estaban a realizar. Contestou claramente que non ían incidir, que estaba todo previsto, que non había problema ningún. Nós temos dúbidas suficientes para pensar que os ingresos veñen inflados porque están poñendo os ingresos por transferencias do Estado coma se non estivesen prorrogados. Esta é unha dúbida da que falamos en Comisión e que sigo tendo.

Os capítulos de ingresos, que nós saibamos, non reflicten a prórroga do presuposto, e creo, señor conselleiro, que é o momento oportuno para que vostede veña aquí e diga se é correcto ou non é correcto que na previsión de ingresos, que non obrigan, evidentemente, ó Goberno, se teña ou non se teña en conta a previsión de prórroga dos presupostos do Estado.

Igualmente -e xa remato, señor presidente- consideramos que as partidas da RISGA e as contías complementarias non son suficientes para a situación económica destas familias. Nós pedimos tamén a súa modificación, de xeito que se suban as que están previstas polo propio Goberno da Xunta de Galicia.

Remato xa dicindo que no articulado, dada a problemática que existe nalgunha comarca, nós presentamos algunha emenda puntual con respecto a accións que debe toma-lo Goberno na Ferrol Terra e nalgunha comarca do interior. Lamentablemente, tamén foron rexeitadas.

Nada máis, señor presidente. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Oujó.

Ten a palabra o señor Egerique Martínez polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor EGERIQUE MARTÍNEZ: Gracias, señor presidente. Señorás e señores deputados, correspóndeme nesta rolda de intervención posicionar-lo Grupo Popular con relación á Lei de presupostos que estamos a debater. Permítanme, sen embargo, con anterioridade, facer algunha observación sobre as intervencións de carácter xeral feitas polos portavoces que me precederon no uso da palabra, posto que a contestación ás emendas parciais será obxecto dunha segun-

da intervención.

Comezaba este ano o señor presidente da Comisión de Economía facendo unha análise detallada da lei, análise que, en xeral, eu comparto en canto á filosofía que presidiu ós debates en Ponencia e en Comisión, pero fixo unha referencia á posibilidade de que se ben na lei cada vez se perfecciona mais a posibilidade de evita-la discrecionalidade da Xunta -do Goberno- no seu gasto, é dicir, hai un maior control parlamentario, adóptanse outras vías, a través de sociedades, fundacións, etc., quizais para escapar dese control.

Eu quixera recordarlle que, á parte do control a que están sometidos estes entes, terán, digamos, unha maior axilidade na súa actuación, pero non por iso están exentos de control, tanto da Intervención Xeral coma do Consello de Contas. Quero recordarlle que o Consello da Xunta aprobou recentemente, e virá ó Parlamento, un Proxecto de lei sobre contratación e persoal das empresas públicas, fundacións e entes públicos en xeral, onde, polo que eu sei dese proxecto, en liñas xerais se establecen os principios de obxectividade, de concorrencia e de control, tanto no que respecta ó tema de persoal como ós referidos a tódolos gastos.

O señor Vega na súa intervención, antes de defendelas súas emendas fixo unha análise de carácter xeral sobre o que deu en chamar crónica dunha votación anunciada, sobre a maioría mecánica que determina un desinterese polo debate presupostario. Eu quixera poñer de relevo que antecedentes non moi lonxanos de proxectos debatidos nesta Cámara puxeron de relevo como hai ocasións e hai cantidade de proxectos nos que o Grupo Popular acepta e é receptivo ás emendas preparadas pola oposición, e poden consensuarse textos. Na Comisión de Economía levámo-los dous días últimos elaborando o Dictame da Comisión da Lei do imposto da contaminación atmosférica, e penso que ningún grupo parlamentario poderá poñer en dúbida o interese do Grupo Popular en acadar acordos e en aceptar emendas da oposición.

Creo que o tema de presupostos é unha cuestión diferente. Os presupostos son o reflexo numérico para un ano, dos gastos previstos pola Xunta de Galicia, e así como na Lei si se aceptan emendas, que non se

acepten no estado de gastos non quere dicir que as emendas da oposición non sexan moitas delas correctas, racionais, e podían ser, incluso, asumibles, quere dicirse que, en definitiva, o Goberno mantén o seu esquema para ese concepto de gastos e, en consecuencia, penso que vulgar por este trámite e por este proxecto toda a actuación do grupo parlamentario para cualifica-la súa actuación de puramente mecánica non responde exactamente á realidade.

O señor Oujo antes de proceder a defende-las emendas parciais fixo practicamente un relatorio que reproducía, en certo sentido, o debate de totalidade. Pero eu queredía facer fincapé nun tema que el formulou como pórtico das emendas que mantén o seu grupo. En efecto, dentro dun presuposto restrictivo, que desde o primeiro día está recoñecido que é así, o Goberno galego priorizou clarisimamente os seus investimentos e os seus gastos. A COTOP, neste sentido, é unha das consellerías que máis baixan nos investimentos, porque nesa priorización os gastos de carácter social e os gastos de carácter productivo, de apoio ás empresas, do IGAPE, etc., son fundamentais, e practicamente case non se reducen desde o ano pasado. Houbo unha aposta do Goberno polos temas de carácter social, de mantemento e mellora deses gastos, de mantemento dos gastos para investimento productivo, de apoio ós grupos estratéxicos, e unha diminución no investimento do que son puramente as infraestruturas. Iso así está recoñecido e por iso se optou este ano, tendo en conta o esforzo investidor de infraestruturas que se fixo durante os exercicios pasados.

Ó fío destas observacións sobre as intervencións dos señores portavoces, e deixando, por suposto, para unha segunda rolda a contestación ás emendas parciais, tal e como está ordenado o debate, quero empeza-lo posicionamento do grupo respecto da lei manifestando que a Lei de presupostos, a medida que van pasando os anos, é unha lei que, se non está consensuada, si está cada vez máis admitida por tódolos grupos, é isto é así desde que no ano 1992 foi aprobada a Lei de xestión ou a Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia. E non pode ser doutra maneira porque, nesa evolución, tanto as modificacións que vai facendo o Goberno como as emendas que se van aceptando da oposición, van creando un corpo legal que practicamente se mantén como marco xurídico

para o seguinte presuposto ano tras ano.

Houbo debates de fondo outros anos, como eran os referidos ás modificacións presupostarias, nos que debatíamos sempre a fondo o tema, e hoxe é unha cuestión practicamente asumida tal e como está incluída no proxecto de lei. As diversas cuestións de persoal, as referidas ós artigos de contratación, o interminable tema, en xeral, das subvencións, etc., quedan agora reducidos a emendas practicamente testemuñais, o cal quere dicir que a lei está cada vez máis aceptada.

En definitiva, se observamos realmente as emendas ó articulado, as emendas de fondo maiores non son emendas que modifiquen ese articulado, aínda que tamén as hai, senón que son emendas que engaden artigos bis, parágrafos, creación de consorcios, creación dun multiusos en determinada cidade, que o Parlamento ten que ter autorización previa para poder allear inmobles por máis de 300 millóns de pesetas, que modificaría a Lei de patrimonio, etc. Son engadidos á lei de presupostos, ó propio articulado, pero o que se di modificar substancialmente o articulado, cada vez son menores, e así deben se-las emendas, porque a evolución da propia lei vai facendo que haxa un texto consolidado no que cada vez -creo- estamos todos máis de acordo.

Se facemos un repaso concreto da lei, vemos como, en efecto, o artigo dedicado ás modificacións presupostarias -como digo-, antes tan debatido, ten en conta hoxe unha serie de temas que falan de incorporación, xeración e ampliación de créditos para temas tan evidentes que é necesario prever, como pode ser ter que responder dun aval en caso dunha quebra, ou como pode ser ter que responder dunha cantidade distinta en caso dun cambio ou alteración dunha divisa para facer un pago en divisas. Son previsións totalmente claras e aí están incluídos.

Dentro do capítulo III da Lei de presupostos creo que hai un artigo importante, referido á vinculación de créditos, onde profunda *motu proprio* o Goberno na propia disciplina do gasto, e incluso se vinculan como subconcepto practicamente tódolos capítulos do propio concepto, e se establece un criterio máis restrictivo do que establece a propia Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

O Título II refírese a gastos de persoal. Neste capí-

tulo, antes moi emendado, agora as súas emendas céntranse na contratación con cargo a gastos de investimento. Artigo que, por certo, foi perfeccionándose e aceptándose emendas da oposición -concretamente do Grupo dos Socialistas foron aceptadas-, e este ano por primeira vez -o señor Vega refírese a este artigo- foi emendado polo Bloque cunha emenda de supresión, cando realmente este artigo foi moi mellorado a través de modificacións introducidas polo propio texto e por emendas que xa noutros anos foron aceptadas.

O Título III fala das operacións financeiras, e penso que neste título, no artigo referido ós avais, chegamos a un acordo importante, tendo en conta, ademais, que esta política de avais está potenciada pola Xunta de Galicia ó elevar a 23.000 millóns a cantidade total de avais que poden ser dados entre o IGAPE e o propio Goberno galego. Aí chegamos a un acordo importante.

No tema da débeda practicamente non hai ningunha emenda que fale de que se dedique a gastos de investimento, porque xa se sabe que se dedican a ese tipo de gastos. A lei segue a técnica da Lei financeira de establece-lo concepto de variación da posición neta debedora da Comunidade ó principio e ó final do exercicio, establecendo a variación desa posición, mentres que hai unha emenda que fala da posible total emisión, entendendo pola nosa parte que é moito máis correcto o criterio seguido polo Goberno, de acordo co establecido na propia Lei de réxime financeiro.

Quizais, sexa oportuno falar dun tema no que o señor Oujó insistiu bastante nos trámites, que é o que fai referencia ás informacións que o Goberno debe remitir ó Parlamento ou aquelas cuestións que deben ser publicadas no Diario Oficial de Galicia. Penso que é un tema que ten que arranxarse, porque cada ano hai máis de vinte emendas referidas a esta cuestión. Na Lei financeira establécense cantidade de supostos -entre eles tódalas modificacións presupostarias- nos que o Goberno está obrigado a comunicar esas modificacións á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos. Existen casos, como nos avais, que está obrigado a publicalos; por exemplo a concesión de avais, publicados no DOG.

Admitido o ano pasado que os avais foran tamén comunicados á Comisión de Economía, este ano faise

unha emenda na que se di que se remitan, pero detalladamente. Ou sexa, que estamos nun saco sen fondo no que hai gran cantidade de emendas que van dirixidas a pedir esa información. Parece como se a negativa a aceptar esas emendas fose, por parte do grupo maioritario, para establecer que o Parlamento non saiba de que vai a execución dos presupostos. Eu quero desfacer esa imaxe porque, realmente, o Parlamento recibe unha información exhaustiva e completa de todo o referido á execución dos presupostos. É evidente que cada ano poderá pedirse maior información en máis cuestións, pero penso que é un tema dunha transcendencia importante como para que, dalgunha forma, intentemos -se pode ser- chegar no seu día a algún acordo respecto a onde concentrar esas notificacións que o Goberno ten que facer, porque -insisto- parece que nega-la aceptación das emendas que hai no presuposto quere dicir que o Goberno se nega a dar información, cando é todo o contrario. A información é, ata o momento, exhaustiva en todo o que corresponde á execución do presuposto, modificación do presuposto, emisión de débeda, avais, etc; o que pasa é que sempre é posible pedir máis.

O Título V trata da xestión presupostaria e, dentro dos artigos que a conforman, adaptanse estes artigos -o contido dalgún deles- á nova Lei de contratos das administracións públicas, prevéndose diferentes modificacións relativas á aprobación de gastos de investimento polo Consello da Xunta.

A min gustaríame facer aquí unha referencia a este novo contrato, a esta nova Lei de contratos das Administracións públicas que obrigou a cambiar algún artigo da Lei financeira, ante o que se queixaran as súas señorías por dicir que o procedemento non era adecuado, que non é correcto que pase vía Lei de presupostos, que hai que anticiparse e facer, dunha vez por todas, unha modificación da Lei financeira.

Se a modificación responde a unha Lei de contratos do Estado que ten carácter básico, ¿como é posible que se pida unha modificación previa antes de coñecer esa lei que é a que obriga a face-la modificación? A Lei financeira non se modifica por capricho, realmente tivo ata agora mínimas modificacións. En xeral, fixéronse o ano pasado para establecer un control no tema das sociedades públicas e este ano para adaptala á Lei de contratos do Estado, o que quere di-

cir que non hai ningunha vontade de modifica-la Lei financeira porque si.

En definitiva, creo que considerando os presupostos do ano 1996 como uns presupostos restrictivos, nos que se priorizou o gasto da forma anteriormente exposta, o proxecto de lei que agora debatemos, de acordo con todo o dito, é un marco xurídico adecuado para a eficaz e transparente xestión do propio presuposto. Neste sentido, o Grupo Popular vai apoiar-lo Dictame da Comisión tal e como vén, despois de aceptadas diversas emendas nese trámite, e nunha intervención posterior tratarei de contestar, coa profundidade que o tempo permita, as diversas emendas defendidas no anterior trámite polos señores portavoces.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Egerique.

Rolda de portavoces. *(Pausa).*

Ten a palabra o señor Vega Buxán.

O señor VEGA BUXÁN: Gracias, señor presidente. Señoras e señores deputados, nesta intervención, como é pertinente, vou falar brevemente respecto das emendas presentadas polo Grupo Socialista. Teño que dicir que, basicamente, o noso grupo está de acordo coas mesmas, agás algunhas matizacions pouco relevantes pero, sen dúbida, tamén reais.

Compartimos, en todo caso, a liña de fondo que latexa nas mesmas, ou algunhas das liñas de fondo que latexan nas mesmas como, por exemplo, tal e como se referiu o voceiro do Grupo Socialista nesta tribuna, a preocupación por reforza-lo control parlamentario respecto dos actos do Goberno en materia orzamentaria.

O señor voceiro do Grupo Socialista supoño que será sensible a unha cuestión que se podería formular como unha pregunta. A pregunta sería: ¿hai exceso ou hai déficit de control parlamentario? Se fixemos caso dalgunhas opinións vertidas hai pouco tempo desde esta tribuna e noutras ocasións desde este foro, diríamos pouco menos que aquí hai un exceso de control parlamentario. Pedimos non só o posible senón o imposible, case como no maio do 68 francés,

sen embargo, esa opinión non resistiría un contraste coa realidade. Non é verdade que exista un exceso de control, non é verdade, porque o control non é só que figure nos textos dos orzamentos tal ou cal esixencia respecto do Goberno, control tamén é que o Goberno cumpra iso que di o papel, e a oposición, xustamente, quere reforza-lo que pon o papel porque está comprobando que o Goberno non cumpre o que di o papel.

Voulles contar un caso que antes me esquecín de comentar e que afecta a este grupo parlamentario. Este grupo parlamentario presentou nos orzamentos do presente ano -que se discutiron hai un ano nesta Cámara- unha emenda a un artigo dos mesmos que fai referencia ás normas de xestión do chamado Plan intersectorial de competitividade. A emenda propoñía que esas normas que desenvolvían a xestión dos famosos programas 7.3.1.a) e 7.3.1.b) fosen dictadas pola Xunta no primeiro cuatrimestre do ano 1995. Esa emenda foi aceptada polo Grupo Popular e incorporada, loxicamente, á letra da lei. Chegado o momento, ¿saben vostedes cando se desenvolveron esas normas por parte do Goberno da Xunta, publicadas no mes de agosto? ¡Catro meses despois do previsto! Evidentemente, ¿cal era a intención do BNG cando propuxo esa emenda? Reforza-lo control parlamentario, o control dos grupos, o control, en xeral, da opinión pública que puidese ler ese texto sobre a acción do Goberno. Evidentemente, o BNG, visto o visto, tería que dicir: “Hai que reforzalo moito máis, porque vostedes non cumpren a lei”. E, jollo!, aquí falamos de non cumprir unha disposición normativa cunha alegría digna de mellor causa, porque todos vostedes saberán, como xa comentei en Comisión, que aquí case houbo unha guerra social en Vigo porque o Celta ía ser descendido a segunda B -inxustamente, opino eu- por non cumprir unha disposición legal relativa a un aval. Por non cumprir unha pequena disposición legal, un club de fútbol ía ser descendido, e pouco menos que se provocou unha revolución social nesa cidade e mesmo no noso país. E, sen embargo, aquí non se cumpre un artigo -e non só este que dixeran, tamén outros- dunha lei e non pasa nada na sociedade, o cal é lamentable, pero ás veces é que non pasa nada neste Parlamento. Nós non imos permitir que non pase nada, pero quero dicir que está totalmente xustificado este celo controlador da oposición, totalmente xustificado porque, ademais -e este é un lugar común de calquera analista político-, alí onde hai unha maioría ab-

solta debe de haber fortes controis parlamentarios, e non debe existi-lo temor de pasarse en control parlamentario cando hai unha maioría absoluta porque a tendencia natural de quen ocupa un Goberno avalado pola maioría absoluta -a tendencia natural- é comportarse de xeito absolutista. De aí -repito- que compartamos esa liña de fondo que caracteriza esa emenda do Grupo Socialista, e agás algunhas matizacións que na hora da votación manifestarei, imos apoialas.

Nada máis.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, García Leira).

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Vega.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: Moitas grazas, señor presidente.

Quero dicir que neste momento procesual nós imos mante-la tónica que tivemos no trámite de Comisión con respecto ás emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do BNG, dado que os obxectivos son comúns e as matizacións son practicamente mínimas. Non hai grandes diferencias de peso porque estamos ante unha lei eminentemente económica e de duración anual.

Quero dicir que as emendas do BNG, coma as nosas, son emendas de fondo. Hai algunhas que non son tan substantivas, pero hai moitas emendas de fondo e emendas novas. Hai emendas que, como dixeran na primeira exposición, tenden a reducir desequilibrios interterritoriais existentes en Galicia. Intentan un maior e máis rigoroso control parlamentario, que é importantísimo. Intentan que o procedemento que se vaia seguir nas modificacións das leis se faga de acordo cos cauces estatuídos no propio Regulamento do Parlamento de Galicia, e que non se cambie, ano tras ano, a Lei de réxime financeiro como se está facendo. Emendas que tratan de potencia-lo tecido industrial galego e reduci-lo paro.

De acordo cos datos subministrados pola Xunta, non podo estar de acordo co señor Egerique, que di

que soben as partidas presupostarias. Podo dicirlle que as partidas de apoio á actividade económica comprenden: agricultura, gandería, pesca, industria, enerxía, minería e turismo. Estas, que son o total de sectores productivos, decrecen un 10% con respecto ó ano anterior, e o total, dos sectores productivos mailo total de reordenación industrial e desenvolvemento empresarial, en total decrecen un 2%. Para o ano 1996 son 54.903 millóns de pesetas, e para o ano 1995 eran 55.904 millóns de pesetas. É dicir, non é certo que se apoie máis a empresa neste exercicio, segundo os datos dados pola propia Xunta de Galicia, que son os que nós utilizamos para a nosa elaboración matemática e análise puntual dos presupostos.

Estou de acordo co que di o señor Vega Buxán en canto a que non hai exceso de control presupostario: hai déficit de respostas do Goberno, hai cicatería na transmisión de información a esta Cámara. Miren vostedes, a título de exemplo vou citar catro que están pendentes de remitir información a esta Cámara, solicitadas polo noso grupo, referentes ás fundacións e ás sociedades públicas. Hai unha petición do 28 de outubro do ano 1994, ó abeiro do artigo 9 do Regulamento, que está sen contestar. Hai outra petición do 30 do 12 do 94, vai facer un ano, tamén sobre o mesmo tema, a través do artigo 9, e tamén está sen contestar. Hai outras máis recentes, unha do 7 de marzo de 1995 que está sen contestar, e unha próxima, do 10 de outubro, que tamén está sen contestar. Así mesmo, hai que recorda-la insistencia que algúns portavoces do noso grupo, como é o señor Gato Soengas ou o señor Cortizo, dicindo que non hai resposta da Xunta ó control. Polo tanto, non se pode dicir que hai control suficiente, nin moito menos. Hai respostas insuficientes, *cicateras*, un gran déficit destas. O Executivo non quere control parlamentario *motu proprio* porque, incluso, cando se articulan os mecanismos parlamentarios para pedi-la información non a contesta, como acabo de dicir, e isto está nos arquivos do Parlamento, nos arquivos da xestión parlamentaria, señores. Información que nós cremos fundamental para facer unha análise das fundacións, das sociedades públicas, tarda máis de un ano en contestarse, e este é un feito indiscutible e, lamentablemente, non podemos neste sentido, señor Egerique, compartila súa exposición.

Tamén hai que dicir que é certo que, ó longo do proceso, se vai mellorando a técnica de xestión parla-

mentaria, pero hai iniciativas que intentan modular ese exercicio económico anual e hai iniciativas de fondo, para poñer uns cauces estatuídos, para accións dinámicas da Xunta de Galicia, en territorios que están desasistidos, sobre todo con carencia de servizos fundamentais, de baixa renda e, incluso, de pouca actividade industrial ou empresarial.

Por iso, señor presidente, nós, entendendo o sentido das emendas do BNG, emendas que algunhas son en profundidade, que tenden, como digo, a estes principios básicos de maior control parlamentario, de maior transparencia, de maior seriedade na execución dos presupostos, imos apoiar todas elas, como fixemos en Comisión, porque houbo unha emenda, na cal nos abstivemos, que seica non quedou xa para o Pleno. É un pequeno matiz, pero, de todos xeitos, a filosofía global das emendas presentadas polo BNG coincide en moitos casos coa nosa e, nese sentido, ímolas apoiar.

Nada máis, señor presidente. Moitas grazas.

(Ocupa a Presidencia o seu titular).

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Oujo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Egerique Martínez.

O señor EGERIQUE MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, eu penso, realmente, despois das intervencións habidas, que o *animus controlandis* é tan esaxerado que leva a confundi-lo que é a información que hai que subministrar, vía Lei de presupostos, das actuacións do propio Goberno galego, con se hai preguntas contestadas puntualmente, tema que xa foi obxecto de debate nesta Cámara reiteradamente, e que, desde logo, se desvíu un pouco do que na Lei de presupostos debatemos, en canto a cuestións que o Executivo debe informar ou debe trasladar, se é o caso, ó Parlamento, ó ser publicado no DOG ou, en calquera caso, teña un coñecemento público. Creo que, nese sentido, tanto a Lei financeira coma a propia Lei de presupostos establece unha serie de notificacións, de comunicacións á Comisión 3ª, polo que en ningún caso pode dicirse que non haxa

un auténtico control parlamentario.

Eu quero facer referencia a unha cuestión exposta polos dous portavoces, cal é a non existencia de orzamentos de ámbito nacional. Creo que o conselleiro, na primeira comparecencia que tivo, deixouna clara, pero foi mal interpretada, indubidablemente, polo portavoz.

A previsión de ingresos que hai actualmente nos presupostos da Xunta de Galicia está en función do que seran os presupostos do Estado, porque hai que pensar que se os presupostos do Estado non se vai elaborar, pero vai haber un decreto lei que vai prorrogar ou admiti-lo aumento do soldo dos funcionarios, o aumento das pensións e outra serie de cuestións puntuais, haberá que pensar que tamén se incluírá aí o aumento correspondente ó financiamento das Comunidades Autónomas porque, en definitiva, é un acordo institucional en virtude dun pacto para tódalas comunidades, salvo que agora, por estar gobernadas polo PP a maioría delas, non se faga. Pero, en todo caso, cando os presupostos se aproben, sexa ó principio ou sexa tarde, esa cantidade terá que ir reflectida, e o que pode producirse será, en tal caso, un desfase de tesourería se está prevista esa posibilidade na propia lei. ¿Como me din que non está previsto nos presupostos que non estean aprobados os xerais? Claro que está previsto, o que pasa é que, en definitiva, non debería ter ningunha incidencia, salvo que non paguen ós funcionarios. Se aquí non se sobe o presuposto non podemos aumenta-los soldos dos funcionarios, como outras cousas. Se o que se pretende é iso, entón, *apaga y vámonos*. Está prevista a prórroga actual dos presupostos nacionais, e en definitiva, ó máximo que podería levar era a que houbese un desfase de tesourería momentáneo, cuns custos que, en todo caso, deben ser recuperables se actúa o Goberno central co criterio de obxectividade con que debe actuar respecto das comunidades autónomas.

Señor Oujo, se vostede estudia os gastos de investimentos, gastos productivos, etc., os grupos VI e VII, de funcións, en que se dividen os presupostos da Xunta, verá que entre os dous hai unha redución de 1.000 millóns de pesetas respecto do ano 1995, que practicamente non chega ó 1%, o cal quere dicir que a Xunta de Galicia ó facer estes presupostos priorizou, evidentemente, eses gastos. E se antes dicía que, en

efecto, hai unha redución en infraestruturas, teño que matizar esta frase no sentido de que ningunha infraestrutura básica vai quedar paralizada nin vai quedar sen facer, ou ningunha anualidade de infraestruturas vai quedar sen te-lo crédito correspondente, eses están previstos.

Facía o señor Vega fincapé no tema da aprobación, dicía que tiña que se-lo 1 de abril e foi en agosto. Fala dun incumprimento e vostede traslada o exemplo dun aval que conmocionou á cidade de Vigo, pero a afección futbolística sabe que, dentro das leis, as disposicións son de distinto nivel. Un incumprimento dun prazo determinado pode ser totalmente fundamental cando, por exemplo, un decide facer un recurso porque, se non o fai, decae ese recurso. Pero hai outros casos onde ese incumprimento non redunda en prexuízo porque pode haber dificultades que determinen a imposibilidade de facelo nese prazo, sen prexuízos específicos para ninguén. Eu penso que da modificación da Lei financeira xa falei antes. ¿Non hai ningunha vontade de modificar a fondo a Lei financeira? De feito, o ano pasado se establecía un maior control para as empresas públicas e, de feito, este ano hai unha modificación que adapta a lei á nova Lei de contratos de administracións públicas, e como é unha lei básica, é necesario modificala, porque aínda que non se modificase había que cumpri-la Lei de contratos da Administración pública. Creo que ese é un tema que non ten posibilidade de ser rebatido, en canto a que supoña unha idea do Goberno de, sistematicamente, modifica-la lei. Non é así, cando hai que adaptala a unha lei básica hai que adaptala, iso é necesario legalmente.

En fin, señor presidente -vexo que xa teño a luz vermella acesa-, eu querría dicir que no debate da lei foron aceptadas as emendas que entendía o Grupo Parlamentario Popular que contribuían a mellora-la lei, que non trastocaban o proxecto do Goberno, que melloraban ese proxecto e, en definitiva, foron rexeitadas aquelas que, desde un punto de vista do grupo que apoia ó Goberno, non era posible a súa aceptación sen producir outros efectos secundarios non desexados. Polo tanto, señor presidente, nós imos aprobar ou vota-lo proxecto de lei tal e como foi dictaminado pola Comisión, coa incorporación das emendas aceptadas nese trámite.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Egerique.

Procedemos a vota-las emendas ó articulado. En primeiro lugar, emendas do Grupo Parlamentario do BNG... ¿Si, señor Vega?

O señor VEGA BUXÁN: Primeiro unha cuestión de orde, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Expónaa, señor deputado.

O señor VEGA BUXÁN: Ó mellor é que o meu descoñecemento do Regulamento é moi grande, pero o lóxico sería que houbese agora unha rolda de réplica respecto da exposición que acaba de face-lo señor Egerique...

O señor PRESIDENTE: A segunda rolda, señor Vega, de cinco minutos, é, precisamente, para que cada grupo parlamentario se manifeste sobre as emendas dos demais grupos, e a orde é de menor a maior. Ou sexa, o debate está así regulado e establecido, igual cós anos anteriores, e tal como se expresa no Regulamento.

O señor VEGA FUENTE: O Grupo Popular non ten emendas.

O señor PRESIDENTE: Por iso, ten que referirse ás emendas dos outros grupos.

O señor VEGA FUENTE: Ben, en todo caso ...

O señor PRESIDENTE: Se fosen dous grupos soamente, só tería voz o Grupo Popular para referirse ás emendas do outro grupo.

O señor VEGA FUENTE: Con respecto a outra cousa que lle quería comentar, é que, se pode ser, se desglosen da votación das emendas do Grupo Socialista as emendas números 76, 77 e 100.

O señor PRESIDENTE: Preguntaremos despois. Grazas.

Póñense a votación as emendas do Grupo Parlamentario do BNG. ¿Pódense votar conxuntamente? (*Asentimento*). Se é así, votámo-las emendas

números 2, 3, 5, 6, 7, 8 e 10 a 20.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Póñense a votación as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, que son as números 1 a 134 agás a 107 e 131 que foron aprobadas en Comisión. As números 13, 14, 25, 37 e 41 foron transaccionadas, e as números 15, 16, 43, 46, 55, 62, 84, 85, 106, 115, 116 e 121 foron retiradas. Agás, tamén, as números 76, 77 e 100, que serán votadas nun segundo grupo.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Póñense a votación as emendas números 76, 77 e 100 do Grupo Parlamentario Socialista.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 40; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Ponse a votación o texto articulado do Dictame, agás o artigo segundo que, como é costume, se votará ó final do debate.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 23.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto do Dictame.

DEBATE DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS.

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora ó debate do estado de gastos e ingresos. O presuposto de ingresos considérase aprobado pola votación obtida no debate de totalidade.

SECCIÓN 01 (PARLAMENTO DE GALICIA).

SECCIÓN 02 (CONSELLO DE CONTAS).

SECCIÓN 03 (CONSELLO DA CULTURA GALEGA).

O señor PRESIDENTE: Poñemos seguidamente a votación as seccións 1, 2 e 3, Parlamento de Galicia, Consello de Contas e Consello da Cultura Galega, que non teñen emendas. Supoño que se poden votar conxuntamente. (Asentimento).

Póñense a votación as seccións 01, 02 e 03.

(Votación). (Pausa).

As seccións 01, 02 e 03 quedan aprobadas por unanimidade.

SECCIÓN 04 (CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA).

O señor PRESIDENTE: Pasamos á sección 04, Consellería da Presidencia e Administración.

Ten a palabra o señor Suárez Canal, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señores deputados, señoras deputadas, señoras e señores do Partido Popular, conselleiros, conselleira da Xunta, habería que comezar dándolle-lo meu máis sentido pésame, porque con estes presupostos da Comunidade Autónoma e desta sección, a 04 en particular, evidénciase que o Executivo deste país, como tal a Xunta, está de corpo presente, pero de vontade, alma e capacidade de gobernar está, desde hai moito tempo, ausente deste país.

Estes presupostos son, unha vez máis, o seu novo certificado de defunción, que evidencian como nin sequera están dispostos a utiliza-los recursos competenciais ó seu servizo para gobernar en beneficio do país. Repito, o meu máis sentido pésame.

Neste trámite procesual defenderémo-las emendas á sección 04, da Presidencia e Administración Pública, dos presupostos. Nós tratamos de reordena-lo gasto que vostedes nos propoñen, señores do Goberno, cunha liña de coherencia que signifique unha vontade clara de utiliza-los recursos para transformar-lo país de xeito positivo. Cando se fala de reordena-lo gasto hai que explicar dúas magnitudes. Por unha banda, que partidas se minoran, de que partidas se detraen fondos e que liñas de actuación se propoñen. É dicir, a minoración do gasto e onde se inviste ese diñeiro que se propón detraer.

Pois ben, vaíamos por partes. Nós minoramos, *grosso modo*, catro grandes bloques de gasto que propón o Executivo. En primeiro lugar, a redución do capítulo do gasto corrente, superfluo e protocolario, publicidade e propaganda, estudos e proxectos técnicos, capítulo II e IV das transferencias correntes ás sociedades para o gasto corrente. Minoramos, polo tanto, o gasto corrente que é posible que faga unha Administración que queira apreta-lo cinturón. Trátase de que vostedes adelgacen a Administración no gasto corrente, que practiquen esa dieta que tantas veces reclaman en declaracións para a galería. Sexan vostedes os primeiros en dar exemplo de austeridade adelgazando o gasto corrente. Esa é unha liña de minoración do gasto que propoñemos.

Outra liña de minoración do gasto é a redución drástica do persoal de gabinete. Na sección 04 hai corenta e sete persoas destinadas a persoal de gabinete. O secretario de Comunicación ten quince. E vostedes que defenden en Madrid que os ministros teñan como máximo sete asesores, aquí o señor Pérez Varela duplica con creces o número de asesores que vostedes defenden para os ministros do Goberno central. Polo tanto, son dúas primeiras partidas que minoramos, que van destinadas a reduci-lo gasto corrente. Ningún investimento, por suposto, senón o gasto corrente. ¿Como é posible que unha Consellería que xestiona 1.019 millóns de pesetas menos de presuposto incrementa o gasto corrente? ¿Como é posible que unha

Consellería que reduce en 14,8% o presuposto de investimento incrementa o gasto corrente? E non nos estamos referindo ó incremento do persoal que, efectivamente, se se aplica o IPC e non se reducen postos de traballo, ten que incrementarse, estamos a falar do gasto corrente. ¿U-la eficacia administrativa, señor conselleiro?

Xestionando menos presuposto, o lóxico é pensar que é máis fácil reduci-lo gasto corrente. Vostedes xestionan menos presuposto, pero no gasto corrente non están dispostos a introducir ningunha racionalidade administrativa. Desde logo, producen risa as propostas programáticas do Partido Popular noutros foros, para reduci-lo gasto corrente, para os que coñecemos como vostedes gastan aquí. Non teñen capacidade de reduci-lo gasto corrente e o persoal de gabinete nin sequera cando reducen o presuposto xeral da Consellería.

Unha terceira liña de minoración do gasto que propoñemos é esa partida destinada á superestrutura que vostedes necesitan crear de sociedades e fundacións, que non son outra cousa que, por un lado, vostedes evitan vertebral-lo país desde abaixo, con base nos seus sinais de identidade que serían as comarcas e, por outro, permítenlle afortala-la a súa rede clientelar. Aquí tamén poderíamos falar da eficacia. ¿U-la eficacia das sociedades e das fundacións cando, reducindo o seu presuposto global de investimentos, aumentan cuantiosamente os gastos de persoal e o gasto corrente destas sociedades? ¿Onde está a eficacia deste tipo de organismos que vostedes normalmente utilizan para xustifica-la súa creación?

E, por fin, unha última partida de minoración do gasto -neste caso máis que minoración sería concreción do gasto-, desas enormes partidas que vostedes teñen de gasto discrecional e que lles permite utilizarlas dun roto para un descosido, pero que evidencian ata que punto a Xunta é incapaz de expresar unha vontade de gobernar nos presupostos desta sección.

Vostedes teñen unha liña de actuación en edificios e construcións, para infraestruturas deportivas, que non é novedosa nestes presupostos, que vén doutros exercicios e, sen embargo, non son capaces de concretala en liñas de actuación que respondan a presupostos determinados, a criterios de actuación, a liñas

de goberno. Prefiren unha partida presupostaria ambigua e grandísima que lles sirva despois para utilizar, practicamente con libre disposición, ese diñeiro. E aquí teño que contradicir ó señor Egerique, que antes nos dixo que o Parlamento tiña todo o control que quería sobre as partidas presupostarias. Pois ben, este deputado e o noso grupo leva intentando reclamar, de tódolos exercicios anteriores, a concreción desa enorme partida de edificios e construcións que sempre deixan ambigua, e non hai respostas, por parte da Secretaría Xeral para o Deporte, da concreción e da utilización desa partida en edificios e construcións. O secretario xeral para o Deporte, cando llo fixemos ver na súa comparecencia, comprometeuse a contestar-las preguntas, pero aínda hoxe non temos resposta. Polo tanto, son partidas que intencionalmente se deixan sen grao de concreción para que, despois, os emires locais, os presidentes das deputacións correspondentes, concreten eses convenios que vostedes normalmente non queren concretar nesta sección do presuposto.

¿E a onde destinamos nós estas partidas que, en síntese -hai outras minoracións, pero máis pequenas- responden a estes grandes bloques? Como ven, non se trata de desvestir a ningún santo, señor Lage, que normalmente vostede sempre nos di que desvestimos un santo para vestir outro. Nós non desvestimos a ningún santo, aínda que si desvestimos algunhas fundacións que agochan baixo o seu teito moito santoral: San Rosendo, San Calixto, etc. Non desvestimos a ningún santo de investimentos reais en función do país. As nosas emendas teñen un sentido e unha coherencia. En primeiro lugar, no tema da galeguidade pretendemos evitar esa ausencia de control sobre o gasto da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas no Exterior, que normalmente utiliza o diñeiro de tódolos galegos e galegas para provocar unha infraestrutura electoral de captación de votos no exterior, fundamentalmente para dedicala a dúas cousas: unha, a cumprir un mandato deste Parlamento. Nin sequera están vostedes dispostos a aceptar emendas que signifiquen a aplicación de proposicións non de lei aprobadas neste Parlamento. En Comisión aprobouse unha proposición non de lei destinada a crear unha liña de actuación por parte da Xunta de Galicia, a incentivar-los proxectos empresariais e cooperativos de recuperación dos emigrantes. Está aprobada por unanimidade nunha Comisión des-

te Parlamento, pero vostedes non concretan nin unha soa peseta nos presupostos da Xunta de Galicia destinada a este mester. Pois ben, esa é unha acción concreta que o Bloque Nacionalista Galego propón nas súas emendas, así como intentar recuperala nosa memoria histórica para que os investigadores deste país poidan fornecerse de datos e ter, ademais, cumprida resposta co deber que debía te-lo Goberno galego de restaurar toda a nosa memoria histórica nun museo-arquivo da emigración. Estas dúas emendas foron rexeitadas na Comisión.

Outra liña de actuación que nós propoñemos tamén é a destinada a concretar esa enorme partida de gasto discrecional en construcións deportivas. Nós dámoslle ideas, pero ideas que responden a tres criterios de coherencia. En primeiro lugar, pensamos que no deporte de base teñen que primarse, fundamentalmente, dúas liñas de actuación. En primeiro lugar, que para os concellos, que hoxe non contan, practicamente, con presuposto para abrir esas infraestruturas, esas instalacións e eses pavillóns que vostedes crean, se cree unha liña de actuación para promocionar escolas deportivas municipais que permitan achega-lo deporte a tódolos cidadáns e a tódolos recunchos do país e, sobre todo, que permitan que o deporte sexa utilizado como un vehículo de ocio e de complemento para o desenvolvemento integral da personalidade. Se non é así, non hai maneira de que moitos concellos poidan manter esas infraestruturas que vostedes constrúen.

En segundo lugar, unha liña de actuación que permita, ademais, que as construcións deportivas se acheguen ós centros de ensino, o que garantiría a utilización practicamente completa, a tódalas horas do día, de todas esas instalacións deportivas que non contan con ela. Que sexa o obxectivo prioritario das construcións. E, como non que, por suposto, as construcións deportivas teñan unha coherencia. Que a concreción desa enorme partida obedeza a criterios non discriminatorios para a Galicia do interior, e que obedeza, ademais, a un criterio obxectivable.

Vostedes sempre din que hai criterios de utilización do gasto das infraestruturas deportivas, e despois temos que ver como o que se lle nega a determinadas comarcas se constrúe noutras con menos razón. Polo tanto, propoñemos unha concreción que, en definitiva, é unha liña de actuación do Goberno: promo-

ción do deporte de base, promoción do deporte escolar e criterios obxectivos e racionais de distribución desa partida presupostaria.

Tamén pensamos que no tema do turismo vostedes carecen de imaxinación. Prefiren esas amplas partidas -grandes epígrafes sen control que lles permiten despois utiliza-lo diñeiro para todo tipo de compromisos electorais, de compromisos de partido, de compromisos de redes que vostedes van xerando- a un criterio claro para utiliza-los recursos turísticos do noso país dun xeito absolutamente positivo.

Aquí, en Galicia, aínda existen zonas importantes e debe ser dos poucos sitios do continente europeo en que se dá todo isto- de xente que vive da artesanía. ¡Pois aproveitemos para vertebrar ó redor das persoas e deses sectores económicos un turismo que hoxe pode ter moito futuro! Axudariamos, por un lado, a vertebrar eses sectores económicos da artesanía e, ó mesmo tempo, incentivariamos un turismo baseado en proxectos económicos reais. Un turismo que debía aproveitar unha realidade existente no noso país, como son os balnearios, coa colaboración dos concellos, e non utilizando partidariamente esa estrutura, senón que a colaboración dos concellos permitiría desenvolver tamén unha rede adecuada de balnearios, un turismo de natureza e de ecoocio que, desde logo, non pode esquecer nunca cales son as vantaxes comparativas que o noso medio natural ten no noso país, e que vostedes esquecen totalmente. Aí está a restauración do noso patrimonio arqueolóxico e artístico, aí está o sendeirismo, aí está a nosa natureza que, probablemente, sexa envexable para todo o resto do Estado español, e vostedes non propoñen ningunha liña de actuación a nivel de Goberno para promocionar este tipo de turismo.

No terreo do desenvolvemento comarcal pretendemos, dunha vez por todas, acabar con esa concepción de cefalópodos que vostedes teñen do desenvolvemento comarcal. Por un lado, unha gran cabeza, que é o conselleiro e o presidente do Gabinete de Desenvolvemento Comarcal, que vai estar en tódalas fundacións, e despois, sen corpo, sen existencia de comarcas, os pés que vostedes necesitan para recadar votos, que son as fundacións para o desenvolvemento comarcal. Pois ben, nós propoñemos iniciativas reais de vertebración comarcal do noso país, con proxectos

concretos, por exemplo, en canto á mancomunación dos servizos relacionados co transporte que se desenvolve por comarcas, pero estas emendas foron rexeitadas en Comisión.

Outro tipo de emendas que nós concretamos son as destinadas a darlle contido a un epígrafe que existe na sección 04, Consellería da Presidencia, que é a Secretaría Xeral para Protección Civil e Medio Ambiente, que non ten nin unha soa peseta para inspección e creación de redes importantes que fagan un seguimento do estado xeral do noso medio ambiente. Aí propoñemos tamén liñas de actuación que lle dean contido a esta Secretaría Xeral. Ou, se non, retírenlle ese epígrafe de Medio Ambiente. Pero se realmente vostedes manteñen a existencia desa Secretaría, cando menos creen redes de seguimento da nosa contaminación atmosférica, creen redes de seguimento da contaminación dos ríos, creen redes de seguimento de protección do noso medio ambiente. Iso está nas emendas que o Bloque Nacionalista Galego sostén e defende nestes presupostos.

En definitiva, e xa por fin, hai unha liña de actuación que nós pensamos que é fundamental na Secretaría da Presidencia, cal é establecer que os concellos do noso país son axentes fundamentais para o desenvolvemento real da economía social do noso país, e vostedes seguen detraendo fondos que noutros exercicios estaban destinados ós concellos galegos para insuflarllos a esas sociedades e ás empresas privadas. Nós non pretendemos que non fagan ese tipo de política, pero si que, dunha vez por todas, consideren os concellos galegos como auténticos instrumentos e como auténticos axentes en todo o que pode ser desenvolvemento comarcal, desenvolvemento turístico e desenvolvemento deportivo, e aí propoñemos unha liña de actuación.

Remato xa esta defensa das nosas emendas, que por forza ten que ser rápida pola premura do tempo, dicíndolles que en realidade os seus presupostos a min recórdanme unha macabra anécdota que contaba un humorista. Viase a dous pobres de solemnidade rodeados de neve por tódalas partes, e dicíalle un ó outro: "Eu estou desexando que chegue o verán para que só pasemos fame". Pois, con estes presupostos da Xunta de Galicia, pódolles dicir que practicamente nos invitan vostedes a que desexemos que vostedes

deixen de facer presupostos, que deixen de gobernar, porque ademais de ter que defendernos da política agresiva contra os sectores económicos galegos que se produce desde o Estado e desde a Comunidade Económica Europea, os presupostos da Xunta nin sequera están sendo utilizados positivamente para modificar as nosas condicións, para modificar a realidade do noso país. Por iso, nós pensamos que vai sendo hora de que vostedes, ou ben aproveiten os presupostos dunha vez por todas para demostrar que teñen vontade de gobernar, ou se non imos ter que pensar que é moito mellor que esteamos sen presupostos, esteamos sen este Goberno, porque o único que fai é detraer diñeiro dos galegos para utilizalo dunha maneira absolutamente clientelar.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Suárez Canal.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Carro Fernández-Valmayor.

O señor CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR: Muchas grazas, señor presidente.

Consumo este turno para defensa de las enmiendas del Grupo Parlamentario Socialista, iniciándolas y compartiendo este turno con don Agustín Vega, que particularizará el sentido de las enmiendas que presentamos a esta sección 04, de la Presidencia de la Xunta de Galicia.

El motivo de mi intervención en esta sesión plenaria obedece, a mi juicio, a la necesidad de hacer dos reflexiones en voz alta en relación con la presentación de estos presupuestos y de los defectos que encontramos en esta sección, como en todas las secciones, puesto que se repiten a lo largo de todo el articulado cuantificado.

Ya en Comisión habíamos manifestado que estos presupuestos nos parecían erráticos, confusos, evanescentes y, por supuesto, indefinidos. Con ésto, a mi juicio, se quebrantaban dos principios que deben presidir constantemente la actividad parlamentaria. Si el Título VIII de la Constitución lo que hacía, lo que desea, lo que quiere, es acercar la Administración al pueblo para que este entienda exactamente en que

consiste la gestión de los asuntos públicos, lo cierto es que con este presupuesto y con la indefinición total y absoluta que muestran las partidas de gasto, difícilmente los ciudadanos pueden comprobar este acercamiento que quiere nuestra Constitución en relación con la gestión de los asuntos públicos.

Nadie correctamente, lealmente, puede criticar los presupuestos que ni dicen nada ni nada quieren decir, porque cuando nos acercamos y queremos desmenuzar algunos conceptos presupuestarios como son “edificios y otras construcciones”, o como pueden ser, por ejemplo, los conceptos de gastos atribuidos a TUR-GALICIA, realmente estamos ante un problema prácticamente de identidad: qué es lo que hablamos, qué es lo que debatimos. Por eso yo creo personalmente, y estoy convencido de ello, que aquí se quiebra otro de los principios del régimen parlamentario, que es el principio del debate y del control parlamentario. ¿De qué podemos debatir si no tenemos elementos de juicio necesarios o suficientes para debatir, en concreto, cuál es la gestión presupuestaria de la Xunta? Pero esto lleva a consecuencias inmediatas. ¿Cuál es nuestra forma de controlar el Gobierno si el Gobierno, a través de este compromiso solemne y público que encierran los presupuestos, no define su política ni define su gestión? Por eso, ante esos dos quebrantos también podemos hacer una tercera afirmación, y es que técnicamente estos presupuestos, a nuestro juicio, están mal realizados, mal presentados porque, en definitiva, esta indefinición lo que rompe es el orden interno de la ley. Si nosotros acudimos a cualquier manual de confección de leyes o de proyectos de leyes generales, o acudimos a la doctrina más acreditada de nuestro país, comprenderemos que aquí también se rompe el orden interno de la ley. Non están plasmadas en este contexto cuál es la finalidad, las definiciones, el ámbito de aplicación de muchos gastos presupuestarios, cuál es el alcance, la finalidad, o los propósitos de esta ley, y a esto es, precisamente, a lo que obedecen nuestras enmiendas, no sólo a la sección 04 sino al resto de las secciones, que pecan, a nuestro juicio, de una escandalosa indefinición.

Estamos prácticamente ante un sorteo de Navidad. Porque, ¿qué pueden esperar los ciudadanos, qué pueden esperar las instituciones en relación con los propósitos de gastos que parecen manifestar estos presupuestos? Absolutamente nada. Nadie sabe exactamen-

te en qué se va a gastar este presupuesto. Por eso se quebrantan las reglas generales de confección de cualquier instrumento público de gestión administrativa. La redacción de una disposición necesariamente tiene que partir de lo general o lo particular, de lo abstracto a lo concreto, cosa que aquí también se quiebra. Así pues, ¿qué podemos esperar de una estructura interna presupuestaria absolutamente evanescente y confusa? ¿Qué podemos esperar de unos presupuestos que, a juicio de la oposición entera, nos provocan una defectuosa comprensión de las finalidades del gasto que están internamente depositadas en estos presupuestos? Y eso es lo que crea, señorías -y esta es la primera reflexión-, una tremenda inseguridad y desorientación en los eventuales destinatarios del gasto presupuestario: ayuntamientos, instituciones, diputaciones, ciudadanos. ¿A dónde vamos con estos presupuestos? Por eso solicitamos y queremos claridad y precisión, que es una exigencia absolutamente indeclinable de la producción normativa, lógica y racional, cosa que a nuestro juicio no se da en la presentación de estos presupuestos.

Pero incluso aceptando, como ya he dicho en Comisión, la técnica de los colchones presupuestarios -que la aceptamos porque es absolutamente racional-, lo que no aceptamos son las técnicas de doble llave. Por ejemplo, esas habilitaciones genéricas, a través de los convenios, en instituciones, que nos parecen absolutamente razonables, pero las habilitaciones genéricas no son razonables si no se precisa el ámbito material, el ámbito geográfico, los principios y criterios generales del gasto, aunque sea de una manera indirecta como este sistema, que es aceptable pero que no define nada. Por eso la obligación de la oposición ha sido presentar una serie de enmiendas a unos conceptos que no dicen nada ni nada quieren decir, por eso muchas veces nos encontraremos en el debate en esta tribuna con que se solapan cantidades, con que se reducen contradictoriamente otros gastos presupuestarios, pero que están en su mente, pura y simplemente. Son propósitos, pero no están en el texto frío y público de unha Lei de presupuestos. Por eso realmente es muy difícil, y tenemos que hacer un esfuerzo tremendo de imaginación para no sólo analizar estos presupuestos sino proceder a lo que es un principio parlamentario clásico, como es el control de la gestión del Gobierno.

Así pues, se priva a esta Cámara, lamentablemente, de unos elementos de juicio necesarios para decidir. Porque, como ustedes comprenderán, ¿cómo podemos decidir la aprobación de un concepto de gasto que dice: “edificios e outras construcións”. ¿Dónde? ¿Cómo? ¿Para qué? Y son conceptos de gastos muy importantes en la estructura de los presupuestos. Así pues, nos encontramos con que no existe una concreción funcional, como en el tema de deportes, las líneas políticas de actuación de deportes. Sencillamente, nos encontramos con que hay una partida genérica para deportes que la oposición ha tratado de concretar, es la única solución y la única alternativa que se le ha dejado. No existe tampoco unha concreción territorial. Provincias, comarcas, municipios, ¿a dónde van estos gastos? No existe. ¿Cual es la alternativa del debate parlamentario? ¿Se da más a unas provincias, se da menos a otras provincias? ¿Hemos intentado por lo menos comarcalizar, en alguna medida, en alguna dimensión, los gastos presupuestarios? ¿Cuál es el criterio municipal para que un polideportivo vaya a un municipio y no vaya a otro?, etc.

Es decir, que es difícil en este trámite parlamentario debatir en relación con implícitos. Es decir, este presupuesto es un gran implícito. Este presupuesto quiere decirlo todo pero de una manera concreta no dice absolutamente nada. Por supuesto, la concreción cuantitativa, cuando salen “edificios y otras construcciones”, ¿como se desagrega este concepto de gasto, territorial y funcionalmente? Imposible, señorías, imposible. Pero ya lo he dicho en comisiones, no se trata, por supuesto, de transformar este trámite parlamentario, que es un trámite de debate presupuestario, ni en un muro de lamentaciones ni, por supuesto, en un trámite, por el respeto que me merecen sus señorías, ni, por supuesto, en un debate en el que hablemos del sexo de los ángeles porque, en realidad, nos debemos todos a la responsabilidad de los ciudadanos que nos han traído a esta Cámara.

Por ello, termino, señorías -y con esto dejo paso a mi compañero que explicará concretamente las enmiendas a las grandes líneas que nosotros criticamos en estos presupuestos, tanto en materia turística como en materia deportiva-, con estas reflexiones. Yo me imagino que estamos ante un Parlamento que tiene -me imagino, espero y deseo- una gran dosis de oposición constructiva por nuestra parte, pero también de

comprensión constructiva por la otra. Muchos de estos defectos, de esta técnica defectuosa de presentación de los presupuestos, espero que en los dos próximos años que nos restan de esta legislatura tendrán una corrección adecuada para que, por lo menos, permanezcan vivos y pujantes no solamente el principio de debate sino el principio de control del Gobierno, que es algo consustancial a la democracia y que mantiene la oposición en este trámite parlamentario.

Nada más y muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Obrigado, señor deputado.

Ten a palabra o señor Vega Fuente.

O señor VEGA FUENTE: Gracias, señor presidente.

Señorías, en relación con la Secretaría Xeral de Deportes, la enmienda a la totalidad debería ser casi para crearla, porque si el presupuesto pretende presupuestar el objetivo de gasto de un Gobierno para el año venidero, no es posible que ese objetivo de gasto se determine en una partida al alza y en concierto con otras instituciones. No es posible, porque eso sería el debate de la ocultación. La utilización de la mayoría parlamentaria para ocultarle, no ya a la oposición política, sino a los ciudadanos en general, que es lo que pretende el Gobierno en este terreno, en concreto, para el año venidero. Es, en definitiva, la prostitución del sistema parlamentario. Aquí deberíamos aprobar el objetivo final, los gastos finalistas que el Gobierno pretende ejecutar, en base al dinero, poco o mucho, con el cual dota a tal o cual conselleiro, a tal o cual secretario general en la acción de gobierno del próximo año venidero.

Esto no se hace así y no se concreta, prácticamente, en ninguno de sus términos, ya que lo que vienen haciendo en parte en la línea de subvenciones es una mera distribución, reiterativa en este caso, del año anterior, porque no aumentan las partidas en cuanto a federaciones, clubs y demás, y en cuanto a ayuntamientos ahí ya no hay ni distribución. La distribución del año pasado, con independencia de lo que pidiesen los ayuntamientos, fué una ratio a 100.000 pesetas por cabeza, con independencia de la población, del número de actividades deportivas y del número de

instalaciones. Como, al final, la inversión prevista eran 28 millones de pesetas para todos los ayuntamientos de Galicia, hubo una ratio de 100.000 pesetas por cabeza, y no hay quien dé más.

De esta forma, ni se pueden rentabilizar aquellas inversiones en infraestructura deportiva que se hallan podido construir, más allá de utilizarlas para la cena de no se que; mas allá de eso, los polideportivos tienen escasa utilización. Esto se pretende compensar con cursos de formación extraños, que terminan no justificándose casi nunca, dotando a cada ayuntamiento de varios y múltiples técnicos capaces de formar deportivamente a los alumnos. Ocurre que, concluido el curso, lo que hacen es irse para casa, porque en nuestros ayuntamientos no hay una capacidad, sobre todo en los pequeños, aunque fuesen bien formados, de utilizarlos en la práctica del deporte o para enseñarle deporte a la juventud.

Ocurre esto no sólo en la creación de infraestructuras, que si es cierto que algo ha mejorado del año pasado a este año, porque el año pasado la osadía era tan grande que se llegaba a decir en el texto escrito, se llegaba a escribir literalmente 500 millones para reformados de proyectos. Eran 1.200 millones para proyectos no genéricos, de los cuales 500 eran para reformados. Por tanto, la capacidad de predicción de la bola de cristal de algunos es terrible. No sabían ni que dinero finalista se iba a gastar, ni que proyectos se iban a ejecutar, pero si sabían que iban a tener unos reformados de 500 millones a lo largo del año. Este año, después de las críticas del anterior, esto se ha modificado.

Por lo tanto, no es posible un debate presupuestario sobre el gasto finalista, y esta Secretaría en concreto, por su concreción, puede ser un ejemplo de lo que es el resto del presupuesto de la Xunta. No se puede excusar en modo alguno -y no ya sólo a la oposición, que algún instrumento si nos queda después para poder controlar el gasto allí donde va, en base a preguntas, alguna de las cuales no se contestan o tardan dos años y ya se ha agotado el presupuesto, claro está, pero si tenemos algún instrumento para intentar, al menos, poder controlar la gestión de este dinero que aparece aquí- a los ciudadanos que esperan saber, o las instituciones locales que esperan saber si en sus ayuntamientos se contempla este presupuesto.

Lógicamente, los del Partido Popular ya lo saben, ya le han comunicado que va la instalación deportiva que preveían aquí o la acción concreta en los colegios.

Hai instalaciones en los colegios, pocas, pero funcionando, que no se usan durante el resto del día. No sólo en este terreno. Hai hermosas viviendas, en los colegios, abandonadas, que no se usan, pero se quieren hacer otras en muchísimos de ellos. Por lo tanto, en definitiva, no es posible debatir sobre el gasto finalista, y cuando no es posible debatir sobre el gasto finalista no hay presupuesto, lo que hay es una partida, son partidas a tanto alzado para repartir -que es la única gestión de la Secretaría, no en base a normas establecidas sino a la voluntad estrictamente política de ellos- equitativamente, justamente, como no podía ser de otra forma, el poco dinero. Sólo los mal pensados podemos creernos que el reparto no sea justo en el presupuesto, porque ya tenemos el ejemplo de lo justo que fué el año pasado.

Por lo tanto, no hay líneas de actuación en el deporte de base, no hay líneas de aprovechamiento de las instalaciones escolares, lo que hay es un dinero para instalaciones deportivas, otro para repartir a asociaciones y clubs y para hacer instalaciones deportivas que, al no haber después partida en la misma Secretaría -y con esto concluyo- que les permita a los ayuntamientos rentabilizar estas asociaciones, terminan cerrándose -de 365 días más de 250-, usándose algo en el verano, o dedicándose a las famosas cenas citadas o similares.

Gracias, señorías.

O señor PRESIDENTE: Obrigado, señor deputado.

¿Rolda a favor? (*Pausa*). ¿Rolda en contra? (*Pausa*).

Rolda de portavoces (*Pausa*).

Ten a palabra o señor Suárez Canal na rolda de portavoces.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados, subo nesta rolda para posicionarnos sobre as emendas do Grupo Parlamentario Socialista á sección 04 dos presupostos.

Teño que dicir que, excepto as emendas 14 e 15, o resto das emendas ímolas votar favorablemente. Estas dúas emendas non as votaremos favorablemente fundamentalmente polo destino que fan dos fondos que detrae de TURGALICIA. Nós estamos de acordo con que habería que minora-lo diñeiro destinado a esta sociedade, pero se propón a súa utilización cunha finalidade que, ó noso xuízo, está inconcreta nos presupostos da Xunta e aínda se aumenta a súa dotación. Polo tanto, pensamos que non é aceptable que se aumente unha partida que non ten grao de concreción, que é unha das eivas que nós lle vemos ó presuposto.

Nesas dúas emendas, aínda compartindo o espírito de minorar diñeiro para TURGALICIA, imos abster-nos na súa votación. O resto das emendas o que fan, fundamentalmente, cun criterio ou outro, é concretalas enormes partidas de gasto discrecional que a Xunta mantén en dous ou tres servicios, como son Turismo e Deportes. Nese sentido, nós, como estamos a prol de que se concrete a libre disposición deste diñeiro, de que non se enmascare, de que non se utilice ningún tipo de telón para cubri-la actuación posterior da Xunta, votaremos favorablemente, xa que se trata de concretar toda unha serie de actuacións que, ó noso xuízo, en todo caso, poderían ser discutibles unha a unha se se estivese disposto a discuti-lo grao de concreción desa partida presupostaria. Pero cando non se está disposto a concretar, e o que é máis grave, cando non se está disposto a dar información de como se utiliza ese diñeiro, é que se quere enmascara-la acción do Goberno.

A min recórdame isto á actuación dos veteranos cantantes de ópera, que saben, co transcurso do tempo, como utiliza-lo que eles chaman os músculos e a máscara da cara para non castiga-la voz, e utilizan tódolos resortes que lles permite a musculatura da cara para manter moitas veces determinado tipo de notas e non castiga-la voz. Pois, vostedes fan exactamente o mesmo, utilizan a facultade que lle dan os presupostos para enmascarar toda a súa actuación e non castiga-la credibilidade do Partido Popular. Só así se explican esas enormes partidas sen ningún grao de concreción que, insistimos, evidencian que non teñen liñas de goberno.

¿Como é posible que un “edificios e construcións”, que leva tres ou catro anos aparecendo nos

presupostos, aínda non teña grao de concreción? Non son vostedes capaces de dicir: pois destinado a este tipo de construcións, destinado a este tipo de criterios, destinado a este tipo de actuación. Non, seguimos na ambigüidade, na inconcreción, que permite logo o uso absolutamente legalizado polos presupostos, pero discrecional na súa concreción actual.

En definitiva, con estes presupostos e coa actuación posterior de non darnos información sobre o desenvolvemento dos mesmos, o que fan vostedes é aproveita-la súa maioría na Cámara para pechar non hermeticamente, senón como dicía aquel outro, para pechar aritmeticamente as portas do control do Parlamento ós criterios de investimento que a Xunta utiliza na actividade presupostaria.

Nós pensamos que esta é a eiva fundamental duns presupostos, dunha sección que, repetimos, reiteradamente acude a partidas y epígrafes enormes, sen ningún grao de concreción. Motiva que nós apoiémo-las emendas do Partido Socialista, agás as que expresamos antes que, en definitiva, o que fan é, nin máis nin menos, permitir aclararnos e concreta-la utilización dos fondos desta Consellería.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Vega Fuente polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor VEGA FUENTE: Gracias, señor presidente.

Por idénticas razóns o Grupo Socialista va a apoiar todas as enmiendas del Grupo Parlamentario del Bloque, porque persiguen un objetivo que es difícil creer que todo parlamentario no persiga, que no es otro -insisto, como decía al principio- que se concreten las inversiones, que sepamos donde se va a invertir y cuándo, y que lo sepamos nosotros, pero que lo sepan también los ciudadanos. Yo no se si es legal, posiblemente si, y sinó algo se habrá inventado que lo convierta en legal. No sé si es legal que se diga: "Inversiones 1996, tanto dinero" y que, además, se haga en concierto con otras administraciones que pretenden, exclusivamente, el marco de distribución territorial en cada una de las provincias.

No se si esto es legal, pero, si lo fuese, algo debería cambiar. Ni siquiera se contempla en el presupuesto -por lo tanto no lo sabemos- si aquellas obras con inversión plurianual forman parte de esta partida genérica o son de nuevas inversiones. Ni siquiera sabemos si los compromisos establecidos figuran aquí o se van después -a través de una práctica tan habitual en el Gobierno de Galicia, a través de las modificaciones presupuestarias, los reformados y cosas extrañas- a llevar adelante. Ni siquiera lo sabemos, no es posible saberlo. Y no es posible hurtarle al Parlamento este debate.

Sólo desde la aritmética parlamentaria se puede conseguir, pero parlamentariamente no es posible, porque, además, este es el tono general del conjunto del presupuesto de Galicia. Y si esto es así, la conclusión final es que se van a aprobar unos presupuestos cuyo destino del dinero no se sabe, y será la resultante de la voluntad individual de cada conselleiro, de cada secretario xeral correspondiente, en función bien de las presiones políticas, bien de los acuerdos previos, o bien de cualquier otra voluntad. Porque, además, esto se sustenta en un convenio genérico, firmado con instituciones, sobre inversiones.

Los convenios con otras instituciones son correctos, los que no son correctos, y dudo que sean legales, son aquellos convenios que obliguen a inversiones genéricas año tras año. Pueden obligar a gastos, pueden determinar gastos plurianuales, pero sobre inversiones finalistas, no sobre inversiones genéricas. Alguien con más capacidad que yo en estos temas, con más conocimientos, deberá estudiarlos. Esto no puede ser correcto, parlamentariamente no lo es, pero tampoco puede ser legal, y mucho menos, políticamente, puede ser de recibo.

Por esta regla de tres, reduzcan el presupuesto a un sólo capítulo, sobre todo en el terreno de inversiones. Inversiones 1996: 100.000 millones, ya decidiremos para dónde. Redúzcanlo a eso, ahorrarán papel y, como además no es reciclado, ahorrarán madera también.

Muchas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Agradecido.

Ten a palabra o señor Lage Lage polo Grupo

Parlamentario Popular.

O señor LAGE LAGE: Señor presidente, señorías, por cortesía parlamentaria quero empezar agradecéndolle ó portavoz do BNG o habernos expresado o sentido pésame. Temos que corresponderlle, moitas grazas, obrigado. Aínda que non é necesario que o dea, porque o que vostede formulou non se adapta á realidade.

Tamén fixo un ofrecemento nas súas emendas para reordena-lo gasto, e quero dicirlle que isto non é necesario porque o Goberno xa o ten ordenado. E teno ordenado non só nos presupostos deste ano senón xa de anos anteriores. Esta é unha acción de goberno que se iniciou no ano 1990, hai unha política, uns fins nos presupostos, uns obxectivos, unhas accións e unhas concrecións nas partidas. O que pasa é que hai que ler tamén tódolos tomos do presuposto. Hai uns anexos de investimento, hai uns programas, e estas acusacións que aquí se fixeron posiblemente serían doutro calibre totalmente distinto.

Eu xa dixen noutras ocasións -e xa se puxo de manifiesto no trámite parlamentario, tanto na intervención do señor conselleiro como na dos secretarios xerais adscritos a esta Consellería- que este ano se trataba dun presuposto austero. Hai unha redución global de case o 4%, e hai unha redución, consecuentemente, nas distintas secretarías. Por exemplo, a de Deporte ten un decrecemento presupostario do 11%, Turismo do 14%, Protección Civil do 10%, Comunicación do 22%, etc. Hai unha redución, conseguintemente con este esforzo de austeridade, que se está a levar a cabo por parte das distintas seccións da Administración autonómica nas operacións de capital. Por exemplo, en Deportes báixase un 23% con respecto ó ano 1995; en Turismo un 20%; en Comunicación un 36%; é dicir, sete puntos de rebaixa de media nos presupostos en toda a Consellería de Presidencia, e, polo tanto, as partidas presupostarias hainas que axustar a esta realidade económica e financeira en que nos toca vivir, que é unha situación de sacrificio.

Pero, por outra banda, aquí tamén fixo alusión o señor Suárez Canal nas súas críticas a que o gasto corrente, sobre todo o capítulo II, se disparaba, que aumentara moito. E hai que dicirlle tamén que no

Gabinete de Planificación o crecemento é 0,00. Igualmente ocorre en Inspección de Servizos, na Dirección Xeral de Servizos Informáticos tampouco hai crecemento e, incluso, noutras unidades, como pode se-la Secretaría de Comunicación, hai un descenso do tres e pico por cento. Na Secretaría Xeral un 7%, na Dirección Xeral de Función Pública un 12% e noutras secretarías xerais o crecemento é escaso. Polo tanto, as críticas son infundadas.

Din que os presupostos son os mesmos. Son coherentes coa política do Goberno. Hai programas, hai accións que non nacen agora. Por exemplo, TURGALICIA non naceu agora, naceu hai anos. O Centro Superior de Hostelería de Galicia non naceu neste presuposto, xa vén de anos anteriores e, polo tanto, haille que dar contido nas consignacións presupostarias. Hai unha política clara e definida en tódolos aspectos, en tódalas seccións administrativas que se comprenden nesta Consellería.

As súas emendas son as de tódolos anos, unicamente o que cambia son as cantidades, pero son as mesmas, polo tanto, están no seu perfecto dereito -é a súa filosofía- a defendelas. A nosa, como grupo parlamentario, é apoia-los presupostos do Goberno por ser coherentes, por ser racionais e por persegui-lo obxectivo do desenvolvemento económico e social de Galicia e dos sectores a que afecta esta Consellería, concretamente a da Presidencia.

Turismo. Criticase o tema de turismo, a cuestión de deportes tamén, a Sociedade de Desenvolvemento Comarcal, todas, pero criticase quitándolle diñeiro dun sitio para metelo noutro en accións que nós xa dicimos que poderían ser apoiabes, pero significaría deixar sen contido programas e actuacións que xa se veñen levando e que hai que culminalas.

Turismo. Este Goberno aposta polo turismo, que é un factor dinámico para o desenvolvemento de Galicia. Entón, hai que mellora-la formación, hai que mellora-la promoción, e para iso está funcionando, dentro da Secretaría dependente dela, TURGALICIA, a sociedade de imaxe e promoción turística de Galicia, que non é un invento desta Comunidade senón que noutras comunidades que teñen grandes recursos turísticos tamén está funcionando. En TURGALICIA a súa finalidade é a promoción turística de

Galicia, no sentido de introduci-la nosa Comunidade como destino nos mercados internacionais; mantela como destino vacacional para os segmentos costa-residencia, costa-turismo; desenvolve-lo turismo interior; mellora-la calidade da oferta e a demanda. Todos estes son os obxectivos desta sociedade, que vostedes chaman *chiringuitos*, administración paralela, etc., pero está funcionando, como se ve polos resultados que está obtendo na chegada de visitantes á nosa Comunidade.

Logo, a outra vertiente na materia turística é a cuestión da formación dos cadros do persoal que traballa nesta importante actividade, e para iso creouse o Centro Superior de Hostelería de Galicia -dos mellores de España e dos mellores de Europa, gústelles ou non lles guste-, que está funcionando con toda normalidade. No próximo ano o centro terá tres promocións, e as súas actividades dirixense ó aloxamento, restauración e asesoramento a empresas do sector. Este centro ten recursos propios e, comparado cos gastos, hai unha diferenza que son cubertos por unha transferencia do capítulo IV. Ten cento e pico alumnos, 192 en concreto. Asinouse un convenio coa Universidade, de tal maneira que existe xa o diploma en xestións de empresas de hostelería. É un capítulo moi importante a formación de todo o persoal que traballa no ramo de hostelería cara ós eventos que se aveiciñan, como pode se-lo próximo Xacobeo 99 ou a capitalidade cultural europea.

Entón, se isto está así, e está funcionando, nós temos que rexeita-las emendas de ámbolos grupos porque a deixarían sen contido e practicamente impedirían que TURGALICIA se segue funcionando, ou provocarían que o Centro de Hostelería de Galicia houbera que pechalo, cando está en perspectiva que incluso se puxese en marcha unha residencia para estudantes. Isto sería imposible se lle fixemos caso ás súas emendas que, por exemplo, van dirixidas a transferencias de capital, que é o capítulo VII, no que hai unha consignación para TURGALICIA de 341 millóns de pesetas. O Partido Socialista nas súas emendas quitaríalle 225 millóns e polo tanto, quedaría sen actividade.

Igual diríamos no capítulo IV, no que en transferencias correntes, onde hai unha partida consignada de 185 millóns, quítanlle 180 e, entón, habería que

pechalo. E igual diríamos do Centro Superior de Hostelería, no que se refire ó capítulo IV, cunha consignación de 183 millóns de pesetas, do que quitarían 100. Nós temos que manter estas cantidades, que son -repito-, por razóns presupostarias e de austeridade, practicamente insuficientes.

Igual ocorre coas emendas do BNG, que se repiten -vala a expresión- igual que en anos anteriores. Van encamiñadas sobre todo a quitar de TURGALICIA e do Centro Superior de Hostelería cara a outros destinos nos que hai xa partidas presupostarias que cubren accións que vostedes defenden, e outras que non se poden mover porque están incluídas dentro do marco de apoio comunitario, como poden se-los 705 millóns de pesetas para a defensa e conservación do patrimonio, que é moi importante, ou como pode ser tamén unha partida presupostaria de 345 millóns de pesetas para turismo rural e de balneario. Ou como poden ser accións que vostedes aquí piden que se leven a cabo e insisten máis nelas, a través de actuacións en Montederrama e Monterrei. Direille que en Montederrama, no ano 1995, hai 100 millóns de pesetas; en 1996 están previstos 108 millóns e no ano 1990 outras cantidades.

Como vexo que a luz se me acende moi rapidamente, quero dicirle que no tema de deportes estase facendo un gran labor. Finalizáronse as actuacións de mellora de infraestruturas mediante convenios, como o convenio de colaboración coas deputacións provinciais e cos concellos. O segundo plan estase poñendo en marcha. Trátase de dotar a toda Galicia, a tódolos concellos. Neste segundo plan está previsto un investimento de 9.000 millóns de pesetas, diferéncianse uns concellos doutros segundo as categorías, segundo as poboacións, segundo o tipo de instalacións que deben ter, e é unha operación que está tendo gran éxito.

O convenio é legal, é racional, hai uns módulos, e o bonito que teñen estes convenios é a participación das distintas administracións, como poden se-las deputacións provinciais ou como poden se-los concellos. As obras están aí, as obras non quedan no baleiro, non quedan no aire, senón que hai que visitar tódolos concellos de Galicia e así verán as instalacións deportivas que hai e que a poboación está contenta con elas.

Xa vou rematar, señor presidente. Querería facer unha referencia ás críticas que se fan nestes presupostos á cuestión do desenvolvemento comarcal. Este Goberno apostou desde o ano 1991 polos plans de desenvolvemento comarcal. Hai vinte comarcas piloto que están aí, hai unhas fundacións xa constituídas, financiadas vía presupostaria, con realización de pequenas actuacións nestas comarcas, como poden ser os centros de exposición e recursos. O gabinete este ano ten un presuposto de 678 millóns de pesetas, 26 millóns menos que o ano pasado. O gabinete destina a esta sociedade tan só 259 millóns de pesetas para gastos correntes e 30 millóns para investimentos, e as fundacións que tanto critican como administracións paralelas, como *chiringuitos*, a cantidade para o seu funcionamento, e ningunha para investimentos, só é de 155 millóns de pesetas, cun aumento de 20 millóns para o ano seguinte.

É dicir, a Lei de desenvolvemento comarcal está aí. Nós, como grupo parlamentario, apostamos pola política que o Goberno galego está levando a cabo neste eido e, polo tanto, sen que haxa posibilidade de entrar nas demais emendas, rexeitámolas porque entendemos que o presuposto do Goberno é axeitado á realidade.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Lage.

Ten a palabra o señor Suárez Canal para a rolda de réplica.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señor Laxe, o gasto corrente da Consellería da Presidencia, da sección 04, incrementábase no 2% no seu conxunto. O gasto total diminúe mil e pico millóns de pesetas. O gasto de investimentos redúcese 14,8%. Isto significa que a Administración non é eficaz, porque non estamos a falar do gasto de persoal. Para xestionar moito menos diñeiro o gasto corrente aumenta, iso é o importante. E vostede di: “sacan diñeiro dun lado”, ...o de sempre, desvestimos un santo para vestir outro, dio habitualmente. Nós, habitualmente, desvestimos a San Publicidade, a San Protocolo, a San Estudios e Proxectos Técnicos, a San Persoal de Gabinete, a San Gastos Discrecionais, a eses desvestímoslos e concretamos noutros. Diso se trata nas emendas ó presuposto, creo eu, nas emendas

parciais. O que non é aceptable é que a vostedes non lle sirva ningunha. E nin sequera lle serven as que responden -repito- a proposicións non de lei aprobadas neste Parlamento cos votos do Partido Popular. Hai unha emenda do Bloque, por certo novidosa, coma outras moitas, que responde a unha proposición non de lei aprobada neste Parlamento. Eu pregunto qué delicto cometemos para que nin sequera esa emenda sexa aceptada, que non estean dispostos a concretar un gasto para aplicar esa emenda.

En definitiva, no tema de turismo e no tema de deportes nós non cuestionamos que vostedes fagan convenios; cuestionámolo procedemento e a forma e cuestionamos a concreción. En deportes o primeiro que lle teríamos que dicir, señor Laxe, é *fair play*, como xa lle dixemos na Comisión ó secretario xeral para o Deporte. Concrétennos vostedes os criterios do reparto. ¿Por que mil e pico millóns de pesetas en edificios sen ningún grao de concreción? Non é unha iniciativa novidosa, está en exercicios anteriores. Concrétennos vostedes, dígnanos con que prioridade e con que criterios e, entón, ó mellor poderíamos discutir sobre algo concreto. Se non, o que temos que facela oposición é concreta-la utilización dese diñeiro baseándonos en liñas de actuación, e iso é o que facemos. O mesmo ocorre no turismo. Vostedes prefiren epígrafes globais e nós dámoslles ideas por se non as teñen. Bótenlle imaxinación, rebatan esas ideas, propoñan outras, pero non sigan mantendo esas enormes partidas sen ningún grao de concreción.

Hai pouco, señor Fraga Iribarne, tivemos que escoitarlle nos medios de comunicación o seu posicionamento en contra do capitalismo puro e duro. Sería importante que nos dese unha disertación sobre o que entende el por capitalismo impuro e blando pero, probablemente, sexa destinar fondos a crear esa superestructura de fundacións que, en definitiva, o que fan é constituír unha rede de vasalos. Probablemente, sexa unha mestura do capitalismo e o feudalismo o que ó señor Fraga lle interesaría, e iso é o que traducen os presupostos da Xunta de Galicia, iso é o que traducen os presupostos da Xunta de Galicia.

Non hai ningún grao de concreción para que o Partido Popular poida seguir utilizando fondos para fundacións, sociedades e liñas de actuación en función dos emires locais, dos emires que representan ca-

da un dos conselleiros, e esa é a perspectiva que nos ofrecen estes presupostos. Ademais, son repetitivos. Os seus si que son repetitivos, “edificios e construcións” había o ano pasado e o ano anterior, non hai concreción. Partidas de turismo sen concretar había o ano pasado e no ano anterior; non hai concreción. Gastos en bens correntes había o ano pasado aumento e o ano anterior; non hai redución nin adelgazamento da estrutura burocrática da Xunta, contrariamente ó que predicán vostedes noutros foros. É fácil predicar. O que hai que facer é obras -con minúscula- nese tipo de iniciativas.

En definitiva, son presupostos continuístas cunha liña de actuación, que demostran a incapacidade de gobernar. Por iso, eu lles din o pésame, e son os sexos presupostos do exercicio da era Fraga. Levamos asistido a seis presupostos que, en definitiva, cada un deles foi un certificado de defunción da vontade de gobernar. Pero o Partido Popular debe ser coma os gatos, ten sete vidas. Quédalles un último exercicio presupostario antes de que se celebren as próximas eleccións autonómicas. Como vostedes volvan repetir nese exercicio presupostario unha liña de actuación que reiteradamente evidencia a manifesta incapacidade de gobernar, daquela será a defunción definitiva do Partido Popular e abrirá as portas a unha nova alternativa de Goberno, e iso é o que nós esperamos. Eméndense, señores do Partido Popular, que aínda están a tempo, se non vailles pasar coma ós gatos, e o sétimo exercicio presupostario da era do PP será a apertura, seguramente, dunha nova era neste Parlamento que utilice os presupostos coa finalidade de facerlle fronte ás agresións que sofren os nosos sectores productivos e, realmente, utiliza-lo diñeiro dos galegos e galegas coa capacidade de incidir na realidade infraestructural, económica e social do noso país -e mesmo turística- dun xeito positivo.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Suárez Canal.

Imos proceder a vota-las emendas do Grupo Parlamentario do BNG.

Emendas números 1 a 44. ¿Pódense votar conxuntamente? (*Asentimento*).

(*Votación*). (*Pausa*).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Emendas números 1 a 39 do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O señor Suárez Canal pide a palabra*).

Ten a palabra o señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Solicito a votación por separado das emendas 14 e 15. Xa expresei a nosa posición de voto desde a tribuna e solicito a desagregación desas dúas emendas.

O señor PRESIDENTE: Preséntolle as miñas desculpas porque debín de estar atento a iso.

Votamos, entón, as emendas números 1 a 39, agás a 14 e a 15.

(*Votación*). (*Pausa*).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Póñense a votación as emendas números 14 e 15.

(*Votación*). (*Pausa*).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 11; votos en contra, 36; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Pasamos a vota-lo texto do Dictame.

(*Votación*). (*Pausa*).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

Apróbase o Dictame relativo á sección 04.

SECCIÓN 05. (CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA).

O señor PRESIDENTE: Pasamos á sección 05, que é a Consellería de Economía e Facenda.

Ten a palabra o señor Vega Buxán polo Grupo Parlamentario do BNG.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras e señores deputados, a ningún se lle agacha a importancia que en todo Goberno, tamén neste, a pesar do seu carácter competencialmente reducido, ten a Consellería de Economía e Facenda. Sería inimaxinable pensar nunha política económica gobernamental sen a existencia dunha Consellería deste tipo e, ademais, dotada presupostariamente de xeito efectivo e solvente para levar adiante semellante política económica. Esta constatación teórica evidente resulta contrastada negativamente cando un pasa a ve-lo contido concreto dos orzamentos da Consellería de Economía e Facenda para o ano 1996. Xa se comentou aquí con motivo do debate de totalidade, pero as cifras cantan. Esta Consellería, como lle sucede a outras, pero concretamente esta, dispón dun volume de recursos inferior nun 7% ó que tiña para o presente ano e, ó mesmo tempo, existe un descenso de case un 10% nas transferencias de capital que manexa, dentro do orzamento, esta Consellería. Máis concretamente, hai un descenso dun 10%, en números redondos, das transferencias concretas que se fan desde esta Consellería ó IGAPE que, como vostedes saben, é un instrumento ó servizo e baixo o control desta Consellería, e que é presentado habitualmente nas declaracións oficiais como unha das pancas clave da política económica que realiza, ou que quere realizar eventualmente, o Goberno presidido polo señor Fraga.

Fago este prelude, este limiar, para encaixar mellor o sentido das nosas emendas, pero teño que facer tamén unha consideración máis. Xa non é a primeira vez que o dicimos desde esta tribuna, pero o grupo do BNG ten que deixar constancia de algo que calquera analista podía facer, a saber, que en tódolos anos que leva gobernando o Partido Popular -e, ¡ollo!, o señor Fraga leva gobernando desde o ano 1990, pero o Partido Popular practicamente desde o ano 1991, agás dous anos que vostedes chaman, habitualmente, o bie-

nio negro, ¡vaia sarcasmo!-, non foi quen de configurar un sector público galego digno de tal nome. Pero iso non obedece a unha desidia pola súa parte, ou ó froito do azar; é, sen dúbida, unha opción premeditada e consciente tomada por vostedes. A política que fixeron vostedes nunca foi unha política de creación dun sector público, economicamente falando, merecedor de tal nome, salvo que aquí fagamos unha utilización perversa dos conceptos e lle chamemos sector público funcional, para os obxectivos que debe cumprir nunha nación coma a galega, situada no contexto económico concreto no que está situada, e coa situación que ten -e non de agora senón de desde hai varias décadas, por non falar de tempos anteriores- ó conxunto de sociedades públicas ou de fundacións actualmente existentes na nosa nación. Iso levaríanos -a min, por exemplo, levaríame- a utilizar unha analoxía cunhas palabras que acaba de dici-lo voceiro do Grupo Popular que subiu a esta tribuna no anterior debate, cando falaba das comarcas piloto. Eu lembrei-me desas festas e feiras nas que hai unhas tómbolas, que vostedes coñecerán, nas que se falaba nunha época dos *perritos piloto*. Berrábase desde alí: Este é o *perrito piloto*. E, salvo que a política da Xunta cara ó sector público galego a entendamos como a creación de *perritos piloto* en economía, é dicir, fundacións piloto, sociedades piloto, salvo que a entendamos así, como un labor de *marketing* no que por debaixo non hai nada, vender fume, e non poñer en práctica o que debería ser un auténtico sector público galego. Vostedes hai tempo que renunciaron a iso, e nese sentido cobra virtualidade que eu aluda a algo ó que xa aludiu o meu compañeiro Suárez Canal hai un momento. Cando fai proclamas o señor Fraga que el nunca defendeu o capitalismo puro e duro e cando un constata o que se fixo baixo o mandato do señor Fraga, pois, desde logo, cando menos o que un pode dicir é que Galicia, a economía galega, foi deixada coas portas abertas, sen defensas de ningún tipo, os efectos do capitalismo puro e duro. Porque o capitalismo puro e duro, como vostedes saberán, desde logo, non funciona exclusivamente a golpe de decreto administrativo. O capitalismo puro e duro hoxe é unha dinámica suficientemente internacionalizada, con poderes que desbordan, e non só que desbordan, senón que están por riba, e que subordinan *de facto* ás veces os poderes políticos constituídos en estados xa constituídos desde hai moito máis tempo. E, por suposto, ¿que non lle vai ocorrer a unha nación coma a no-

sa que nunca tivo un estado-nación de seu e que agora do único que dispón é dun goberno, xa digo, capitidiminuído desde o punto de vista competencial?

Pois, desde logo, estarase por iso, dirase que se está contra o capitalismo puro e duro, salvo que se entenda, como moi ben dicía o meu compañeiro, que a non dureza do capitalismo consiste en crear unhas fundacións que, iso si, son funcionais; valen, como temos dito moitas veces, para crear unha rede clientelar que é efectiva desde o punto de vista electoral, pero que non é efectiva -e os números cantan, a situación económica está aí-, non é funcional e non é eficaz desde o punto de vista da transformación da situación económica do noso país.

Entón, pese a esa renuncia, deamos un paso máis e entremos no que vostedes fan. Vostedes renuncian a crear un sector público galego e cónfórmanse unicamente con ter dúas pancas, o IGAPE e recentemente SODIGA, máis tarde do que deberían ter esta sociedade de capital-risco baixo a súa xurisdicción, máis tarde porque é recente a incorporación de SODIGA ó minisector público galego. Vostedes teñen agora esas dúas pancas e hai que ver que fan con elas.

Xa falei do IGAPE e da súa redución, da redución das transferencias que fai a Consellería de Economía ó IGAPE respecto das que lle fixo o ano pasado. E aí está a recente demisión -aínda que xa pasaron uns meses- do anterior responsable do IGAPE, que durou sete meses no cargo -cousa que non é habitual en vostedes, que duran, ó mellor, sete anos, ou sete décadas, se puideran-, a pesar de que se dixo que xa cumprira o seu traballo, o cal, realmente, é espectacular. Non coñezo eu na historia recente, non só do Estado español, senón de Europa, unha persoa que nun cargo público en sete meses acade os obxectivos que se trazaran. Iso, realmente, é espectacular e debe figurar a partir de agora en tódolos libros que analicen non só as institucións políticas; eu diría que tamén debería figurar nos libros de administración de empresas, porque ese señor, desde logo, ten o futuro asegurado, porque se é capaz de amañar en sete meses o futuro, o funcionamento do IGAPE, non se lle resistirá ningunha empresa. ¡Vamos!, que calquera empresa en tres meses estará en beneficio se antes estaba en perdas.

Dimitiu o anterior responsable do IGAPE, porque o que realmente el pensaba que ía facer non o podía facer: a) polas restricións presupostarias de 1995 e b) porque as expectativas de 1996, realmente, eran moi malas. Efectivamente, os orzamentos demostraron que non son boas. Hai esa razón que eu lles digo.

E sobre SODIGA hai unha gran incógnita. Por iso, nós presentamos esta emenda alén da súa literalidade, e espero que non se fixen vostedes tanto na súa literalidade, porque estamos dispostos a cambiala, a transaccionala, ou mesmo a eliminala, se vostedes nos dan razóns que xustifiquen esa eliminación. Nós o que queremos saber é qué van facer vostedes con SODIGA. ¿Como van vostedes garanti-la solvencia financeira de SODIGA para que teña esa funcionalidade á que vostedes aluden para que, realmente, sexa un instrumento para tirar da economía galega, para dinamizala? Porque claro, un levántase pola mañá, colle os xornais e le -aínda que xa llo volverei dicir cando falemos dos orzamentos da Consellería de Industrias declaracións do señor Couceiro, que non ten o gusto de acompañarnos neste momento, e que di: “O ano 1996 será o comezo da recuperación industrial de Galicia”. E di un: ¡que gran prognosticador se perdeu tamén nos foros internacionais! Vexamos en que se fundamenta semellante información. Logo veremos qué lle pasa á Consellería de Industria. Xa o analizaremos máis adiante, pola tarde, a última hora. Pero, desde logo, se hai algún que pode incidir na situación industrial do noso país tamén son, desde logo, o IGAPE e SODIGA. Entón, ¿como van vostedes conciliar esas afirmacións optimistas -non vou falar de triunfalismos, dun optimismo histórico que nin os clásicos do marxismo mellorarían no seu momento- con plans concretos, con fondos concretos? ¿Cren vostedes que co que se lle dedica a SODIGA nos actuais orzamentos vai ser suficiente para que SODIGA cumpra ese papel? ¿Están vostedes en condicións de aseguralo? E se non é así, ¿por que non aceptan vostedes unha emenda transaccionalada coma esta? Cambiémoslle a literalidade, non falemos da ampliación de capital, falemos dun incremento nas transferencias de capital a SODIGA por parte da Consellería a través do IGAPE. Dános igual a fórmula. O que nos interesa é asegurar que ese instrumento sexa eficaz e que non nos atopemos dentro de seis meses con que, por exemplo, o actual responsable de SODIGA tamén di que dimite, e a versión oficial tamén dirá entón que

xa cupriu os obxectivos para os cales fora elixido. E así, todos contentos e pasemos páxina.

Estas emendas que presenta o BNG, que están concentradas no IGAPE e en SODIGA, en reforza-las cantidades asignadas a estes dous entes ou, neste último caso, a esta sociedade pública, como é o caso de SODIGA, xa ven vostedes que son por unhas cantidades relativamente simbólicas. E quero facer unha pequena parada nesta cuestión, porque ás veces afírmase que as emendas que presenta o BNG son desestabilizadoras do equilibrio presupostario. O señor conselleiro de Economía, que está aquí presente, sabe perfectamente que neste ano 1995 se viu obrigado -igual ca noutras consellerías- a facer un recorte presupostario na súa Consellería de seiscentos e pico millóns de pesetas. Ese recorte presupostario que fixo na súa Consellería curiosamente está en dous dos programas dos cales nós detraemos fondos. E nós detraemos fondos deses programas nunha cantidade inferior á que o señor conselleiro se viu obrigado a recortar no ano 1995.

¿Que quere dicir isto? Isto quere dicir que as nosas propostas serían perfectamente asumibles, desde o punto de vista do equilibrio presupostario, no interior da Consellería, porque houbo que practicar durante o ano 1995 un recorte, un cambio maior do que aquí se fai e, ademais, en programas semellantes. E o que nós facemos, en definitiva, non é nada do outro mundo. Nós dicimos: os cartos que se dedican neses programas, nalgún caso, a construír un edificio de servizos múltiples ou a adquirir uns terreos, que en vez de presupostarse nesa cantidade totalmente se faga nunha cantidade inferior. E ¡ollo!, o que nós restamos non chega ó 50% en ningún caso, e nun deles só chega ó 20%.

En definitiva, non habería ningún problema, señoras e señores deputados, en aceptar estas dúas emendas, porque non se pon en perigo nada e, desde logo, xa está moito máis en perigo có recorte efectuado neste ano. A cambio, polo menos, faise unha aposta un pouco máis -nada do outro mundo- activa e nada comprometida por parte de dous instrumentos que poden tirar un pouco dunha economía coma a do noso país que vive en horas baixas e pode entrar proximamente, se non o remedia alguén, na UVI económica.

Máis nada e moitas grazas.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, García Leira).

O señor PRESIDENTE (García Leira): Ten a palabra o señor Oujo Bello, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, para a defensa das súas emendas.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, señorías, estamos a defende-las emendas parciais presentadas polo noso Grupo Parlamentario á Consellería de Economía e Facenda. Presentamos unicamente 13 emendas, unha máis có BNG, que nós consideramos importantes e substantivas dentro das competencias da Consellería de Economía e Facenda, polo menos tal e como nós a entendemos, e que, desde logo, de ser aceptadas, non desequilibrarían en absoluto os presupostos desta Consellería, senón que intentarían mellora-la súa distribución.

Imos facer unha análise, en primeiro lugar, de como están os presupostos da Consellería, de a que queremos nós dedica-los cartos e de que lle pedimos nós á Consellería de Economía.

Desde logo, hai unha premisa previa, que é que os presupostos da Consellería de Economía, que deberían de ser paradigma e arquetipo de como deberían facerse os presupostos, lamentablemente este ano non son así. Hai que dicir que este ano a Consellería de Economía, os seus presupostos na súa concepción interna, adoecen dos vicios -digamos vicios- de tipo presupostario, evidentemente, que concorren nos presupostos xerais da Xunta de Galicia.

Así, vemos que esta Consellería importante, ou que debería ser moi importante, polo menos no peso do Goberno galego, diminúe os seus presupostos con respecto ó ano pasado. Diminúen en case un 8% os presupostos en cifras relativas e teñen un volume en cantidades absolutas de máis de 16.000 millóns de pesetas. Pero é que, ademais, o peso relativo desta Consellería no contexto dos presupostos consolidados da Xunta de Galicia, é dicir, dos presupostos da propia Administración da Xunta e mais de tódolos organismos autónomos que conforman todo o aparato de Goberno de Galicia, perde peso específico, xa que pasa de ter un 2,21% no ano 1995 a un pouco menos do 2%. É dicir, que decrece en cifras relativas case un

11% con respecto ó anterior exercicio.

Nas partidas de investimentos, aínda que non é unha Consellería eminentemente investidora, reflíctese o decrecemento dos investimentos nos presupostos xerais e acadan unha cifra da orde do 20% menos cá do anterior exercicio de 1995. E as transferencias de capital, que aquí si que é importante ou debería ser importante o peso desta Consellería, dado que son cantidades que permiten dotar presupostariamente organismos que van incidir na creación de riqueza de xeito directo, tamén decrecen case un 10%.

Pero o que é curioso é que, sen embargo, os gastos de gabinete se incrementen nun 155%. A cifra non é moi importante, evidentemente; son soamente 69 millóns de pesetas, pero si é importante o crecemento relativo, de acordo cos datos subministrados pola propia Consellería, que pasa de ter unha cifra de 27 millóns unicamente no ano 1995 a 69 millóns no ano 1996. É dicir, hai un crecemento no persoal de gabinete do 155%. E ata o de agora, no debate de Ponencia e Comisión, non tiveramos unha resposta axeitada deste crecemento que, ó mellor, podería estar xustificada, pero, lamentablemente, non tivemos unha resposta e, polo tanto, denunciámos publicamente este crecemento que nos parece excesivo, máis que duplica os gastos en persoal de gabinete.

A Consellería de Economía, coa creación duns institutos ou uns entes que levan parte das súas funcións, como son o IGAPE, como é a participación en SODIGA e como é incluso o INESGA, está practicamente baleira directamente de contido económico. As súas actuacións no eido económico están realizadas a través destes institutos, a través destas sociedades, a través destes entes. Polo tanto, de seguir así as cousas, esta Consellería máis que chamala Consellería de Economía e Facenda, habería que chamala *Consellería de Presupostos e Facenda*, porque o de Economía habería que esquecelo. Non actúa directamente no tecido productivo galego, non ten actuacións directas a propia Consellería sobre o *entramado* empresarial nin incluso na creación de emprego. É, polo tanto, unha Consellería que drena fondos públicos a estas institucións, que son as que si, en realidade, actúan en directo co empresariado galego. Xa que logo, como dicimos, de seguir así, habería que pensar nunha nova denominación: a de *Consellería de*

Presupostos e Facenda.

De aí, que as nosas emendas, señorías, vaian encaixadas a recuperar unha verdadeira Consellería de Economía, unha consellería que actúe dinamicamente no tecido empresarial galego, que actúe como locomotora que impoña os obxectivos que haxa que acadar, que controle a creación de PIB galego, que controle realmente a consolidación dos postos de traballo en Galicia e que teña unha acción indirecta, a través dos seus presupostos, no mantemento do emprego e incluso na redución do paro.

De aí, que nós pensemos que haxa que actuar de dúas maneiras. Unha delas, que nós consideramos prioritaria, é a creación dun consorcio comercial de produtos agropecuarios galegos. Xa tivemos en Comisión unha discusión bastante ampla sobre este tema, na que o portavoz do Grupo Popular naquel momento dicía que podería haber certas dificultades en implantar este tipo de consorcio. Nós, neste caso, somos máis optimistas e cremos que é necesaria a súa creación. Se hai vontade política por parte da Xunta de Galicia, haberá sempre en Galicia empresarios suficientes do sector agrario que participen neste consorcio, encamiñado, como non, á promoción dos produtos agropecuarios galegos. Estes produtos tenden a ter unha mellor relación calidade-prezo que sexa competitiva e que faga que o consumidor do resto do Estado ou doutros países europeos acepte os nosos produtos creando riqueza mediante a súa venda e xerando no proceso productivo incrementos substantivos que nós pensamos fundamentais e, incluso, oportunos.

Lamentablemente, en Comisión foi rexeitada esta emenda e nós esperamos que, neste momento, o portavoz do grupo maioritario reflexione ou xa reflexionara sobre ela e nos poida dar unha noticia distinta da que temos neste momento, que foi rexeitala *per se*.

Como digo, son tan importantes para nós este tipo de actuacións e estaríamos dispostos incluso a considerar algunha forma de transacción, respectando este espírito. Pensamos que a cantidade que se detrae non é substantiva, non é moi importante, que é case simbólica para o proxecto; é unha cantidade de 140 millóns de pesetas, que pensamos que é suficiente para o primeiro ano de constitución deste consorcio.

Ademais, temos outra partida que é para apoiar a exportación dos produtos galegos e que está en plena consonancia co anterior. Entendemos que o Goberno galego non se pode desinteresar de accións dinámicas do empresariado galego tendentes a exportar os nosos produtos. Hai, evidentemente, en Galicia algunha empresa pioneira na exportación, pero pensamos que hai capacidade, que hai caldo de cultivo, que hai masa crítica empresarial suficiente para poder potenciar substancialmente a exportación dos nosos produtos a outras rexións, a outras nacionalidades ou a outros países. Neste sentido, presentamos unha emenda por importe de 100 millóns de pesetas que, inicialmente, cremos que podería ser considerada suficiente para iniciar este tipo de actuacións directas da propia Consellería de Economía e Facenda.

Quero repetir, señorías, que estas dúas emendas son para a actuación directa da Consellería de Economía e Facenda, que non son para facer actuacións delegadas en novos institutos nos que a Consellería queda en segundo plano.

A terceira emenda coincide coa presentada tamén polo BNG, e pretende potenciar con máis diñeiro o Instituto Galego de Promoción Económica, o IGAPE. ¿Por que queremos potenciar con transferencias de capital o IGAPE? Porque os presupostos reflicten que este ano o IGAPE vai ter menos cartos có ano pasado e pensamos que este brazo, que este órgano de actuación da Consellería de Economía e Facenda, de actuación directa ante o empresariado galego, merece estar mellor dotado do que o dota inicialmente a propia Consellería.

Hai unha gran problemática no empresariado galego, unha gran problemática nas industrias galegas e pensamos que os fondos que había no ano 1995 son insuficientes, e de aí que isto sexa unha crítica directa, precisamente, á postura da propia Consellería con respecto ó IGAPE. Coincidimos neste sentido -aínda que as cantidades son distintas- coa intención do propio Bloque Nacionalista Galego. O IGAPE debe estar mellor dotado do que está para actuacións directas no tecido industrial e empresarial galego e non, evidentemente, nas dotacións de persoal. E non quero referirme aquí á problemática interna do IGAPE mostrada pola dimisión do seu propio director xeral.

Xa remato, señor presidente, dicindo que estas partidas nosas, nalgún caso simbólicas, noutros casos necesarias e suficientes, se detraen de partidas que nós consideramos que non desestabilizan en absoluto o propio presuposto da economía.

Señor presidente, señorías, estas emendas teñen un fin fundamental: potencia-lo tecido empresarial galego, potenciar unha verdadeira Consellería de Economía e Facenda e non colaborar á creación dunha Consellería de Presupostos e Facenda.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Oujo.

Rolda de Portavoces.

Ten a palabra o señor Vega Buxán polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras e señores deputados, o noso grupo, o BNG, vai apoiar as emendas do Grupo Socialista, porque hai unha concordancia coa liña de fondo que pretenden establecer estas emendas e que resumiu, ó remate da súa intervención, o voceiro do Grupo Socialista; a saber, que exista unha Consellería de Economía máis activa, máis comprometida co tecido económico do noso país.

Isto conecta coa miña intervención anterior, no sentido de que estamos diante dunha pregunta moi importante, de fondo, diría eu, no terreo económico do noso país e fóra del, pero tamén no noso país, que sería: ¿cal é o papel que debe xogar un goberno, a Administración pública, o público, o sector público na economía, á hora de trazar-lo desenvolvemento económico? Claro, este problema non se pode analizar igual en Alemaña ca en Galicia, como non se podería analizar seguramente igual, hoxe en día, en Singapur ou na India, por suposto, ca en Galicia. Este é un problema que non se pode xeneralizar ata ese punto, pero, en todo caso, o problema é ese: ¿que papel debe xogar-lo poder público, os poderes públicos, na economía? Ata agora, o único que sabemos aquí é, polo que respecta ó noso país, a Galicia, que a política, a lóxica política empregada ata agora polos sucesivos gobernos habidos desde o ano 1981 non conse-

guiu neutraliza-los efectos negativos derivados da dinámica económica existente no noso país e no seu contorno natural.

Insisto, as estatísticas están aí e reflicten nidiamente que a economía galega, por exemplo no eido industrial, perdeu peso respecto do que tiña nos anos 60. Entón, o que hai que preguntarse é: ¿é suficiente o que fixo? ¿Está ben orientado o que se fixo? ¿Poderíanse facer outras cousas? Aí, evidentemente, é onde xogan, onde aparecen as opcións políticas. Para o Goberno actual o que se fixo está ben, o que se fai é continuación do que se fixo, e a posición do Goberno actual nesa materia é máis ben que houbo pouca participación, pouca iniciativa do sector público e que hai que limitarse a que o sector público ás veces sexa o que substitúa o privado, pero en asuntos que son un gran negocio para o privado.

Porque vostedes non teñen ningún reparo -o Grupo Popular- en pór en marcha, con capital maioritario, SOGAMA. Entón, vostedes, amparándose en que se está prestando un servizo público, coalíganse cunha empresa privada e, en realidade, son esta e moitas máis as que van leva-la parte do león desa operación comercial ou económica. Vostedes só conciben, parece ser, a intervención, sobre todo neses termos, e iso é, precisamente, o que nos leva a nós a apoiar-las emendas do Grupo Socialista. Concretamente, hai unha delas que merecería unha pequena alusión, que é a que se refire ó IGAPE, pero máis concretamente ás pequenas e medianas empresas. Calquera que coñeza minimamente a realidade económica galega saberá que acaban de publicarse unhas estatísticas ás que eu xa fixen referencia algunha vez desde esta tribuna, e saberá que a grande maioría, case tódalas empresas, agás algunhas excepcións existentes no noso país, forman parte dese concepto que se chama pequena e mediana empresa. Ás veces, incluso case o 50% das que están rexistradas o están na mínima expresión, son empresas individuais. Polo tanto, loxicamente, ese sector maioritario do tecido empresarial galego debería ser obxecto de atención preferente por parte de calquera goberno e, precisamente, ás veces é moi difícil facer esa atención preferente, hai que recoñecelo, porque ese espallamento, ese minifundismo empresarial, dificulta a relación desas empresas coa Administración, e non só coa Administración, senón tamén coas entidades fi-

nancieiras ¿Por que teñen problemas coas pequenas e medianas empresas para financiarse? Porque a súa relación cos que poden ser financiadores é moi difícil ou porque non hai un bo contacto ou porque eses aplican, loxicamente, unhas tarifas ás que non poden facer fronte esas pequenas e medianas empresas. Aí é onde se debe nota-la presenza dun poder político que vaia axudar a aquela parte maioritaria do tecido empresarial.

Pois, señores do Goberno, o balance do IGAPE nese sentido é insuficiente -ás probas nos remitímos- e tódalas emendas que vaian nesa dirección merecerán o apoio do BNG.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Vega.

Ten a palabra o señor Oujo Bello polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, señorías, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presenta dúas emendas, unha delas é practicamente coincidente cunha nosa, que é a de incrementar as dotacións do IGAPE fundamentalmente para apoiar-las PEMES, as pequenas e medianas empresas galegas.

Nós pensamos que o tecido productivo galego, que é o tecido empresarial galego, está composto fundamentalmente por PEMES. O tecido galego é PEMES máis algo máis, aínda que as demais son grandes empresas, evidentemente. Pensamos que todo o apoio que se lle dea é insuficiente, que as PEMES deben estar mimadas, no sentido da súa propia responsabilidade de creación de emprego, de mantemento de emprego e de obter unhas contas, uns resultados, que lles permitan a supervivencia, a competitividade con outras empresas do resto do Estado ou con empresas incluso galegas.

Polo tanto, señorías, nós apoiamos esta emenda do Bloque, coincidente na súa intención e coincidente na contía.

É tamén unha cantidade simbólica. Sabemos que esta emenda non vai amañá-la problemática profunda

que ten o IGAPE, porque temos tamén unha emenda ó IGAPE que discutiremos o próximo venres na que intentamos facer unha análise da propia estrutura interna de postos do IGAPE, pero tal e como está nos presupostos -e espero que o señor portavoz do Grupo Popular fale deste tema-, a Xunta de Galicia este ano infradota o IGAPE respecto do exercicio do ano 1995. E estas dúas emendas, tanto a nosa coma a do BNG, tenden a potencia-lo IGAPE en novas cantidades que detraemos de partidas que consideramos que non están suficientemente xustificadas na propia Consellería de Economía e Facenda.

A seguinte emenda é unha emenda da que nós en Comisión xa falamos, e aínda que estamos de acordo coa súa intención, parécenos que, neste momento, nas prioridades que ten Galicia, incrementa-la participación da Xunta en SODIGA non é unha cuestión prioritaria. Hai que ter en conta que, neste momento, SODIGA ten un accionariado múltiple de varias representacións de entidades financeiras galegas, ten unha participación da propia Xunta de Galicia e ten unha participación do IGAPE, o cal supón ter unha participación indirecta da Xunta de Galicia.

A participación da Xunta de Galicia e a participación do IGAPE están moi por riba do 50% do capital; é dicir, a Xunta de Galicia controla directa ou indirectamente a través do IGAPE, unha partida de accionariado máis que suficiente para poder tomar calquera tipo de decisión, sexa esta de ampliación ou redución de capital, de incremento de cadro de persoal ou incluso de decisións estratéxicas.

Estamos de acordo, iso si, en que algo hai que facer con SODIGA. SODIGA está sendo un novo instrumento que absorveu a Xunta e tamén o IGAPE. Nós queremos saber como se coordinan as accións de ámbalas dúas institucións, queremos saber onde actúan, se actúan en concorrencia, se actúan cunha coordinación suficiente para evitar calquera tipo de problemas, se as actuacións que SODIGA faga nun momento determinado ante un empresariado están sendo feitas ó mesmo tempo polo propio IGAPE, etc. Estas son preguntas que deben aclararse e deben, polo menos, quedar suficientemente claras para eliminar todo tipo de dúbida.

E, nese sentido, nós coincidimos plenamente co

BNG e coas inquietudes expresadas, sobre todo en Comisión, polo portavoz, o señor Vega Buxán.

SODIGA está aí e algo hai que facer con ela, sobre todo hai que integrala perfectamente na política conxunta económica da Xunta de Galicia e dentro dunhas actuacións que busquen a sinerxia das actuacións coordinadas e non a rebaixa dos propios resultados por actuar concorrentemente.

Neste sentido, con respecto a esta segunda emenda, nós imos esperar con moito interese a contestación que poida da-lo portavoz do Partido Popular porque, como digo, estando de acordo cos principios, pensamos que non é unha cuestión prioritaria e, probablemente, nesta emenda que pide unha maior participación en SODIGA teñamos que abstermos.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Oujo.

Ten a palabra o señor Egerique Martínez polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor EGERIQUE MARTÍNEZ: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, antes de entrar no contido concreto das emendas, quero facer algunhas precisións sobre temas tratados polos portavoces que me precederon no uso da palabra.

O señor Oujo, coa súa perspectiva habitual, fala duns gastos de gabinete da Consellería de Economía, dun aumento espectacular. Eu diríalle que se observa detidamente os presupostos verá que, tanto no documento presupostario coma no anexo de persoal, o aumento é do 3,5% e que soamente na memoria económica aparece unha cantidade distinta que, evidentemente, responde a un erro. Porque, ademais, a memoria económica non é un documento vinculante como o é o censo de persoal e como o é o propio documento presupostario. O documento presupostario sobe exactamente un 3,5% e, sen embargo, na memoria económica utilizouse un erro que pon unha cantidade totalmente distinta e parece que hai un aumento espectacular.

Tamén, antes de entrar nas emendas concretas, quixera facer algunhas precisións sobre temas tocados polo señor Vega no longo limiar -que ía ser curto e foi demasiado longo- para dicir -e tamén a isto se referiu o señor Oujo- que eu penso que a Consellería de Economía non é precisamente a Consellería que ten que estar especialmente dotada de medios económicos para investir ou para dirixi-la política económica. A política económica diríxela a Consellería a través dunha sociedade para tódolos presupostos, pero non ten que estar especialmente dotada de fondos.

Respecto do sector público, señor Vega, quérolle dicir que é distinto o intervencionismo ó feito de que o Goberno renuncie -que non renuncia- a facer tódalas actuacións posibles para crea-lo clima, a estratexia e crea-la estrutura adecuada para que se produza o desenvolvemento económico. Unha cousa é o intervencionismo como tal e outra cousa distinta é esa actuación á cal o Goberno non renuncia, como ben ten demostrado con actuacións concretas.

Por outra banda, critícase nesta Consellería que diminúe o capítulo VI, de investimentos e, sen embargo, case a totalidade das emendas retiran fondos dos investimentos previstos no capítulo VI. Haberá que poñerse de acordo para rematar este comezo e dicirlle ó señor Vega que en ningún caso este portavoz se referiu ás emendas do Bloque como emendas desestabilizadoras; todo o contrario. Creo que sempre se recoñece o traballo que fai a oposición, recoñécese que hai emendas que están ben estudias, pero outra cousa é que encaixen dentro do proxecto do Goberno e que non sexan aceptadas. Eu de emendas desestabilizadoras ou de termos parecidos non falei en ningún caso.

Hai unha primeira emenda do Grupo Socialista referida a SODIGA. Ben, respecto da sociedade, hai que dicir que tanto o IGAPE coma SODIGA coma INESGA creo que está demostrado todo con feitos que son instrumentos necesarios e fundamentais no ámbito da produción e no ámbito do desenvolvemento económico. E no caso de SODIGA practicamente o cambio da súa actuación no último ano experimentou un cambio de máis de 180 graos.

É necesario, por unha parte, preservar-lo equilibrio financeiro da sociedade, pero tamén é necesario dota-

lo, e así está dotada daqueles medios necesarios para cumprilas súas funcións e especialmente para asumir riscos de acordo cunha finalidade. Pero é unha función de riscos que ten que estar totalmente controlada. Non poden asumirse riscos de forma que poidan levar a situacións de quebra, a situacións difíciles para a propia sociedade.

O texto da emenda -xa falamos disto en Comisión- di textualmente: "...para a ampliación da participación da Xunta en SODIGA. Eu non vou facer, como xa dixovostede, tema da propia terminoloxía. Pero hai que entender, iso si, que esa ampliación da Xunta en SODIGA pode facerse por dúas vías: ou ben vía ampliación de capital ou ben vía inxección de fondos a SODIGA para o cumprimento dos seus fins.

A primeira das posibilidades hai que descartala. Unha ampliación de capital esixiría un acordo entre tódolos compoñentes de SODIGA; non é soamente a Xunta o único accionista. E respecto do que fai referencia a inxectar en SODIGA o incremento de apoio financeiro, haberá que dicir que, a través do IGAPE, SODIGA vai estar dotada, durante o ano 1996, de máis de 1.000 millóns de pesetas para un fondo de fomento de investimentos. E, por outra parte, SODIGA vai ter un novo fondo para xestiona-lo programa INTERREG II, que suporá unha contía de 250 millóns no ano 1996 e que chegará ata os 800 millóns no ano 1999. Nese sentido nós cremos que SODIGA está suficientemente dotada do aspecto financeiro e que, desde logo, o cambio da súa actuación dos últimos tempos foi autenticamente espectacular.

Seguen dúas emendas referidas a aumenta-las contías do IGAPE, e aínda que se fala de que son emendas máis ben testemuñais, realmente son emendas que reflicten unha vontade. Eu o que quero dicir -e xa o dixeron na anterior intervención- é que, dentro dos presupostos restrictivos da Xunta, recoñecerán comigo que o IGAPE foi dos institutos especialmente tratados dentro dese carácter restrictivo.

O IGAPE conta con créditos específicos de apoio ás PEMES por un importe de 6.550 millóns de pesetas, que é un importe similar ó que houbo no ano 1995. Tendo en conta este marco restrictivo-financeiro nos presupostos do 1996, ponse de manifesto o esforzo por garanti-la capacidade do IGAPE no finan-

ciamento de apoio ás PEMES, sen prexuízo de todas as actuacións que, a través das consellerías de Industria, Agricultura e Pesca, poden facerse neste ámbito.

Pensamos que, nese sentido, o IGAPE está especialmente dotado, aínda que, indubidablemente, sempre podería dotarse mellor; e conecto isto co tema das prioridades. Unha cousa, señor Vega, é funcionar con déficit e outra cousa é facer prioridades, que é o que fixo, o que fai este Goberno, como veremos, ó falar dos créditos, de onde se reducen cantidades para dotar estas partidas que vostedes propoñen.

Hai unha emenda do Grupo Socialista referida á creación dun consorcio comercial de produtos agropecuarios galegos. O señor Oujo dicía claramente que sempre haberá empresarios. Señor Santos, a creación dun consorcio esixe unha serie de empresarios que se poñan de acordo para unha función común. E aquí poden seguirse dous procedementos: ou poñe-los cartos, é dicir, crea-lo consorcio sen contar antes con eses empresarios; ou ben contar primeiro con eses empresarios, facer un labor previo con eses empresarios e, unha vez que haxa un acordo, facer ese consorcio. Temos un exemplo claro na actuación da Xunta de Galicia nese aspecto no grupo lácteo, no que, con xestións feitas, se está comezando a facer un importante grupo lácteo en Galicia.

Houbo varios intentos de facer consorcio neste sentido, e a resposta empresarial quizais non fose ata o momento a máis adecuada, pero é un tema no que temos que traballar xuntos e que, indubidablemente, cando conte co soporte persoal suficiente para levalo a cabo, ese consorcio será creado sempre que exista ese soporte previo persoal.

Non obstante, se ben non se refire á creación dun consorcio, pero si a temas relacionados coas cuestións agropecuarias e pesqueiras ás que se refiren as emendas, si quería facer fincapé en que no ano 1996, nos presupostos que estamos a debater, hai 1.990 millóns que a Consellería de Industria dedicará á regulación do comercio interior e á política de prezos; 2.750 millóns que a Consellería de Agricultura dedicará á ordenación e creación de industrias agroalimentarias, que teñen que ver co contido da emenda; e, en Pesca, 2.721 millóns que teñen o mesmo contido có de

Agricultura, pero no eido do ámbito competencial da Consellería de Pesca. Neste sentido, entendemos que hai cantidades suficientes para, se ben non crear directamente ese consorcio polas cousas mencionadas, si actuar sobre os sectores ós cales ese consorcio se refería.

Finalmente, existe unha emenda do Grupo Socialista sobre o apoio á exportación dos produtos galegos, respecto da cal temos que dicir que o crédito que se debe de incrementar do IGAPE xa conta con 100 millóns de pesetas específicas para apoio á exportación, ademais de tódolos créditos que hai para a promoción comercial e o apoio ás PEMES, no que indirectamente tamén se está a apoiar-la exportación.

Non fixen referencia, como verán vostedes, en ningún caso, ós créditos, dos cales son detraídos os fondos para poder atende-lo contido das emendas. Sen embargo, si teño que facer referencia a que, na maioría dos casos, se están a retirar do capítulo VI, no que hai tres investimentos fundamentais, un para o edificio de servicios múltiples en Vigo, outro en Lugo e outro en Santiago, en Salgueiriños, que entran dentro da política da Xunta, de, por unha parte, evitar unha serie de pagos de alugueres importantes que se están a facer nas oficinas da Xunta en cada unha destas localidades e, por outra parte, facilitar-lles ós cidadáns unha mellor comodidade ó centralizar nun único edificio tódolos servicios da Xunta nas cidades referidas.

Nese sentido, indubidablemente, hai unhas prioridades. Compaxinar uns obxectivos con outros é o obxectivo fundamental e penso que, nese sentido, hai que manter eses compromisos adquiridos. Non se poden retirar-los fondos de onde as súas señorías pretenden.

Por iso, señor presidente, nós imos mante-lo estado de gasto tal e como sae do texto do dictame da Comisión e rexeita-las cinco emendas presentadas á Consellería de Economía.

Moitas grazas.

(Ocupa a Presidencia o seu titular).

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Egerique.

Rolda de réplica.

Ten a palabra o señor Vega Buxán.

O señor VEGA BUXÁN: Gracias, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, estivemos esta mañá debatendo co señor Egerique, e no caso da Consellería de Economía, por seguir a súa orde expositiva, hai unha primeira cuestión que vostede comentara ó fío do limiar que eu fixen respecto desta Consellería que eu quixera comentar.

Fala vostede de que non son intervencionistas, pero que si se mollan cos sectores económicos. Esa é a súa tese. A nosa é diferente. Pero é diferente e, ademais, demostrable. O curioso de vostedes ou o aparentemente paradoxal é que son intervencionistas no que non deberían selo, poñamos por caso, as fundacións. Clarísimo, se un vai ós orzamentos ve que este ano segue habendo 500 millóns ou máis -non me lembro da cifra exacta- para a Fundación Semana Verde de Silleda, que xa viña sendo obxecto de transferencias de fondos públicos. ¡Discutible! Para min e para o noso grupo hai intervencionismo onde non debería habelo. E, sen embargo, non o hai onde debería habelo: resistencias a ter un papel activo no grupo lácteo; resistencias a calquera iniciativa que sexa un papel activo con fondos públicos; resistencias a ter un papel activo en calquera outra iniciativa ou ante calquera outra iniciativa que se lles presente a vostedes noutro sector productivo; rexeitan por sistema neste Parlamento tódalas iniciativas tendentes, por exemplo, a configurar iso que hoxe aparece co nome de consorcios ou de agrupacións empresariais promovidas polo sector público, etc.

Eu xa comentei antes que vostedes non sei en que país viven; isto non é Cataluña, onde hai -como lle chamaría o outro- un dinamismo empresarial consolidado despois de moitos anos e onde os poderes públicos se enfrontan cun sector privado empresarial dinámico e as relacións que teñan con ese sector serán conflictivas en tal ou cal sentido, pero non é o mesmo que hai aquí. Porque vaian vostedes a ve-lo país real, no eido empresarial, ¡por favor! Calquera que o vexa dirá que se vostedes están esperando a que aquí ese sector empresarial actúe como en Cataluña ou como en Alemaña, pois, claro, así se explica un que vostedes sigan a política esa de esperar e ver, a de sentarse

a ver que pase o cadáver, neste caso da economía galega ou de tal ou cal sector productivo galego.

Respecto de SODIGA -por segui-la súa orde expositiva-, vostede di que non é posible a ampliación de capital porque hai outros socios. Vostede veu dicir: "Non é unha decisión exclusiva da Xunta". Claro que non, pero se a Xunta hoxe é *de facto* o socio maioritario ou o accionista maioritario de SODIGA, calquera sabe que as decisións, os desexos ou as opcións dun socio maioritario nunha sociedade son determinantes, son decisivas. Pero é que, ademais, se quere, léolle cales son os socios que acompañan a Xunta en SODIGA. Hai varios e, concretamente, están aí as caixas de aforro galegas. Aí están, aí teñen vostedes a ocasión de, xustamente, agora que se vai tramita-la Lei de caixas de aforro e que o señor conselleiro veu aquí e dixo que tiña o consenso desas caixas, demostrar que ese consenso tamén existe cando se trata de pedirllas ás caixas de aforro que tomen unha opción razoable, unha aposta por este país. Eu non vexo ningunha dificultade e, entre a Xunta e as caixas de aforro teñen máis que abondo peso en SODIGA para tomar calquera decisión nese sentido. Ou sexa, que ese argumento, señor Egerique, non é convincente, claramente non é convincente; haberá outras razóns, pero, desde logo, esa non é aceptable.

E logo alude vostede a que xa nestes orzamentos hai unha achega de fondos a SODIGA por un valor de 1.000 millóns máis unha parte do fondo transfronterizo e tal. Eu mirei os papeis, e iso existirá neses recunchos que hai na Administración pública, e na que vostede dirixe máis ca en ningunha outra tal vez, pero eu teño aquí a documentación que acompaña os orzamentos de SODIGA, e nesa documentación o único que se di explicitamente nun momento, cando se fala do seu orzamento de capital, é: subvencións de capital da Comuniade Autónoma, 350 millóns. Pero 350 millóns, non os 1.000 millóns ós que vostede aludiu aquí. Eu, de tódalas maneiras, tomo nota dos 1.000 millóns que vostede dixo e xa comprobaremos ó longo do ano 1996 se eses 1.000 millóns son reais ou é un brinde ó sol. E digo isto, brinde ó sol para que non apareza no *Diario de Sesións* como: brinde ó PSOE. Pois a ver se é un brinde ó sol ou é verdade o que vostede di.

Eu ata agora o único que sei é: subvención de ca-

pital a SODIGA, 350 millóns. Logo, haberá o que haberá, pero iso xa forma parte desa especie de política opaca e, como dixeron eu un día aquí, vostedes practican aquela máxima de que “non debe sabe-la súa man esquerda o que fai a dereita”, pero deberíamos saber todos o que fan vostedes cunha man e coa outra.

En canto ó IGAPE, tampouco me parece convincente a súa argumentación e, en todo caso, vostedes teñen aí un elemento en contra moi importante, rotundo. Hai un señor que demitiu hai uns meses, e non é habitual en vostedes que demita ninguén. Dígame vostede un caso semellante da importancia do IGAPE. ¿Alguen demite na Consellería de Educación? Ninguén. O director de universidades non demite, non señor. ¿Alguén dimite ante os escándalos xornalísticos aquí? ¿Están destituídos os señores eses que en Cuba fixeron o que fixeron? Non, non señor. ¿Demite aquí alguén? Non. Pois, xustamente, hai un señor no IGAPE que demite sete meses despois de ser nomeado. ¡Oia!, isto é un acontecemento.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando.

O señor VEGA BUXÁN: Si, agora remato, señor presidente.

É un acontecemento; entón, ese acontecemento, para contrarrestalo, hai que dar argumentos máis de peso que limitarse a recitalo habitual de que o IGAPE ten un papel fundamental.

Non son convincentes, señor Egerique, as súas razóns. Son perfectamente asumibles as nosas emendas; os edificios dos que din que non se poden retirar los investimentos habidos, si se poden retirar, neses programas, reitero, no ano 1995; retiráronse 600 millóns de pesetas por mor do recorte presupostario e non se veu abaixo a Consellería, non se veu abaixo o equilibrio presupostario, pódese levar a adiante. O que fai falta é unicamente ter vontade e vostedes non teñen vontade. Iso é o que pasa simplemente.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega.

Ten a palabra o señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, señoría, escoitei con moita atención, como fago sempre, o portavoz do Grupo Popular, o señor Egerique, pero, lamentablemente, non acaban de satisfacerme as respostas que me deu porque practicamente coinciden coas que me deu en Comisión.

Non se pode ou non é lóxico que intenten rebaterse algunhas das nosas emendas que intentan potenciarlo tecido productivo galego ou a creación incluso do consorcio comercial para produtos agropecuarios aducindo xa que a Xunta ten presupostos suficientes. E creo que é bo unha vez máis recorda-las cifras, porque as cifras non enganan, son frías, están aí e son cifras que dá a Xunta de Galicia. Así, por exemplo, o concepto de funcións, que engloba tódolos presupostos dispersos polas consellerías para un obxectivo determinado con respecto ás actuacións económicas xerais, decrece o 14,6%; en comercio decrecen o 3,7%; en Agricultura, Gandería e Pesca decrecen o 4,1% e en competitividade decrecen o 8,5%, que son as funcións fundamentais para o tema que estamos a tratar. E, igualmente, nos programas todos que conflúen na actividade de apoio ó sector económico, que inclúe tamén os sectores productivos e maila reordenación industrial e o desenvolvemento empresarial, xa lle dixen á mañá que decrecían un 2%. Esas son cifras frías, cifras relativas e absolutas que falan por si mesmas.

Polo tanto, non vale coller unha partiña illada e dicir agora que o señor conselleiro de Agricultura ten máis en non sei que partida. Globalmente decrece o apoio á empresa galega, como estamos a ver reiteradamente.

Dicir que non se apoia a nosa emenda de crear un consorcio para a comercialización de produtos agropecuarios porque non hai empresarios máis ou menos dispostos ou que non coñecen o tema é estar nunha actitude pasiva. Vostede sabe que hai empresarios de sobra para iniciar a creación deste consorcio de produtos agropecuarios, de produtos agrícolas e gandeiros; empresarios gandeiros e empresarios agrícolas que estarían dispostos, seguro, a participar na creación deste consorcio.

Polo tanto, hai unha postura pasiva que están tomando vostedes de dicir: non hai, non se move nada,

non facemos nada e hai unha postura activa, dinámica, positiva, de acción de goberno, que di: imos crear este consorcio e imos ve-lo que temos e a ver se é positivo. Así é o tema. Polo tanto, vostede xustifica o non neste sentido, nunha postura de pasividade da Xunta, dunha Consellería que delega practicamente as súas funcións en organismos distintos para as actuacións directas, como son -xa as dixen antes-: o IGAPE, o INESGA e incluso a propia SODIGA.

Vostede, señor Egerique, a penas mencionou nada da exportación, e é un tema moi relacionado co dinamismo empresarial galego. Non quero incidir sobre ese tema porque creo que está suficientemente claro que é necesario apoiar a exportación de produtos galegos desde a Consellería de Economía, co obxecto de que coordine tódalas accións tendentes a fomentar a exportación e que non actúen dispersamente as consellerías *per se*.

Tampouco estou moi de acordo, evidentemente, en que diga que nós sacamos de onde non debemos sacar. Non baleiramos completamente as partidas de investimentos que vostede di. Nalgún caso apazaríanse, porque entendemos que prioritariamente teñen máis importancia para Galicia estes conceptos de potenciación dos nosos produtos e das nosas empresas cá creación dalgún edificio que vén reflectido na partida de investimentos. Priorizar, realentizar non é eliminar nin suprimir. Polo tanto, evidentemente, non podemos estar de acordo.

Agradézolle a corrección que fai do texto da Consellería. É unha pena que non o dixera en Comisión, que se esquecera, porque así eu non faría esa emenda. Nós sacámola, non sabíamos dese erro e tomamos nota diso.

Polo tanto, señor Egerique, vostede, con toda a súa boa fe e o seu interese, sabe que está nunha situación un pouco incómoda, porque cando son moitas emendas -e vou falar de feitos contrastados, como o que pasou xa hai un pouco coa Consellería da Presidencia, á que se presentaron moitísimas emendas- din que non nun caso, que non se pode mover, etc. e cando son poucas e de calado tamén as rexeitan. Polo tanto, digo o que dixen esta mañá: estamos ante o aviso dun voto anunciado, e a min gustárame equivocarme, gustárame que non fose un reflexo do

que pasou en Ponencia e en Comisión, pero vexo que o que está pasando ata o de agora está sendo certo. Sistemáticamente están rexeitando as emendas que estamos a presentar, unhas porque son moitas e tocan poucas cantidades, e outras porque son poucas e tocan moitas cantidades; unhas porque son de fondo e outras porque xa as fan vostedes. Noutras esperaremos outros argumentos que non quero repetir e quitarlles xa a palabra ós futuros portavoces do Grupo Popular. Tanto o portavoz de Presidencia anteriormente coma vostede, realmente, dixeron o que xa sabíamos e obtivéronse, lamentablemente, os mesmos resultados.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Oujo.

Imos proceder a vota-las emendas á sección 05.

Póñense a votación as emendas 47 e 48 do Grupo Parlamentario do BNG.

(Pide a palabra o señor Oujo Bello).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Oujo?

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, quixera, se ten a amabilidade, que se separasen as dúas emendas do Bloque, a 47 e a 48, como xa anunciei antes.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a emenda número 47 do BNG.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 39; abstencións, 15.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a emenda número 47.

Ponse a votación a emenda número 48.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada a emenda.

Póñense a votación conxuntamente as emendas números 40, 41 e 42 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Ponse agora a votación o texto do dictame.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 23.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto do dictame.

Dada a hora que é e que non hai posibilidade de tramitar unha Consellería, non parece axeitado comezala e non rematala. Prevíramos, falando cos portavoces, a posibilidade incluso de altera-la orde, de meter unha das seccións pequenas ou a de organismos autónomos, pero, dada a hora que é, non parece tampouco axeitado introducilo agora, entón, reiniciáremo-la sesión ás catro e media da tarde co debate da sección 06, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás catro e trinta e cinco minutos.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polos letrados señor Caride Puente e señora Rodríguez Carro.

Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta

de Galicia, acompañado do conselleiro de Economía e Facenda; de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; de Industria e Comercio; de Agricultura, Gandería e Montes; de Cultura; de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e da conselleira de Familia, Muller e Xuventude.

O señor PRESIDENTE: Reiníciase a sesión.

Retomámo-la orde do día.

SECCIÓN 06. (CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA).

O señor PRESIDENTE: Hai emendas dos grupos parlamentarios do BNG e dos Socialistas.

Están incorporadas a esta sección as emendas presentadas sobre a Sociedade Galega de Medio Ambiente e sobre Portos de Galicia.

Ten a palabra o señor Trigo Durán polo Grupo Parlamentario do BNG.

O señor TRIGO DURÁN: Gracias, señor presidente.

Señorías, é esta unha repetición, dalgún xeito, da defensa que en Comisión fixemos das emendas. Ó baixar aquí un sabe que non vai poder ser un vento furacanado que cambie a situación. Tampouco quixera ser un vento mareiro, porque é un vento traidor, un vento de terra. Pero, ó final, non me quedará máis remedio que xogar a se-la marea e non a maruxía, porque a maruxía é unha cousa máis perigosa, é iso ó que vostedes lle chamarán seguramente a resaca, eu chámolle a maruxía. Non me quedará máis remedio que ser coma a marea e seguir, coma todos estes anos, insistindo, dando contra esta pedra, que é o Partido Popular, para ver se algunha vez conseguimos desgastar e que cheguen as nosas ideas, ou algunhas das nosas emendas, a terse en conta; cousa que me parece bastante difícil no día de hoxe, pero, ben, máis se perdeu noutros lados e, polo tanto, vou seguir.

Dicía o outro día na Comisión e sigo a dicir hoxe que en política os recursos, ó igual que en calquera xeito da vida, sempre son escasos, pero unha das máximas da política é ter en conta a escaseza dos recur-

sos para chegar a priorizalos, para chegar a investilos naquilo que poida xerar riqueza; en definitiva, investir diñeiro público no que sería o gasto público necesario. Porque saiban vostedes que eu estou moi a favor do gasto público; non me inflúen moito esas mareas que din que non hai que facer gasto público, ó contrario. Eu creo que hai que facer moito gasto público para investimentos e outras cousas, pero non para tirar con el en actividades que, ó final, non redundan en beneficio de ninguén; redundan, iso si, moitas veces na propaganda, en listos que se moven arredor do poder e que conseguen grandes dividendos dos moitos millóns de pesetas que se moven nese nivel en empresas que se pegan como lapas ás consellerías e á Xunta de Galicia e conseguen non ser soamente unhas lapas pegadas senón unhas auténticas samesugas que van chupando todo aquilo que topan ó seu alcance.

Neste aspecto eu creo que se dilapida moito diñeiro e, nun país atrasado coma o noso, con grande déficit de infraestruturas, e nunha Consellería coma esta, de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, as infraestruturas teñen moito, pero moito que ver co desenvolvemento económico do país, dada a situación de déficit existente nela. Esta dilapidación pública, ó longo do tempo, ó longo destes presupostos que estamos debatendo estes anos, levounos a situacións nas que se gastaron miles de millóns de pesetas en cousas que, nun principio, poderían parecer necesarias, pero que, realmente, despois, víronse que eran auténticas pantallas; é dicir, un exemplo; ¿é necesario que haxa marquesiñas para que se guarezan as persoas debaixo delas no noso país, non só os cativos, senón outras persoas? Evidentemente que si, pero, realmente, cando despois un percorre o país e ve que a maior parte desas marquesinas responden un ano tras outro a un deseño diferente, e que esas marquesiñas están abandonadas, rotas e ninguén se ocupa do seu mantemento, un pensa que non se facía a cuestión para solucionar-los problemas, senón que o que se facía era por pura pantalla. Porque se acaba a súa función, ó estar rota, se non se repón ou se mantén automaticamente algo pasa. E non é unha cuestión de vandalismo única e exclusivamente, é unha cuestión de que na cesión delas haxa un mantemento.

Así nos topamos con que, realmente, o que se fixo foi dilapidar miles de millóns de pesetas, porque o se-

ñor Cuiña e os señores do Partido Popular saben perfectamente que isto valeu moitos cartos nos últimos cinco anos, xa que isto comezou na xeira de don Antolín Sánchez Presedo, na Consellería de Ordenación Territorial, pero, realmente, o groso dos investimentos foron feitos polo Goberno actual.

¿Que dicir das asistencias técnicas? ¿É unha necesidade que se fagan proxectos para realizar obras? Si é unha necesidade, pero, evidentemente, é unha dilapidación pública que, tendo enxeñeiros e técnicos abondos na Administración, tódolos proxectos se encarguen fóra e, ademais, tódolos proxectos lle custan centos de millóns e miles de millóns de pesetas ó ano á Consellería de Ordenación do Territorio. Este ano, nos presupostos da Consellería de Ordenación do Territorio, a pesar de ser, como se di, uns presupostos restrictivos, gástanse cantidades que superan os mil millóns de pesetas en asistencias técnicas. Isto fai que as samesugas que eu dicía ó principio estean pegadas coma lapas ó redor e estean chupando continuamente dos presupostos públicos. Pero é un diñeiro que poderíamos aforrar e que estaría moi ben empregado en infraestruturas.

E non digo isto só eu; o conselleiro de Ordenación do Territorio recoñecíalle a este deputado na comparecencia para explica-los presupostos que era certo, que había demasiado diñeiro en asistencias técnicas, incluso lle chamaba a atención ó director xeral de Obras Públicas na Comisión na que comparecería, pero as emendas que se presentan por parte do Bloque Nacionalista Galego e que tentan reduci-lo diñeiro dedicado a asistencias técnicas, curiosamente, non son aceptadas, e o máis sorprendente é que, dentro do propósito do Grupo Popular, de presentar emendas ós presupostos, o coherente sería seguir coa filosofía do conselleiro de que era demasiado diñeiro e que debían presentar emendas para diminuí-lo presuposto e as partidas de asistencias técnicas. Ben, ¿con que nos topamos? Con que non se fai ningunha emenda nese sentido e que hai unha dilapidación de diñeiro; son máis de mil millóns de pesetas os que están dedicados a asistencias técnicas este ano.

¿Que dicir dos convenios para a realización de obras e edificios nos concellos, porque se fai de todo? Dicía o meu compañeiro Suárez Canal que o señor Diz podía facer de todo na súa Consellería, pois o se-

ñor Cuíña tamén fai de todo, fai desde campus universitarios ata edificios para audiotiros, deportes, etc. Realmente, non son cousas da súa Consellería, pero fainas, e eu creo que o groso do que tería que facerse eran, realmente, as infraestruturas. En vez de coller e chegar a acordos nos investimentos de coresponsabilidade con outras administracións públicas, como poden se-los concellos e as deputacións mesmo, que están a dilapidar diñeiro, ó que chegamos aquí é a unha situación na que non queremos chegar a acordos cos cidadáns mediante o convenio claro con estas institucións que os representan tamén para a realización de obras, e, curiosamente, dilapidamos diñeiro.

Hai exemplos claros desta dilapidación e de que, realmente, non se favorecen para nada nin as infraestructuras nin a mellora da nosa economía. Un dos exemplos máis claros é a situación do sanemanto. Señor Cuíña, non se preocupe que eu doulle ó César o que é do César e, fóra do que recoñeza, teño que dicilo que hai.

En saneamento, señor Cuíña, ¡que desastre!, mire, ¿vostede ve a situación que se dá das mareas vermellas? Algo terá que ve-la falta de sanemaneto integral do noso país. Vostede, que eu sei que é un bo lector de periódicos, que ten esa cultura -fixenlle o sinal para que o saiba- de periódico, vería que hai uns días aparecían unhas fotos -que, seguramente, eran encargadas polo BNG- nas que se dicía que as zonas de máis contaminación eran a ría de Arousa e a ría de Vigo. Esa contaminación, realmente, é produto da falta de sanemanto das rías. Faise esforzo, pero este deputado xa lle ten dito a vostede que o que non se facía era coresponsabilidade, que o único que había era a técnica da subvención indiscriminada para a realización das obras, sen priorizar. Ó mesmo tempo, sen a participación dos cidadáns e sen outras institucións iso faría que nos retrasasemos moitísimo na realización dos saneamentos. As consecuencias están aí: as mareas vermellas e todas estas cuestións. Entón, ¿que é o que se fai en sanemantos? Pois fanse obras, eu non o nego, pero vaise moi atrasado. En infraestructuras imos atrasados.

¿Que falar do Plan de residuos sólidos da Xunta?
¿Que falar do tema SOGAMA? Agora xa sei que vostedes teñen moito compañeiro de viaxe novo, pero, ¿que falar desa cuestión? ¿Que dicir de que desde o

ano 1990, en que a Xunta, en setembro, aproba no seu Consello o Plan de residuos sólidos urbanos non foi capaz de levalo a adiante? ¿Que falar de que en todo este tempo non se fixo nada pola educación ambiental que leve, realmente, a que a política de residuos sólidos urbanos puidese estar minorada? Fíxose dilapidación pública do diñeiro, non se estivo realizando o que habería que facer, non se fixo nada de educación ambiental, pero, iso si, nós seguimos metendo diñeiro en SOGAMA, diñeiro de tódolos galegos, e a rendibilidade dese diñeiro non se vai por ningún lado. A técnica da valorización dos residuos como único elemento en temas de residuos sólidos urbanos vains levar a unha técnica que está empezando a ser abandonada por todos. E iso é algo que lle debería preocupar. Iso é algo que nos debería preocupar a todos.

En portos, o diñeiro siminúe. O exemplo portuario é algo que me ten que preocupar do tema das infraestructuras e do que significa xerar despois riqueza. É que a maioría dos portos de Galicia -e déanse unha volta por eles, que son competencia da Comunidade Autónoma- non dispoñen das mínimas infraestructuras portuarias para poder prestar uns servizos e valorar todas aquelas materias primas que se extraen do mar.

A situación dos portos é algo catastrófico; a excepción de un -que poderíamos dicir que é o de Portonovo e que era anteriormente dos de interese xeral- o resto adoecen das mínimas infraestructuras. Pero, a pesar diso, vostedes alegremente din que sobe o diñeiro; pois non, diminúe ano tras ano. Este ano, o presuposto do ente público do presuposto de Galicia para obras novas -se non me equivoco-, por parte do señor director xeral e presidente -creo, ou director- do ente, dise que son 500 millóns, pero para obras do Plan de infraestructuras portuarias que habería que ter. Este deputado ano tras ano estivo reclamándoo nas emendas ós presupostos, porque non é de agora. Este deputado estivo advertindo dunha situación ano tras ano e a contestación foi a presentación dunha proposición non de lei hai un mes na que se di que xa se encargou un estudio. Recoñécese que esta é unha das grandes eivas que tiñan os portos, pero encárgase o estudio ó cabo de cinco anos de estar a marea dálle que dálle.

¿Cren vostedes que é presentable que se diminúa o

diñeiro que se inviste nos portos de Galicia, que se diminúa o orzamento en portos nunha actividade importante para o noso país, nunha actividade que afecta a moitísimas persoas, que afecta á economía de moitísimos galegos? Iso é o que nos debería preocupar e, nese aspecto, eu son dos que coida que é necesario que haxa portos deportivos, non vou dicir que non, pero que haxa prioridade no gasto, como eu dixen. E a prioridade no gasto significa que para te-lo sector servicios forte e que se produzan excedentes hai que, evidentemente, te-lo outro sector moito máis forte, hai que ter infraestructuras para producir. Vostedes apostan, evidentemente, única e exclusivamente polo tema turístico, e así gastan 60 millóns de pesetas nun pantalán para a Pinta en Baiona, e namentres en Baiona non hai servicios portuarios para os mariñeiros e os barcos de alí. Iso deberíanos mover a unha reflexión. Rían, rían que a cuestión é para rir.

Respecto das estradas, hai que dicir que se construíron estradas, evidentemente, xa lle dixen que non vou negarlle o que fixo, ¡home!, ¡se eu non vou negalo que se fixo!, pero, realmente, hai unha cuestión importante que deberíamos ter en conta. Fanse estradas pero tamén nos presupostos deste ano dise que non hai diñeiro para investir en estradas e alguén dá queixa do conselleiro e do director xeral de Obras Públicas. Iso si, topámonos con que, por exemplo, a dilapidación significa gastar 729 millóns de pesetas no acceso á vía rápida do Salnés, namentres se está a construír un acceso que vai quedar exactamente a oito quilómetros da poboación á que se lle vai facer un acceso en exclusiva.

Pero o que é peor de todo é que non se cumpre coas especificidades técnicas da Lei de estradas nin se cumpre co Plan de estradas. Cumprírase, xa o miraremos, sempre e cando D. Manuel non descolgue e se faga o que el diga porque llo piden os outros para non dar marcha atrás. Ese é o problema.

Realmente, temos que en vías rápidas como a do Salnés e a da Barbanza, se calquera de vostedes ten un accidente atópase nunha situación de indefensión, non ten nin onde pedir auxilio. Son estradas pechadas. ¿Que é o que vai pasar con calquera que teña un accidente? ¿Por que non se dotan de servicios? ¿Por que se proxectan dese xeito? Ó mellor é que as asistencias técnicas contratadas fóra, que orixinan que a

vía rápida do Salnés custe 7.000 millóns de pesetas, cando había solucións máis baratas, dan máis diñeiro canto máis presuposto sexa o da obra. E iso é o que fai que continuamente esteamos con débedas.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor Trigo.

O señor TRIGO DURÁN: Vou rematando xa, señor presidente.

Iso si, non temos diñeiro, pero como temos que se-lo *máis mellores* do mundo e como outros anuncian outras cousas ¿con que nos topamos hoxe? Coa gran nova, coa gran noticia. O conselleiro anúncianos para o ano 1999 que teremos autoestrada de Santiago a Ourense. Espero que polo ben dos de Ourense e polo ben de tódolos galegos, evidentemente, haxa unha comunicación. Non estou de acordo con que sexa unha autoestrada, estaba de acordo cunha autovía sen peaxe, pero, evidentemente, espero que iso non sexa, señor Cuíña, como o acordo do seu presidente coas autovías, non vaia ser que todo sexa de cara á galería, máis propaganda e como aquel famoso acordo de: “*Y punto*” co señor Cosculluela. ¿Onde está o punto, D. Manuel? ¿Onde están as autovías rematadas? ¿Onde está o convenio rematado, o convenio que vostede asinou? ¿Onde está a súa palabra de estadista? ¿Onde está incumplido? Vostede picou, vostede é o freo que ten o país, vostede é o freo do noso país, vostede é o que asina todo...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor deputado.

O señor TRIGO DURÁN: Vostede incumpre, evidentemente, asinando inxenuamente, crendo todo. (*Murmurios*).

Señores do Partido Popular, parece *O acelerador*. Esa é unha canción de Joaquín Sabina que lle recordando que oía, señor Cuíña...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor deputado.

O señor TRIGO DURÁN: Pise vostede o acelerador porque se non en 1999 non temos nada.

O único -e remato xa, señor presidente- que quero

dicirle é que nós pediríamos máis control parlamentario e máis títulos nas obras, menos convenios indeterminados e máis nomes. E un dos problemas que teñen os presupostos é que están sen nome, todo para poder seguir coa dilapidación pública e para o señor conselleiro poder actuar alí onde lle veña en gana, non para actuar baixo un programa.

Realmente non se pode negar que se fan obras, porque as hai, pero ten que recoñecer vostede que a dilapidación está aí. Ó longo deste tempo, no que vostede non se preocupou de que os plans de saneamento tiveran corresponsabilidade dos cidadáns e doutras administracións, non se fixo saneamento. A dilapidación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor deputado.

O señor TRIGO DURÁN: ... nos convenios que vostede fixo -remato xa, señor presidente- levou a que vostede estea hoxe laíándose de que non ten diñeiro, pero, iso si, o gasto público non foi gasto público, senón que en moitos casos foi dilapidación pública.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Trigo.

Ten a palabra o señor Baños Márquez para defende-las emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor BAÑOS MÁRQUEZ: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, para defender, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, as emendas parciais á sección 06, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; é dicir, vou defende-las cento oitenta e tantas emendas que a esta sección presenta o Grupo Parlamentario Socialista. Un número un tanto elevado que toca as diferentes cuestións nas que ten responsabilidade esta Consellería: estradas, obras hidráulicas, transportes, urbanismo, medio ambiente, vivenda, etc., e que formulan, principalmente, dous tipos de actuacións: unhas son as actuacións concretas e localizadas e outras son as actuacións referidas a unha serie de programas

de tipo xeral para intentar cubri-las lagoas que, ó noso entender, destacan na Consellería de Política Territorial.

Para a defensa, a verdade é que boa parte das razóns ou dos argumentos que xa foron dados nos seis presupostos anteriores -estes son os sétimos presupostos da Consellería que dirixe o señor Cuíña- tamén poderían servir nesta ocasión; argumentos que se refiren á opacidade, que se refiren ó fallo de información, ó incumprimento do único plan coñecido e que está en vigor para o ano 96, que é o Plan de estradas -no resto do Departamento da Xunta ou da Consellería non existe ningunha programación coñecida-, á falta de elementos obxectivos que nos indiquen cal é ou cal debe de se-la priorización dos investimentos, ós gastos excesivos nos capítulos de funcionamento, ó que nós denominámo-la dilapidación corrente da Consellería de Política Territorial, á programación sen deseño a medio e longo prazo, etc. Son cuestións certamente importantes, pero que, nestes presupostos, como veremos, tamén teñen certas peculiaridades ou certas especificacións ás que nos gustaría refirirnos.

En canto, por exemplo, ó que é a opacidade e a falta de información, cada vez é máis evidente e podemos dicir que se agrava co paso do tempo. Así, se, por exemplo, no ano 1990 a información territorializada da que dispoñíamos, é dicir, os nomes concretos ou a onde ían dirixidas as obras concretas da Consellería, ascendía a unha porcentaxe de, aproximadamente, o 86%, nestes presupostos do ano 1996 o coñecemento concreto das obras soamente supón unha porcentaxe do 62%. É dicir, que é unha rebaixa considerable de a onde van ir dirixidas as cantidades principais, as dotacións públicas de investimentos da Consellería de Política Territorial. Ou se se quere, dito doutro xeito, hai unha libre disposición, hai unha maior capacidade para a arbitrariedade.

Ó descoñecer esa distribución territorial, isto inválida calquera análise que se poida facer sobre o que é o desequilibrio territorial que teñen os presupostos da Consellería de Política Territorial. E a esta situación tampouco debe de ser alleo o proceso de creación de entidades e de organismos nos seis últimos anos que tivo a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda: a creación da XESTUR; a creación da Sociedade Galega do Medio Ambiente; o or-

ganismo autónomo que xa entra en vigor e que xa consta nos presupostos, o ente Portos de Galicia; e o organismo autónomo Augas de Galicia -que parece que vai entrar en vigor no ano 1996-; e complementábase esta serie de organismos tamén cunha serie de empresas públicas incluídas nas leis aprobadas neste Parlamento, como é a empresa pública de estradas e a empresa pública de augas. É dicir, que existen mecanismos para que a Consellería xa faga a súa función principal: proceder á contratación, practicamente á marxe xa do que é a propia Consellería de Política Territorial.

Se a isto engadímolo que é a proliferación de convenios con entidades locais, a maior parte das veces pouco xustificadas, pois nos dará menos transparencia, menos información, máis cantidades inconcretas e máis arbitrariedade. Por iso, e debido a isto, existe outro argumento máis para a presentación das emendas parciais por parte do Grupo Parlamentario Socialista.

Outra cuestión refírese ó que é o incumprimento ou a inexistencia de planificación que se nos deu a coñecer no seu día pola Consellería de Política Territorial. Parece ser que sería desexable a obxectivización de calquera tipo de investimentos ou de calquera tipo de actuacións ou obras que se puidesen acometer pola Consellería de Política Territorial. O único plan que está en vigor para o ano 1996 é o Plan de estradas, no que existe unha desviación substancial xa acumulada e que para o ano que vén, fronte ós 40.000 millóns previstos inicialmente para o ano 1996, vemos que cando nos acercamos á realidade dos presupostos queda na metade, en 20.500 millóns de pesetas; un desvío substancial de 20.000 millóns de pesetas a sumar ó que son uns incumprimentos anteriores.

En obras hidráulicas, en portos, non existe, logo de seis anos, ningún documento coñecido que nos indique en función de que se fan os investimentos neste país, ó igual ca no tema de transportes. Parece que isto dos presupostos é unha especie de lotería na que supoño que debido a unha serie de cuestións que, desde logo, non se nos explican e non se din nesta Cámara, se fan todo este tipo de investimentos.

Igual se pode dicir de Vivenda. Xa falaremos do

Instituto Galego da Vivenda e Solo. Dentro de 10 días remata o Plan de vivenda e non foi dado a coñecer. Pese a que hai seis meses se trouxo a esta Cámara unha proposición para que se aprobase un plan de vivenda, tampouco é coñecido cales son as liñas xerais e cales son as directrices que van guía-las actuacións de política territorial, as actuacións de obras públicas.

En resumo: improvisación e realización de investimentos alleos a factores obxectivos. Por iso tamén nós presentamos e se xustifican as nosas emendas parciais, nas que propoñémo-la execución de obras concretas das que nós falamos publicamente.

Eu, como socialista, nunca estarei de acordo en pactar determinadas obras ou en pactar determinados investimentos, sexa por solicitude de calquera conselleiro ou sexa por unha especie de negociación que non sexa pública, porque me sentiría alleo a calquera proxecto colectivo e incluso sería incompatible coa óptica de determinados valores que un defende.

Díxose aquí -e ademais é unha afirmación que estou seguro que todos compartimos- que unha política de investimentos en infraestruturas, neste caso de infraestruturas físicas, é a que corresponde á Consellería de Política Territorial, a que constitúe un elemento fundamental para o que é o desenvolvemento correcto e unha mellor postura do noso país con respecto ó resto das comunidades autónomas. Estou de acordo con que todos compartimos este aserto, pero tamén, claramente, durante os últimos anos, a política da Xunta de Galicia, a política do Consello da Xunta de Galicia nos presupostos que nos presenta anualmente, foi a de ir reducindo substancialmente o que son os capítulos de investimento para este elemento que debía ser tan importante, á vez que se foron aumentando aqueles gastos improdutivos ou aqueles gastos inmateriais ou gastos correntes.

Por exemplo, aquí hai un anuncio que nos ofrece a Consellería ós habitantes de Vigo, como mínimo cada domingo. Dinos que a Consellería de Política Territorial traballa na mellora e na modernización das nosas estruturas, principal elemento dinamizador do desenvolvemento económico e social da nosa Comunidade. Pois, en todo caso, tamén hai que explicar por que é o principal elemento, nin tan sequera un elemento máis. O principal elemento dinamizador do

desenvolvemento diminúe con respecto ó ano pasado e diminúe con respecto a anos anteriores nunha porcentaxe de nada menos do 20%; é dicir, que de 50.000 millóns de pesetas aproximadamente diminúe a 40.000 millóns. E se no ano 1995 se declaraba que eran uns presupostos insuficientes, pois ¿que podemos dicir con respecto ó que é o ano 1996?

Sen entrar agora en disquisicións máis ou menos teóricas de cal debe de se-la porcentaxe que un país debe dedicar, con respecto ó produto interior bruto ou ó valor engadido bruto, ó tema dos investimentos públicos, si parece que existe unha diminución considerable no que son os investimentos físicos ó longo dos seis últimos anos pola Xunta de Galicia. De os investimentos da Consellería de Política Territorial no ano 1990 e no ano 1991 representar unha porcentaxe con respecto ó produto interior bruto de Galicia, que pode situarse no 1,5 ou no 1,6%, as previsións para o ano 1996 nos din que esta porcentaxe se vai rebaixar ata o 1%; é dicir, que hai unha perda cuantitativa clara e importante con respecto ós presupostos da Xunta de Galicia anualmente e tamén con respecto ó que son o resto das comunidades autónomas.

Ás veces dá a sensación de que a política que leva a cabo a Xunta de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia, no tema dos investimentos, supera a media estatal, e isto non é así con respecto ó resto das comunidades autónomas. Os datos que temos de licitación pública do ano 1994 -son datos da SEOPAN, que, como vostedes saben, é a patronal do sector da construción- nos indican que a media do que é o investimento das comunidades autónomas é de 15.677 pesetas e, en Galicia, é algo similar, un pouco inferior, 15.664 pesetas. Pero aquí tamén computamos todas aquelas comunidades autónomas que non teñen unha serie de competencias, como son as competencias en educación e as competencias en sanidade, basicamente. Pois ben, aínda computando isto, o investimento en Galicia durante o ano 1994 foi un investimento medio, inferior ó que se produciu no resto das comunidades autónomas. Isto paréceme un dato destacable e un dato que parece que bota por terra todas esas afirmacións máis ou menos triunfalistas ás que nos ten afeitos o Goberno.

E algo tamén parecido poderíamos dicir no que se refire ó tema das infraestruturas físicas. Aínda que ás

vezes pareza que o esforzo que se fai desde a Comunidade Autónoma polo tema das estradas que son competencias da nosa Comunidade é superior ó que se produce no resto das comunidades autónomas, isto non é así, ou non é así polo menos para o ano 1994, último ano que temos datos que se refiren á totalidade anual. Por exemplo, en estradas, o investimento da Comunidade Autónoma de Andalucía foi de 30.000 millóns; de Aragón, 6.000; de Asturias, 10.000 de Castela-A Mancha, 18.000; de Castela-León, 33.000; de Valencia, 21.000; e de Galicia, 14.896. É dicir, que cando comparámolo que é o investimento público en estradas, xa sexa por quilómetro de rede ou xa sexa por persoa, vemos que, con respecto á media, basicamente é igual, hai comunidades que nos superan amplamente. Por exemplo, falando en termos de pesetas/quilómetro, de investimento en estrada pesetas/quilómetro, pois dámos tres millóns para Galicia aproximadamente, mentres que Cataluña se sitúa en 5,3; Andalucía en 3,14 ou Canarias en 3,7. Algún portavoz do Grupo Popular falou do esforzo que estaba a facer no tema das estradas, no tema das infraestruturas, e xa ven que é inferior ó que se produce no resto das comunidades autónomas. Por se isto fose pouco, para o ano que vén anúnciasenos un novo recorte en todo o que é o tema das infraestruturas físicas e un novo recorte que tamén afecta ó tema das estradas.

A explicación dada por alguén de que que máis dá facer máis ou menos quilómetros de estradas porque así se axuda ós pobres ou cuestións destas dunha pretendida solidariedade do Goberno, parece, independentemente de que non é así -e verémolo cando se vexan as distintas seccións- froito dunha certa demagogia, dun certo oportunismo.

Facendo referencia ó que son algúns destinos que nós propoñemos nesas emendas parciais, a verdade é que a existencia de partidas dificilmente xustificables, desde o noso punto de vista ou coa cuantificación que aparecen nestes presupostos da Consellería de Política Territorial, axuda a completar ou a ve-lo marco ó cal nós acudimos para facer esa serie de investimentos que constan nesas 180 emendas que presenta o Grupo Parlamentario Socialista á Consellería de Política Territorial.

A título de exemplo máis ou menos significativo,

podemos citar un edificio multiusos en Vilalba, cunha cantidade que nos parece desproporcionada. A 1.500 millóns paréceme que ascende nas diversas pluralidades o que é ese edificio multiusos. (*Murmurios*).; Ah!, a 1.300 millóns, ben, dáme igual. Son cen millóns de pesetas os declarados para o que é a publicidade e a propaganda dentro da Consellería - os dous sabemos, señor conselleiro, que é bastante máis, pero, ben, aí pódeselle bota-lo que se queira-.

Tamén podemos cita-lo número elevado -ó que xa fixo referencia o portavoz do BNG- das asistencias técnicas. Vostede cando foi a comparencia parece que admitiu que, realmente, era un número excesivo, pero nos presupostos vai quedar con esas cantidades ou con esas dotacións que vostede consideraba excesivas.

Tamén están as subvencións a determinadas cuestións, nas que non estamos de acordo, empezando polo tema da peaxe -moitas gracias, señor presidente- de Puxeiros-Valmiñor, A Coruña-Carballo. E, por certo, e xa que estamos falando da Coruña-Ourense, que vostede seguro que casualmente o presentou onte, ¿hai algunha achega pública da Xunta de Galicia para esa peaxe branda? Non sei se nos podería contestar - porque xa sei que vostede non intervéñ normalmente- o señor Pensado, que vai ser, supoño, o que responda as emendas, porque nos presupostos non figura; figuran 50 millóns para face-lo proxecto, ou máis que para facer para pagar, porque supoño que xa está feito. Pero, en todo caso, queremos saber se hai algunha dotación pública pola cal esa peaxe branda se deba en parte á Xunta de Galicia, porque se non dá igual que a faga a Xunta de Galicia ou que a faga outra administración. Se o que achega a Xunta de Galicia é cero, coas cantidades que nos dan anualmente, non parece que poida dispor dunha cantidade realmente importante para dedicar a esa autovía de peaxe. Cando nos anos 1992 e 1993, que foi a época dourada da Consellería, case se triplica a licitación que vai haber en estradas durante o ano 1995, cando diminúen tan considerablemente esas dotacións públicas para estradas, non sei se estamos en condicións de garantir, no que se refire ó tema da autoestrada Ourense-Santiago, se vai haber algunha achega pública...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor deputado.

O señor BAÑOS MÁRQUEZ: Si, pois xa remato, señor presidente.

Con base nestas todas consideracións que acabo de facer, deféndense as emendas que presenta o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia á sección 06 do presuposto.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Baños Márquez.

Rolda de Portavoces. (*Pausa*).

Ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, señorías, vou consumi-la miña rolda para tomar postura sobre as emendas presentadas polo Grupo do Partido Socialista, como cómpre nesta rolda.

Nese aspecto, quero dicir que imos apoiar tódalas emendas do Grupo Socialista, a excepción de unha ou dúas que, en coherencia co que teño aquí dito na miña intervención anterior e que incluso presenteí na Comisión, non votaremos a favor porque, aínda podendo entender esas cuestións, e como tamén dixer en Comisión, non cremos que esa sexa unha posición de prioridade neste intre.

Entón, vou pronunciarme a favor de tódalas demais emendas por razóns obvias. Hai moitas emendas do Partido Socialista que son coincidentes coas que presenta o Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Son emendas que incluso se poden considerar, por parte do grupo que sustenta o Goberno, como emendas repetitivas, tanto por parte do Grupo Socialista coma por parte do BNG. Respecto diso tería que aclarar e explicar algo que non me deu tempo a expoñer anteriormente, no sentido de que cando unha demanda aparece continuamente aquí, evidentemente, non é unha demanda extraterrestre. Pode non ser das prioridades que teña o Partido Popular, eu podo chegar a entender esa cuestión, pero si ser unha demanda que os cidadáns teñen en infraestructuras, ó mellor máis afortunada pero prioritaria para eles, por iso imos apoiar esta cuestión.

Evidentemente, nós temos que apoiar unha emenda que fala dun plan de seguridade en portos, porque é algo que nós tamén estivemos a presentar noutros

anos, aínda que non no presuposto deste ano, pero consideramos necesario e evidente que nos portos de Galicia exista un plan de seguridade, que non se refire única e exclusivamente ó salvamento marítimo, senón a cuestións tan importantes como a seguridade, nos termos de seguridade que se fala, nunhas infraestruturas portuarias.

Tamén imos apoiar-las emendas que se presentan sobre residuos sólidos porque, evidentemente, van no sentido de pensar na reciclaxe e no tratamento, non no plan de SOGAMA que ten aprobado a Xunta de Galicia. Nese aspecto ímolas apoiar tamén.

Tamén imos apoiar tódalas de estradas. Hai unha emenda moi curiosa no tema de estradas. Parece que na oposición empeza a cundi-la preocupación do señor conselleiro, no sentido de que aparece a eliminación da curva que hai ó termino da vía rápida Lalín-Monforte, na que, realmente, un ó chegar a Lalín tócase con que inviste de fronte. Vostede sábeo, señor conselleiro, e eu creo que é importante que esa curva se elimine. Aínda que sexa a título anecdótico dígo, porque os que imos a Lalín ás veces podémonos despidar cando vimos de volta. Non témo-lo coñecemento que teñen algúns de Lalín; aquel coñecemento que os levou a poñer nos presupostos o río Pontiñas, pero saen dos presupostos e non se dá terminado esa cuestión.

Estamos de acordo incluso nas circunvalacións que se formulan porque son coincidentes no Plan coas circunvalacións que nós tamén formulamos dentro das nosas emendas.

No tema de estradas é evidente que tamén temos que coincidir no convenio co Concello de Vigo en que apareza titulado, porque hai un convenio asinado polo conselleiro de Ordenación do Territorio -polo actual, non polo anterior, polo actual xa- para a realización de determinadas obras; obras, señor conselleiro, que non foron realizadas anteriormente e que nós queremos que se realicen agora, non por poñelo a vostede, desde o meu punto de vista, contra a espada e a parede nesta cousa de que é o partido seu o que goberna alí, nin moito menos, é porque cando se asinou un convenio, evidentemente, era porque había unhas necesidades, por exemplo, a estrada Seminario-Corredoira, etc. Eses eran uns acordos que vostede ti-

ña, unhas necesidades. Vostede tiña un acordo completo, por iso asinou un convenio e por iso cremos que iso debe aparecer presupostariamente, non seguir na situación de asinar convenios e logo non realíalos. Señor conselleiro, lea vostede os presupostos que tamén ten obrigación, xa que vostede é deputado, á parte de conselleiro, senón diralle ó señor Pensado que lle informe de cales son.

Mire, señor Cuíña, a min gústame ter diálogo con vostede, dígollo así de claro. Vostede asinou un convenio co alcalde de Vigo, señor Príncipe. Ese convenio, cando vostede o asina, seguramente está de acordo, porque eu o considero a vostede un home serio e cumpridor, e como home serio e cumpridor, aínda que non o fixese co anterior alcalde, fágao con este. Eu non o poño contra a espada e a parede -que alí está o Partido Popular- para darlle a vostede problemas en Vigo; non é iso, é para que faga e cumpra vostede o que asina.

Por outra parte, nos temas de saneamento temos que estar de acordo coas emendas que formulan; moitas delas son coincidentes coas nosas, como as dos saneamentos en Ourense e Lugo do río e como outros abastecementos. Realmente, aquí é onde se ve tamén a política ás veces errática que se ten, porque un non entende como se poden facer previsións presupostarias, como pode aparecer no presuposto do ano pasado a realización do encoro de Caldas de Reis e agora non aparecer. ¿A que é debido isto, señor conselleiro? Porque, no fondo, os presupostos cando se fan é para cumprilos, a non ser que se pinte ou se poña no papel porque aguante todo o que faga falta, ou a non ser...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando.

O señor TRIGO DURÁN: Remato xa, señor presidente.

Como dicía, ou a non ser que se fagan as cousas por facer.

En definitiva, moitas das emendas do Grupo Socialista concordan coas nosas e por iso imos votalas favorablemente, non sendo as que despois, señor presidente, lle anunciarei no seu momento.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: De acordo, señor Trigo, moitas grazas.

Ten a palabra o señor Baños Márquez.

O señor BAÑOS MÁRQUEZ: Grazas, señor presidente.

Imos tomar posición, nesta rolda de portavoces, sobre as emendas que presenta o Grupo do BNG; é dicir, que imos apoiar case todas, a excepción de un par delas ás que logo me referirei.

As emendas que presenta o Grupo do Bloque Nacionalista Galego a verdade é que teñen un fin similar e un obxectivo común, que é acabar coa arbitrariedade, tentar de poñer unha serie de nomes e apelidos ós investimentos da Consellería de Política Territorial, insistindo en temas que hai que corrixir, como é a indefinición do tema dos investimentos da Consellería. É certo que os recursos son escasos, que ten que haber unha certa priorización do gasto público para rematar co que é dilapidación, desenvolvemento, e que non existe ningunha serie de programación ou ningunha serie de planificación que nos diga por onde vai esa priorización por parte da Xunta de Galicia.

Nós tamén coincidimos nunha serie de emendas co BNG. Por exemplo, existía desde o ano 1989 un plan específico de saneamento de rías que desapareceu no ano anterior; non existe xa o que é esa programación, foi incluída nun tema máis xeral, que é o tema dos plans de saneamento, pero non existe especificamente, ou non vén recollido dese xeito como tal programa específico dentro do que é a Dirección Xeral de Obras Hidráulicas. Alí facíase unha cuantificación do que eran os investimentos para o saneamento das rías galegas e, segundo esa cuantificación, o día de hoxe ese plan ou ese programa debería estar rematado e as rías deberían estar saneadas, se se cumprira con esas previsións. Ó principio, parece ser que o conselleiro de Política Territorial si cumpríu, pero, posteriormente, foron decaendo as cantidades, de tal xeito que aínda hoxe todo o que é o tema do saneamento vai con bastante atraso no noso país, incluso se pode ver en temas concretos de convenios que se asinaron cunha serie de cidades e que non se puideron cumprir.

No tema dos convenios, supoño que pola falta de

presuposto, tampouco foi posible cumprir moitos dos compromisos que asinara o propio señor Cuíña. Aquí hai un exemplo, que é o de Vigo, que pode ser ilustrativo do que sucede. En Vigo, á parte dunha serie de obras hidráulicas, asinou tamén o tema das estradas do acceso á Universidade, do Seminario-Corredoiras, etc., que vostede sabe que se asinaron cunhas cantidades concretas, cunhas anualidades concretas, pero que, ó final, non foron posibles. (*Murmurios*).

No tema do terreo -creo que é iso o que me quere dicir-, a disposición dos terreos, vostede sabe que estaba neses convenios, pero non é ese o problema, o problema é a falta de consignación que di padecer a Consellería á hora de contratar diversas estradas.

No tema de portos, como ano a ano, diminúe, como sempre. A verdade é que soamente se van realizar obras novas en catro concellos de Galicia. Dos noventa e tantos portos que ten a Comunidade Autónoma soamente se van facer obras en catro concellos. Nós, o mesmo có BNG, insistimos nunha serie de cuestións que, con respecto ós portos, nos parecen importantes, como é o tema dun plan de seguridade dos portos galegos e como é un plan de reestruturación de lonxas -por certo, o 1 de xaneiro vai entrar en vigor a normativa comunitaria referida ás lonxas-, e a Xunta de Galicia aínda non procedeu a cumprir a diversa normativa existente no ámbito europeo.

Estas son cuestións que obedecen a compromisos -tanto as emendas que presenta o BNG, que coinciden en certa medida coas noas, coma as nosas-; compromisos en moitas ocasións incumpridos. Son necesidades que veñen solicitadas polos diversos concellos, en moitas ocasións apoiados de xeito unánime incluso polo propio Partido Popular, nos plenos deses concellos.

No tema das estradas coincidimos co BNG en que é necesario realizar un programa específico de seguridade vial e de eliminación de puntos negros. É necesario incidir no que é a mellora, na urbanización e na consolidación de zonas por onde van as estradas autonómicas, e parécenos, por exemplo, grave que para o ano que vén o tema da conservación das estradas sufra un recorte tan brutal como o que nos indica o presuposto: de 4.100 millóns a 1.600 millóns; é dicir, dividir por tres o que son as dotacións públicas para o

mantemento de estradas parece un recorte demasiado brutal. E dun mantemento de 600 km ir a un mantemento de 57 km. -unha redución do 90%- non parece unha boa medida.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia concluíndo.

O señor BAÑOS MÁRQUEZ: Conclúo xa, señor presidente, esta rolda anunciando o noso voto favorable ás emendas do BNG, a excepción, creo que é, da 156.

O señor PRESIDENTE: Gracias.

Despois xa preguntaremos.

Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Pensado Barbeira polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor PENSADO BARBEIRA: Señor presidente, señorías, empezamos hoxe á mañá, xa de primeiras, escoitando a presentación do presidente da Comisión dos presupostos que, á parte de presentalos, fixo, como sempre adoita facer, unha fina observación sobre a bondade destes presupostos de cara á oposición. Esta fina observación feita polo propio presidente da Comisión séguese observando segundo as seccións se van discutindo. Está claro que para a oposición son uns presupostos continuístas, ausentes de planificación, sen convenios definidos, senón para *posteriori* -din eles-, con aumento de existencias técnicas, coa territorialización diminuída, din que só unha de cada tres pesetas se sabe a onde vai, etc. En definitiva, toda unha crítica importante que nin máis nin menos se refire a tódalas accións que a oposición foi facendo ó longo de todo o ano dunha serie de iniciativas, unhas aprobadas e outras rexeitadas, pero que, dalgunha maneira, quixeron conter nestas emendas ó proxecto.

Está claro, señorías, e penso que vostedes o comprenden, que se vostedes nos acusan, ó Grupo Parlamentario que apoia o Goberno, de que estamos apoiando uns presupostos nos que non existe planificación, nos que a racionalización dos recursos, en realidade, tampouco existe, nós temos que facer todo o contrario porque crémolo contrario do que cren vos-

tedes. Cremos que si hai boa planificación, que os recursos están ben onde están e que a priorización tamén; cousa que é discutible pola súa parte e debe de ser aceptable pola nosa.

Está claro que cando se fai unha planificación, despois de te-lo obxectivo identificado, a priorización é necesaria, e o señor conselleiro explicou, cando fixo a presentación destes presupostos, que existía unha mingua importante en canto a investimento en infraestructuras, pero que, ó mesmo tempo, eramos conscientes desa restricción, dese intento de diminuír ese déficit público e que tamén eramos conscientes de que había que aplica-lo principio de solidariedade a outra serie de actitudes, como podían se-los gastos sociais, como podía se-la propia sanidade ou como podía se-la propia educación. Incluso o señor conselleiro foi un pouco máis lonxe e dixo que ás veces -e iso díggollo, señor Trigo Durán, e eu estou de acordo tamén; aínda que non sei se foi vostede o que o dixo ou o señor Baños, pero, en todo caso, é o mesmo- é mellor facer uns quilómetros menos e aplicalo en gastos sociais. Créame que iso non se ía notar en absoluto.

Por parte do BNG, ¡home!, mire, a verdade é que o negativismo total ás veces, señor Trigo, non o cre ningún. Só quero dicirle unha cousa. Vostede tivo unha actitude negativa, dixo que aquí non se fixera absolutamente nada. Mire, eu só lle vou dicir unha cousa. Hai seis anos aproximadamente esta Comunidade Autónoma era a penúltima das comunidades de España en canto á rede de estradas. Na actualidade -ano 1995 ou principios do 1996-, ocupámo-lo segundo lugar. Non se pode de ningunha maneira dicir que o Plan de estradas non se cumpre en absoluto, que non se fixo nada, cando, de pasar de número 15, nos colocamos no número 2 en canto á propia rede de estradas.

Mire, cando se fan os discursos intentan facerse piramidais, cunha gran base, probablemente chegan arriba de todo e, se as premisas das que se parte son falsas, os discursos acaban indo contra quen os propón. Vostede fala da *Consellería de propaganda* e pon como un exemplo de dilapidación pública o tema das marquesiñas. Todos sabemos que son necesarios. ¡Home!, é verdade, todos imos polas estradas e vemos que hai algunhas que, de feito, están francamente deterioradas, unhas veces por accidentes e outras por

auténticos actos de vandalismo, pero, desde logo, a maioría delas non están estragadas. Outra cousa distinta -e iso si que podería ser opinable- é que fose sempre a mesma maqueta.

Fala vostede tamén de asistencias técnicas e di: " ...coa cantidade de persoal que existe na Consellería...", e é verdade, o señor conselleiro díxoo, pero tamén hai outra cousa, oia, que isto é unha consellería e o está demostrando mes a mes, acción por acción. E é unha consellería dinámica, non é unha consellería que estea aí estática; hoxe pode aparecer un problema e mañá outro. En todo caso, que estea presupostado non significa que se vaia esgotar esa partida. É verdade que - e eu non llo nego- o propio señor conselleiro recoñeceu que existía unha cantidade bastante considerable en canto a iso.

Respecto dos convenios, ¡home! -sabémolo todos- cando os grupos políticos estaban na oposición, eses convenios non se firmaban ou se dicía que non valían. Os mesmos grupos que agora non están na oposición, pero si están no Goberno, din que valen os mesmos convenios. Eu creo que é importante poñerse de acordo.

Referíronse vostedes, señorías tanto do BNG coma do PSOE, a Vigo. En Vigo, tanto no ano 1994 coma no 1995, non cambiou absolutamente nada. O único problema que existe en Vigo é que ningún alcalde do PSOE nin o do PP fixeron o que había que facer, que era a cesión dos terreos. ¡Home!, se vostedes mesmos din que hai convenios *a posteriori*, eu estou convencido de que o propio señor conselleiro manterá e respectará ese convenio no momento en que iso se faga aplicativo.

En canto ó sanemanto, señoría, vostede -e refírome ó señor Trigo Durán- fala e incluso lle bota a culpa á marea vermella, ó saneamento de ríos e rías. Se collemos un pouco o proxecto do que vostedes presentan en canto a saneamentos se refire, a verdade é que é negar unha evidencia lóxica; é dicir, vostede, señoría, fala do saneamento da ría de Pontevedra, da ría de Arousa, da ría de Ferrol, etc., etc., e vostede sabe que en todos eses puntos a actuación da Consellería é máis ca sobresaliente, obviamente, claro... Si, señor Trigo, si, non pode dicir que non existe un plan de sanemanto de ríos e rías. ¡Por favor!, iso

non se pode negar. Outra cousa diferente é que vostede diga: pois hai que sanea-lo río Anllóns, e que se lle conteste: oia, mire que se está facendo en Carballo xa unha acción nese sentido. Vostedes, falando do mesmo, teñen unha maneira de priorizar que non coincide neste momento nin coa do Goberno nin coa do grupo parlamentario que apoia o Goberno; sinxelamente é cambiar de nome ou buscar outra clase de prioridades. Pero eu pódolle dicir a vostedes que hai unha serie de emendas, por exemplo, en obras hidráulicas, do BNG: 52, 151, 154, 156, 157 -non llas leo porque é un barullo- e 168, 169, 179, 180 e 204 do PSOE que están incluídas neste proxecto de presupostos con carácter finalista. Polo tanto, eu díxenlles en Comisión: "retírenas", pero vostedes mantéñenas. ¡Perfecto! ¿Por que as temos que aprobar se están incluídas?

En canto ó BNG, as números 126, 128, 129, 130, 132, 133, 134, 135, 136, 137, 139, 141 e 142 tamén están incluídas, e eu díxenllo a vostede en Comisión, señor Trigo Durán. Díxenllo e reitérolo. Queda gravado, co cal vostede, en calquera momento, pode dicirme: señor Pensado, vostede mentíunos. Ben, hai outra serie de obras nas cales vostedes intentan facer unha priorización e o Goberno e nós entendemos que esa priorización non está de acordo coa propia planificación.

En canto a estradas, xa lle dixen que pasamos do posto número 15 ó 2 na mellora da rede de estradas. Vostedes fan emendas e a maioría delas afectan sobre todo a actuacións, a asistencias técnicas e a proxectos ou estudos que xa están en marcha. Unha serie delas xa saben cales son; son emendas que non imos aquí discutir porque xa saben cal é a posición do Grupo Parlamentario Popular e a posición de vostedes, tanto do PSOE coma do BNG, en canto ó que é a gratuidade da peaxe das autoestradas de Valmiñor ou da Coruña-Carballo, e en canto a emendas que afecten á rede secundaria e á conservación e seguridade vial. Vostede sabe o que falamos o outro día, precisamente en Comisión, do que era un plan de eliminación de puntos negros. E falan, ó mesmo tempo, doutras actuacións que nós, insistimos, non consideramos prioritarias e que vostedes si as consideran. E logo falan tamén, ó final, dunha serie de emendas nas que se detrae financiamento en estradas para outras obras. Obviamente, se por un lado din vostedes que en estradas o financiamento diminúe nunha cantidade impor-

tante, non imos, por suposto, aceptar que diminúa máis.

Perdón, señor presidente, xa remato. O que pasa é que me gustaría contestar un pouquiño a todo.

En canto ó tema de portos, eu díxenllo claramente, señorías. Vostedes presentaron unha serie de emendas, e comentóuselles na Comisión que, cando se creou o ente Portos de Galicia, nos parecía o máis razoable que este ente fose o que fixase os mecanismos de aprobación dun Plan de investimentos e que isto tería moito máis sentido que se se intentaba facer unha serie de obras de infraestrutura de portos sen contar co que era en si o ente. E, non obstante, eu faleille de que había unha serie de portos nos cales se estaban facendo actuacións. Falabamos do porto deportivo de Ares e da Garda; falabamos da mellora do porto da Garda; falabamos da emenda número 53, e xa se falou en varias ocasións do que era un Plan de reestruturación das lonxas galegas; eu dixéralles que estaba en trámite de contratación preto dun valor de 400 millóns de pesetas.

Non me dá máis tempo. Quería falar de SOGAMA pero, en todo caso, señor Trigo Durán, falar de SOGAMA con vostede, en realidade, tampouco creo que teña moito sentido, dado que a filosofía que temos é completamente distinta. Vostedes cren nunha filosofía e aplícanas nas súas emendas, e o grupo que apoia o Goberno cre noutra filosofía; son filosofías completamente dispares. É normal e razoable.

En canto a transportes o que se intenta facer é unha serie de estacións de autobuses -agora remato, señor presidente- ou obras de infraestrutura, e ese diñeiro detrásese de obras que están xa comprometidas en anos anteriores. Non é verdade o que vostedes din de que non existe planificación en transporte. Cando o Grupo Parlamentario do BNG presentou un plan sobre transportes, eu creo que lle contestamos perfectamente dicíndolle que a partir de primeiros do ano 96 se ía facer unha planificación do resto de infraestruturas en transportes, na cal entraba unha serie de estacións, e creo que unha delas, que lle preocupaba a un insigne e ilustre compañeiro de Lugo, D. Ismael Rego, podería ser ponderada.

Señor presidente, remato. Gracias pola súa amabilidade.

Estes presupostos responden a dúas concepcións distintas, a dúas filosofías distintas, pero, por favor, non digan que vostedes están dentro da planificación, dentro do Goberno, e que nós, o grupo que apoia o Goberno, estamos fóra da planificación e no desgoberno, porque non o cren nin vostedes.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Pensado.

Ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, señorías, señor Pensado, imos ver. Eu creo que digo as cousas, pero non se me ocorre dicir que non se fai nada. A ver se me entende. Un non é fanático. O fanatismo déixeo para outros. Un non quere ser fanático porque é perigoso xa que entón sería fundamentalista, e eu xa vin que houbo aquí unha reacción terrorífica de fundamentalismo fraguiano no Grupo Popular cando nomeei ó presidente e ós seus incumplimentos. Eu non son fundamentalista, polo tanto, deixémo-la cuestión.

Imos ver. O conselleiro quéixase da minoración do investimento. Pero o terrible, señor Pensado, é que o señor conselleiro é o prometedor máis grande que hai neste país; por onde vai di que vai facer, e despois non fai, non aparecen presupostos, e témola clara. O señor conselleiro acaba de responderme agora polo baixo: “fai, fai o señor conselleiro”. Señor conselleiro: ¿os accesos a Monteporreiro onde están? Respóndame a iso. ¿Onde están os accesos a Monteporreiro? ¿Onde están, señor conselleiro? ¿Onde está a mellora da estrada de Pontecaldeas a Arcade que vostede, hai uns días, volveu outra vez erre que erre, e non está en presupostos? ¿Onde está? En proxecto; en proxectos hai moitas.

Asistencias técnicas. Señor Pensado, poderá ser unha Consellería dinámica, dinámica, dinámica, pero os proxectos responden a previsións, e o que non pode ser é que pagueemos miles de millóns de pesetas tódolos galegos mentres temos enxeñeiros suficientes dentro da Consellería. E o que lle dixen do tema da propaganda ou das asistencias técnicas é que as mesmas agréganse ó poder, de tal xeito que lle chuchan todo o presuposto en asistencias técnicas, e poderían estar priorizadas noutro lado. Esa é a miña preocupa-

ción. E é unha preocupación que o conselleiro comparte, pero despois non a transforma presupostariamente. E non se pode dicir en Comisión que el comparte esa cuestión se despois non a leva adiante. Iso é preocupante, porque iso dalgunha maneira xa non é engana-la oposición, é enganarse a si mesmo. Ou dicir que na Consellería ten que pasar porque se gasten miles de millóns de pesetas en asistencias técnicas e non en rendibiliza-los servizos existentes na Consellería. E a min iso paréceme dilapidación, ¿que quere que lle diga? Por iso falo así dos presupostos.

Voulle dicir unha cousa dos convenios. Se os convenios os ten asinados o conselleiro, desde logo, non os asina con cesións en moitos dos casos. E o convenio de Vigo que vostede nomeou, e que eu tamén nomeei, leva máis de dous anos sen se cumprir por parte do conselleiro de Ordenación do Territorio, e non dá unha explicación de por que non o cumpre.

No tema doutros convenios e outros grupos, os grupos débense ós acordos entre as administracións, porque se un grupo chega á administración e fai *man-gas e capirotas* dos acordos adoptados, automaticamente estamos facendo disto a lei do máis forte e creando unha situación de inseguridade total. Quen lle esixe ó conselleiro que cumpra o que asina non está facendo ningunha deixación dos seus postulados anteriores; está, única e exclusivamente, dicíndolle que cumpra o que asina. E, en Cangas, o señor conselleiro ten que cumprilo que asinou, aínda que nós non estabamos de acordo co convenio no seu momento. Pero, xa que o asinou, que o cumpra; non que se formule e non cumprilo. Esta é a cuestión, se vostede vai por aí.

O señor Pensado falou do tema do ente Portos de Galicia. A nós preocúpanos o tema dos portos. É unha preocupación que levamos amosando nestes presupostos continuamente. Esa preocupación levounos, incluso, a presentar unha proposición non de lei no mes de abril deste ano. Pero nos cinco presupostos anteriores nos levou a presentar emendas exactamente iguais ca esta, intentando que se fixese un plan de infraestruturas portuarias, e non o conseguimos. E non nos vale que agora se nos veña dicir que xa se empezou a face-lo estudio, porque o lamentable é que aínda se empece agora, pois estamos falando de algo que ten moito que ver coa produción e coa mellora económica dos cidadáns e dun sector económico im-

portante no noso país, como é a pesca. A pesca non é só falar do fletán ou de Marrocos; é de máis cousas das que hai que falar.

E cando falamos do saneamento, evidentemente, este deputado non está dicindo que non o haxa, pero formulei moitas veces aquí a cuestión da corresponsabilidade para a realización do saneamento. En Cataluña estase a realiza-lo saneamento integral porque se presentou unha cuestión de corresponsabilidade dos cidadáns e o resto das administracións. E nós propoñemos actuar única e exclusivamente pola vía da subvención da realización de obras e, polo tanto, non avanzamos, imos atrasados e estamos prexudicando o país. Iso é o que critica este deputado. Este deputado propón outro tipo de actuación e, seguramente, avanzaríamos moito máis. Pero vostedes non queren, prefiren a política da subvención, sen título, sen nome, sen nada, e sacámo-la subvención dun lado para outro segundo nos vaia. De aí vén que a oposición se vexa na necesidade de formular emendas nos presupostos. E a min preocúpame que termine a cuestión...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando.

O señor TRIGO DURÁN: ...sen debater sobre plans ou programas de realización de saneamento integral ou de estradas, etc. Eu non me dedico a presentar emendas para face-la pontella de tal cuestión, nin presento proposicións non de lei nas Comisións para que se faga a pontella, o cruceiro ou cousas desas. Polo xeral, este deputado presenta cuestións para programas de realización de cousas e de obras; non presenta as cuestións para facer do Parlamento de Galicia nin da Xunta de Galicia unha grande Deputación e, moito menos, a Comisión de goberno dun concello. E disto é do que me preocupa que non haxa debate neste Parlamento.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trigo.

Ten a palabra o señor Baños Márquez.

O señor BAÑOS MÁRQUEZ: Grazas señor presidente.

Señoras e señores deputados, vou responder brevemente algunhas das cuestións ás que se referiu o portavoz do Partido Popular.

A verdade é que a estas alturas, e vendo os presupostos da Consellería do ano 1995 e 1996, o que hai que dicir é que oxalá os presupostos fosen continuistas, polo menos cuantitativamente, porque o que se produce é unha diminución importante en tódolos capítulos de investimentos da Consellería. E como dicían antes, e como vostedes din publicamente -e enchéselles a boca ó dicilo-, estamos falando do principal elemento dinamizador do noso desenvolvemento económico. Pero o principal elemento diminúe. Iso é o que ten que explica-la Consellería de Política Territorial e solidariamente a Xunta de Galicia: por que ese elemento que é principal e que constitúe a cerna do desenvolvemento, etc., diminúe. Iso é o peo- cupante destes presupostos para o ano 1996.

Referiuse vostede, señor Pensado, á rede de estradas e dixo que pasabamos do penúltimo lugar ó segundo lugar, pero como non dixo en función de qué ou a que se refire esa magnitude de pasar do penúltimo lugar ó segundo lugar, pois, non lle entendín. De verdade, eu vólvolle repetir... *(O señor Pensado Barbeira pronuncia unhas palabras que non se perciben)*. Xúrolle que non. Dime: pasamos do penúltimo lugar ó segundo lugar en estradas. Pero, ¿en que? ¿En mellora? ¿En conservación? E por iso este ano pasamos de 4.000 millóns a 1.000, porque xa está todo arraxado, ¿verdade señor Pensado?

Vólvolle repetir un dato para que vexan vostedes en que nivel estamos. No ano 1994 as comunidades autónomas dedican a estradas 205.000 millóns. A Comunidade Autónoma de Galicia dedica 14.000 millóns. Estamos na media, exactamente na media, e non se me pode dicir que hai unha actuación prioritaria da Consellería con respecto ó resto das comunidades autónomas, porque non é así. Aí están os datos e os datos non se discuten. Se quere vostede imos velos e comprobámoslos. Son datos obxectivos, e nin seque- ra son meus; son da patronal, do sector, do SEOPAM, e supoño que non teñen por que mentir. E o que é evidente é que hai unha caída espectacular en todo o que son as licitacións públicas e nese elemento dinamiza- dor da nosa economía. Señor Pensado, este ano vai haber en licitacións en estradas, aproximadamente,

1/3 menos das que houbo en anos anteriores; iso inde- pendentemente do que aprobemos ou non aprobemos aquí, porque iso é o que se fai de xeito real.

Referíase tamén o portavoz do Grupo Popular, por unha indicación amable do señor conselleiro, ó tema das estradas e do convenio da cidade de Vigo para re- alizar determinadas actuacións, en concreto a estrada Seminario-Corredoiras, o acceso á Universidade basi- camente. E dicíanos que o problema era da cesión dos terreos, que parece que non se produciu. Ben, pero es- tamos a falar de emendas para obras que se van exe- cutar no ano 1996. ¿Quéreme dicir que no ano 1996 - con ese Goberno tan eficaz que seguro que agora te- mos en Vigo- non se vai producir tampouco esa ce- sión de terreos? Isto é unha emenda para obras que se van realizar no ano 1996. Iso é o que estamos a discus- tir nestes momentos. ¿E que me quere dicir? ¿Que tampouco se vai realizar?

Vostede ten unha teima con isto da planificación. Eu non sei de onde saca vostede os datos, porque di: “están contempladas”. ¿Onde están contempladas to- da unha serie de obras hidráulicas? Dígame vostede en que planificación están contempladas. Eu creo que a vostedes isto de “contempladas” lles soa a contem- plación, que é un xeito de adoración. Vostede pode ter información da Consellería, pero esa non é a informa- ción que aparece nos presupostos. Porque, incluso, di: “sí, vanse facer unha serie de obras, a emenda non sei que, non sei canto, a número 56”. Entón, ¿por qué non se aceptan se se van facer esas obras? ¿Cal é o problema? Porque vostede me di que teño que ter fe no que vostede di, porque o di supoño que o director xeral ou o conselleiro correspondente. ¿Pero vostede cre que ese é un xeito honrado, incluso, e real de face- los presupostos? O normal, xa que estamos nun Parlamento no que se aproba unha lei, é que as obras que se vaian facer figuren. ¿Por que algunhas figuran e outras non? ¿Por que? Non existe ningún tipo de planificación.

E con respecto xa -remato, señor presidente- a un tema concreto que tamén tocou o señor Pensado, que é o tema da eliminación dos puntos negros, a verdade é que quedou bastante contento con iso de “xa o vi- mos en Comisión”. Si, pero na Comisión votaron en contra de que existise un programa específico para a eliminación de puntos negros. E hai unha caída no te-

ma da conservación. Se agora ocupámo-lo segundo lugar, imos baixar outra vez ó penúltimo lugar, porque pasando de 4.500 millóns a 1.500 millóns, pasando da conservación de 600 a 56 quilómetros xa verá vostede como o imos conseguir.

Con respecto ó tema da seguridade, hoxe vén unha noticia nun medio de comunicación na que se cualifica de especialmente dramática a situación en Galicia respecto da cifra de accidentes. E que non exista logo de seis anos...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor deputado.

O señor BAÑOS MÁRQUEZ: ...e logo de solicitarlo, un programa específico para estas cuestións, parécenos grave. Parécenos grave, e nós insistimos nisto este ano, como insistimos en anos anteriores e, ó mellor, co tempo nos darán a razón.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Baños.

Está anunciada a petición de segregación de emendas para os efectos de votación.

Ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, eu solicitaría que se votase por separado a emenda número 44 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Baños, ¿emendas separadas do Grupo do BNG?

O señor BAÑOS MÁRQUEZ: Si, igualmente solicito que se vote por separado a emenda número 156 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as emendas números 49 a 158 do BNG, agás a número 156 que votaremos despois.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a emenda número 156 do BNG.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a emenda.

(Un señor deputado pronuncia palabras que non se perciben).

O señor PRESIDENTE: Repetímo-la votación da emenda número 156.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a emenda.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas números 43 a 224, agás a 44.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a emenda número 44 do PSdG-PSOE

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: vo-

tos a favor, 14; votos en contra, 41; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a emenda.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación o texto do dictame da sección 06.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 22.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o dictame no que se refire á sección 06.

SECCION 07. (CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Tello León para a defensa das emendas do BNG.

O señor TELLO LEÓN: Gracias, señor presidente.

Imos comeza-lo debate das emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego á sección 07 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O luns pasado houbo na Coruña unha mesa redonda sobre o tema da calidade do ensino, convocada pola asociación de pais dun centro educativo, que atravesaba un gran problema porque lles falta un profesor que foi amortizado do seu cadro de persoal. Entón, reivindicaban simple e llanamente que os seus fillos e fillas puidesen ter un novo profesor -concretamente da materia de matemáticas- para impartir-lles clase ós seus rapaces.

A esta mesa redonda sobre a calidade do ensino foron convidados tódalas organizacións políticas, e cónstame que expresamente foi convidada tamén a organización política que sustenta o Goberno, o Partido Popular; non sei se o señor Pita, concretamente, foi convidado ou non, pero a min cónstame que si o estivo a organización do Partido Popular e que non estivo presente nesta mesa redonda. Porque, efectiva-

mente, ó Partido Popular, amparado nos seus votos, que son lexitimamente democráticos e acadados en eleccións, sen embargo, cóstalle traballo enfrontarse directamente ás persoas, cóstalle traballo asistir ós foros para explicar cal é a súa política, concretamente neste caso, en materia educativa.

Isto vén a conto porque tivemos hai moi pouco tempo o debate destes temas en Comisión, e o representante do Partido Popular unha vez máis espetáballe á oposición a súa falta de congruencia, que eu vou tratar de explicar aquí para que vexan con argumentos sobre a mesa, e non con ideoloxismo barato, quen é o que pode ter razón. Evidentemente, que a razón non vai facer cambia-lo seu voto, porque a estas alturas de actividade parlamentaria xa teño sobradas mostras de que nin sequera naquilo que é absolutamente evidente vostedes poden modifica-lo seu voto.

¿Cal é o criterio das emendas que presenta o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego? Pois mire, unha cousa tan elemental como a seguinte. A educación, probablemente, non consegue por moi igualitaria que fose, por moitos medios que tivese, corrixir ó 100% os desequilibrios económicos e sociais que existen dentro da sociedade. Pero a educación o que non pode facer baixo ningún concepto é contribuír a profundar nestes desequilibrios. O que está a face-la política do Partido Popular é profundar, precisamente, nos desequilibrios que existen dentro da sociedade galega. Profundar no sentido de dar-lles máis a aqueles que teñen máis posibilidades e restar-lles posibilidades a aqueles que teñen menos.

Imos tratar de demostrar isto con cifras, dado que vostedes din que estamos nun debate de presupostos, pero eu creo que non, porque se estivesemos nun debate de presupostos atenderíanse, cando menos, as razóns. E vou-lles empezar por dicir que nin sequera temos garantía ningunha de que vostedes cumpran o que tiñan comprometido o ano pasado, non temos garantía ningunha de que cumpran o que teñen comprometido para este ano.

Había dous centros de EXB que o ano pasado tiñan vostedes previsto construír -o de Camelle e o de Toques- que pasaron á historia. Son, simplemente, non centros; como na obra de Orwell son borrados do mapa; nin se construíron o ano pasado nin hai presu-

posto este ano para construílos. Pero do que tiñan comprometido, concretamente nos centros de Miño e de Gondomar, que eran 83 millóns de pesetas, dedicaron exclusivamente 15.

Se pasamos ó ensino secundario, en tres actuacións que tiñan previstas -ademais de desaparece-lo centro de Friol-, como eran o EOI de Pontevedra, o IESP de Ames e o do Porto do Son, que tiñan comprometidos 240 millóns de pesetas, unicamente investiron 190. Pero o ano pasado tiñan comprometidos na Universidade 1.305 millóns de pesetas en diferentes actuacións e unicamente investiron vostedes 763 millóns de pesetas. ¿Que fiabilidade pode te-lo pobo galego? ¿Que fiabilidade poden te-los parlamentarios e parlamentarias de que vostedes van cumprilas directrices que marcan nos presupostos que agora nos presentan? Temos un déficit no compromiso. Supoño que este será un compromiso co pobo galego e non exclusivamente un compromiso electoral. ¿Que esperanza podemos ter se vostedes pactan e obrigan practicamente, ou consensúan con determinados concellos galegos, a compra de terreos que implica un endebedamento destes concellos, como no caso de Muros e de Ponte do Porto, para a construción de centros de ensino secundario, se vostedes fan que eses concellos tomen acordos para investir en terreos, co fin de construír centros de ensino secundario absolutamente necesarios, onde o seu partido fai campaña e vota a favor da consecución destes terreos, e onde vostedes despois lles negan nos investimentos de 1996 a posibilidade de construción destes centros?

Voulles dar cifras. Voulles refresca-la memoria porque as cifras son teimudas. En construcións para EXB, vostedes pasan de 542 millóns a 182; en ensino secundario pasan de 2.596 millóns o ano pasado a 1.589 este ano. Se non se constrúe, trataremos de equipalo que se ten, dado que vén aí unha reforma educativa.

O ano pasado dedicaron vostedes a equipamento de centros de primaria 200 millóns de pesetas; este ano dedícanlle 0 pesetas. De 200 millóns baixan vostedes a 0. ¿Van vostedes algunha vez polos centros de ensino primario para ver se, realmente, están equipados ó 100% para enfrontar unha reforma educativa?

En ensino secundario dedicaron o ano pasado 500

millóns de pesetas, e resulta que este ano van 467 exclusivamente para formación profesional. Non existe o que son os centros de secundaria normais. Pero é máis. A Universidade, que este ano recibe un incremento importante, é o pago parcial dunha débeda que se vén arrastrando desde o ano 1989. Aínda lle deben vostedes da orde de 2.000 millóns de pesetas á Universidade galega, ou ás tres universidades galegas. Velaí por que os tres rectores se queixan de que aínda o investimento neste sentido é absolutamente precario.

Pero se non constrúen e non equipan, probablemente sexa necesario reforma-lo que temos. Pois ben, para reformas, para a aplicación da reforma educativa, vostedes dedican este ano 0 pesetas en educación primaria. De 842 millóns que dedicaron o ano pasado, dedican vostedes 0 pesetas este ano. Á educación secundaria, de 700 millóns de pesetas que lle dedicaban o ano pasado, dedícanlle vostedes 62 millóns de pesetas. Un déficit, polo tanto, de 1.400 millóns de pesetas respecto do ano pasado.

Pero se nin construímos nin equipamos nin reformamos, tal vez dediquemos diñeiro á formación do profesorado. Pois ben, o ano pasado dedicaban vostedes 430 millóns de pesetas e este ano dedican 338. Minto, porque resulta que se observámo-los cartos que tiveron que detraer dos presupostos de 1995 no Consello da Xunta, do día 3 de xuño, vemos que á formación e perfeccionamento do profesorado aínda lle quitaron vostedes 55 millóns o ano pasado. Á educación quitáronlle vostedes 1.000 millóns respecto do que tiñan presupostado.

¿Que fiabilidade podemos ter neste sentido de que vostedes toman a educación como un servizo público e como un servizo prioritario? “Non podía faltar” -dirán vostedes- “non podía falta-lo tema da oposición”. Efectivamente, non podía falta-lo da dilapidación, que eu lle chamo gastos para o ensino privado. Non podía faltar, evidentemente, porque esa é a dirección estrutural, esa é a liña estratéxica que eu sinaléi no comezo da miña intervención: Vostedes pretenden favorecelos que máis teñen.

Unha vez máis, chega o señor conselleiro de Educación precisamente cando falo do ensino privado. Dirá que é o único discurso da oposición. Xa falei

de moitas cousas antes; supoño que o señor Pita lle dará cumprida mención do expresado. Vaia sacando as notas que lle terá que pasar, que ten que intervir despois.

Entón, o tema é que efectivamente multiplican vostedes máis que por dous; de 7.500 millóns volve-mos a estar en 16.000 e pico.

¿Que sentido teñen as emendas que presenta o Bloque Nacionalista Galego? As emendas son fundamentalmente cualitativas. Eu téñolles dito cantidade de veces que probablemente co mesmo diñeiro se poderían facer cousas distintas. O problema dos orzamentos -non sei quen o comentou antes aquí- moitas veces xa non se trata tanto do diñeiro que temos como de onde investímo-lo diñeiro que temos. Aí hai unha cuestión de prioridades. Eu podo ter un diñeiro na casa e investilo en gastos suntuarios, investilo en gastos superfluos ou naquelas cousas que non necesito. Loxicamente, pódennme demandar dentro da mesma casa sobre que é o que fago co meu diñeiro. A Consellería de Educación ten un diñeiro importante, o 24,5% dos orzamentos da Xunta de Galicia. Polo tanto, dentro da precariedade é importante o diñeiro que ten. Ten uns gastos de persoal importantes. Pero logo tamén ten un capítulo IV e un capítulo VI sumamente interesantes que, probablemente, serían suficientes pasa ser investidos doutro xeito en atende-las prioridades educativas. Non nos poden dicir: “É que vostedes a penas moven diñeiro; de 200.000 millóns de pesetas, unicamente as súas emendas afectan a 6.000 millóns de pesetas”. Este é un argumento que xa resulta escandaloso enfrontándose aquí nun debate parlamentario. É absolutamente escandaloso que por terceira vez consecutiva vaian repetir exactamente o mesmo. “É que só moven 6.000 millóns de de pesetas”. Eu teríalles que dici-lo mesmo. Efectivamente, movemos 6.000 millóns de pesetas. Fixense que pouco é; entón fágannos caso porque, á fin e ó cabo, non é nada. É tan pouquiño que, á fin e ó cabo, o poden modificar.

Son 6.000 millóns de pesetas, e trátase de algo absolutamente meditado, absolutamente estudiado, de como se poderían modificar. Tanto é así que nós modificáramos 1.074 millóns de pesetas para educación primaria; 1.176 millóns de pesetas para secundaria; 1.253 millóns para a Universidade; 25 millóns para a

formación de adultos; 640 millóns para servizos básicos, como son o comedor e o transporte, e 500 millóns de pesetas para a formación do profesorado, agás o que significa tamén o o transvasamento do que é a educación especial privada para introducila dentro da rede pública, que para nós é un criterio absolutamente fundamental.

¿De onde detraemos este diñeiro? Detraémolo progresivamente daquelas partidas que nós consideramos gastos superfluos por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. ¿E por que os consideramos gastos superfluos? En primeiro lugar, porque vostedes subvencionan tramos educativos que van máis alá do que a propia legalidade vixente lles esixe. Vostedes están subvencionando a maiores neste momento tramos educativos onde a educación, a rede pública de centros... -por certo, ¿para cando a rede pública de centros, señor conselleiro? ¿Será en 1996? Confiamos en que sexa en 1996. Dixo vostede no Nadal. A ver se é o día 28, que é un día apropiado para facer pública a rede de centros educativa galega.

Entón, detraemos 100 millóns de pesetas. Cando vostedes dedican cero pesetas ó RAM nos centros públicos, ¿como é posible que vostedes inclúan unha partida nova de 100 millóns de pesetas para reformas e adaptación dos centros privados? Dedican cero pesetas ó que é a reforma, ampliación e mellora dos centros públicos. Isto non é un sen sentido. Isto chega a ser un insulto para moita xente que neste momento está nos centros educativos da rede pública.

Pero, por outra banda, vostedes van máis alá do que lles esixe a legalidade. Isto é un dato obxectivo. Son 2.189 millóns de pesetas o que vostedes lle dedican á preescolar privada cando neste momento aínda hai nenos e nenas sen escolarizar en Galicia e cando neste momento a rede pública ten prazas suficientes para ofertarlles ós nenos e nenas deste país a posibilidade de ser escolarizados. Vostedes manteñen 66 millóns de pesetas para un centro, señor conselleiro, que tiña que estar incluído na rede pública desde hai moitísimos anos, que é un centro dependente da Deputación Provincial da Coruña. Vostedes dedican 434 millóns para a FP2 privada cando neste momento a lei non llo esixe e cando neste momento existen prazas, ou deberían existir, na rede pública para esta xente. Non existen, ¿por que? Porque vostedes non cons-

trúen centros de formación profesional e porque vostedes teñen a máis de de 2.000 alumnos neste momento obrigándoos practicamente a introducirse na rede privada.

Respecto doutro tipo de subvencións, vostedes gradualmente -tal e como eu lles expuxen un día- poderían te-la vontade política de reducilas gradualmente, no tramo da educación primaria e no tramo da FP1; e incluír gradualmente eses orzamentos no que é a rede pública. Iso sería apostar claramente pola educación como un servizo público tendente a reducir desequilibrios e tendente fundamentalmente a reducir desigualdades.

En conclusión, sei que vostedes non van aprobar nada. Sei que para vostedes isto é como falar contra un muro, contra un frontón. Cando eu falo contra os escanos do Partido Popular apártome un pouco porque sei que o balón vén de rebote. ¿Recordan as tres preguntas kantianas?: ¿Que podo coñecer? ¿Que debo facer? ¿Que me cabe esperar? ¿Recordan que Kant se cuestionaba na *Crítica da razón pura* aquilo de cales son as condicións de posibilidade da metafísica? Eu sempre me pregunto: ¿cales son as condicións de posibilidade para que o Partido Popular admita algunha emenda? Pois, Kant non chegou a ningunha conclusión, e é francamente difícil saber qué se pode facer aquí, porque isto é coma a frase bíblica: se choramos, porque choramos, se rimos, porque rimos; cantamos cancións alegres e non bailades, cantamos cancións tristes e non chorades, entón, ¿que queredes que fagamos?

En conclusión, ¿que nos cabe esperar, señor conselleiro? Que a xente que neste momento reivindica a calidade do ensino estea expedientada unha vez máis. Seica a vostede non lle gusta que lle diga isto, pero aquí é a tribuna onde hai que dicilo. Desgraciadamente, guante de ferro para defende-los presupostos e para ataca-lo profesorado; e así nos vai, señor conselleiro.

Moitas gracias.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, García Leira).

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas gracias, señor Tello.

Para a defensa das emendas por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Ventoso Mariño.

O señor VENTOSO MARIÑO: Señor presidente, señorías, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou a este proxecto 65 emendas por un total de preto de 5.000 millóns de pesetas e que fundamentalmente están dedicadas a impulsa-lo ensino público, a mellora-la súa calidade, a rectificar e corrixi-los déficits territoriais, a mellora-lo funcionamento do sistema e a homoxeneiza-los investimentos no sistema universitario.

Dentro destas emendas, destacan os 1.000 millóns de pesetas que solicitamos investir no campus da Universidade de Galicia Sur; os 300 millóns de pesetas para o campus de Lugo; os 430 millóns para comedores escolares; os 300 millóns de pesetas para funcionamento da formación profesional; os 500 millóns de pesetas para reformas no ensino medio para equipalos para a ESO; os 500 millóns de pesetas para reformas na EXB e 1.200 millóns para a construción de centros, sen esquecermos das partidas para a formación do profesorado ou para os comedores escolares.

En definitiva, señorías, as nosas emendas van dedicadas a tentar corrixir un presuposto que nós consideramos fundamentalmente que se caracteriza pola desorde, o desequilibrio territorial a indefinición sobre o modelo educativo que hai que poñer en práctica e a falta de planificación nos ritmos que hai que levar a adiante para que algunha cousa ou outra algunha vez a vexamos.

Estes conceptos que aquí anunciamos xustifícanse tendo en conta, obviamente, a redución do capítulo VI, a redución da formación profesional, a inexistencia de equipamentos para centros, a baixada case esmoleira para a reforma de centros ou os incumprimentos con concellos á hora de construí-los centros.

Señorías, estamos a falar dunha cantidade de 200.000 millóns de pesetas; polo tanto, non é obvio nin xusto dicir que falamos dunha cantidade dun ensino terceiromundista. Non. Estamos a falar dun sistema público cargado de rixideces que cada vez se devora máis a si mesmo e impide aproveitar sinerxias que se traduzan na mellora do sistema de calidade do ensino público. Esa é a verdadeira traxedia: que a me-

dida que estamos a inxectar máis fondos, estes non se están a traducir na medida necesaria nun mellor funcionamento dos imputs educativos que deberían traducir, polo tanto, unha mellora de oportunidades daqueles que se benefician deste impulso.

Miren vostedes, señorías, as grandes cifras deste presuposto, que nós emendamos precisamente por mostrar unha discrepancia ideolóxica, presupostaria e política con este xeito de reparti-los fondos. O presuposto, señorías, crece en 11.520 millóns de pesetas. É, polo tanto, e nun principio, unha cifra bastante importante tendo en conta a mingua, ou o minguado, do crecemento dos presupostos. Polo tanto, non parece razoable, diante desta cifra que se achega ó 6%, descalificar sen máis o presuposto. Algo terá para que os socialistas consideren que aquí as cousas non son como aparentan.

Señorías, se temos en conta exclusivamente os custos que van para persoal, de todo o sistema público e universitario, estamos a falar de 11.910 millóns de pesetas; é dicir, que só o capítulo de persoal crece 390 millóns de pesetas máis do que crece a totalidade do presuposto. Xa que logo, a conclusión é obvia: estes presupostos son de base cero. O sistema, detraídos os aumentos de persoal, non só non crece, senón que vai decrecer en 390 millóns de pesetas. Isto é así. A resposta que nos deu o Grupo Popular é que eles consideran que o importante do sistema educativo é o profesorado e que hai que inxectarlles ingresos adicionais para que, señorías, isto se traduza nunha mellora da calidade do ensino. ¡Perfectamente!, como se o deciden gastar en quinielas ou na lotería. É unha opción. Nós consideramos que isto non é suficiente.

Polo tanto, ¿cal é a primeira crítica? Os presupostos de 1996, por vez primeira na historia da Comunidade Autónoma, non contemplan unha soa obra nova, ¡nin unha! É dicir, Galicia vai ter un apaga, educativamente falando, para 1996.

Señorías, 1996, a etapa final, o último *rus* que nos queda para cumprí-las obrigas que demanda a implantación da LOXSE. Nós temos dúbidas de que en Galicia isto se poida cumprir. Todos debemos asumir as nosas responsabilidades de poñer en marcha un proxecto tan importante como a reforma educativa, Pero a estas alturas, en Galicia non se sabe cantos

alumnos van ser trasladados, onde se vai impartir ESO. ¿Vaise impartir no último tramo da EXB, polo tanto en centros de EXB? Van ser trasladados todos estes alumnos ós centros de bacharelato? Nada se sabe, porque imos camiño de 1996 e os deberes están sen facer. É dicir, o mapa escolar e a rede de centros está sen facer. Polo tanto, a indefinición e a ambigüidade xustifican a inconcreción dun presuposto que pon en grave risco que Galicia cumpra os parámetros esixidos para a posta en marcha da LOXSE. Polo tanto, non van existir, señorías, as instalacións de talleres necesarios que demanda a LOXSE para aplicalos; vai ser difícil cumprí-las ratios que marca a partir do próximo ano; vai ser difícil, por non dicir imposible, que se cumpra o que marca a lei para a presenza dun departamento de orientación e, desde logo, nós entendemos que, cando menos, van ser bastante polémicos os necesarios transvasamentos de profesores.

Estase aprazando a toma de decisións e isto se traduce na inconcreción, na ambigüidade. Pero miren vostedes, mentres non se contemplan as necesidades obxectivas que marca o cumprimento que a Comunidade Autónoma de Galicia, xunto co resto das comunidades autónomas, pactaron para cumprí-la LOXSE, sexa a lei duns ou sexa a lei doutros, é igual, hai que cumprí-los pactos ou deixamos de ser rigorosos e deixamos de ser respectados. Galicia non vai cumprí-lo pacto; pero iso si, señorías, a partida inmovible de 2.000 millóns de pesetas para intanxibles marca a vontade do Goberno Popular. Curiosamente, de todo o debate de educación, o único que saíu nos medios foi que se aprobou unha emenda do Partido Popular pola que se detraían case 300 millóns de pesetas para dedicalos a subvencións á prensa. Iso foi o único que saíu de todo un debate que afecta a 700.000 familias galegas, que o Partido Popular presentase unha emenda da que se detraían fondos de normalización lingüística para dedicalos a subvencións á prensa.

Diciamos que, evidentemente, é discutible sempre o que di a oposición. Loxicamente, pero, mire, imos tentar aplicar uns parámetros obxectivos, ou que, polo menos, señorías, permitan estar de acordo con que a oposición ten a razón; é posible que non teña os votos, pero ten a razón.

¿Como podemos defini-la calidade dun sistema

educativo? Os socialistas intentamos aplicar un criterio actualmente non criticado por ninguén; polo tanto, enténdeo como un criterio obxectivo baseado no emprego dunha serie de parámetros. É dicir, os cartos que dedica cada comunidade autónoma ós seguintes factores: RAM, equipamentos de centros, construción, funcionamento deses centros e profesorado.

Estarán vostedes de acordo en que a calidade dun sistema se basea, polo tanto, no nivel de reparacións, nos cartos que se dan para a actualización do profesorado, na capacidade de construción de novos centros que teñan máis calidade e nas súas reformas.

Ben, señorías, miren vostedes se existe ou non apagón. En 1994, a Consellería de Educación dedicaba para o funcionamento e mellora do sistema educativo 3.018 millóns de pesetas; en 1995 dedicou 2.517 millóns de pesetas, e en 1996 ten pensado dedicar 1.092 millóns de pesetas, case o 60% menos en dous anos. Isto é o que nós anunciamos como unha caída da calidade do sistema educativo. Os socialistas negámonos a falar de se o sistema educativo aquí é terceiromundista; repetino e vólvo repetir. Ninguén pode dicir que é feliz mirando para atrás. O que temos que preguntarnos é se o sistema educativo cada vez é máis eficaz que permita prestar, a partir dun xeito máis áxil, máis racional e en mellores condicións, os servizos que a sociedade demanda.

Falabamos, polo tanto, da redución en EXB. Pero, ¿como está o sistema educativo no ensino secundario, a calidade e os parámetros obxectivos máis alá do voluntarismo? En 1994, señorías, 6.520 millóns de pesetas para os parámetros que definen a calidade; en 1995, 5.988 millóns de pesetas; en 1996, 4.441 millóns de pesetas. Estes son os datos que reflicten realmente a vontade de investir.

¿Con que nos imos atopando ó final, señorías? Co que nos imos atopando é con que, de cada 100 pesetas deste presuposto, 90 están contraídas no seu gasto total o 1 de xaneiro de 1996. É dicir, que é un presuposto con rixideces e, polo tanto, ó non haber un pacto escolar tantas veces presentado como necesario polo Grupo Parlamentario Socialista, ¿quen sofre a min-gua? Sófrena aquelas partidas que non están obrigadas a un contido investidor a través dun plan. Cae brutalmente o capítulo VI, redúcese a formación do

profesorado, desaparecen as reformas ou se aplican criterios na Universidade, tantas veces cuestionados e debatidos que non imos discutir.

En formación profesional, señorías, ¿como se pode manter que este ano -fíxense vostedes cal é a gravidade do sistema- de 49 ciclos formativos resulta que para Ourense non vai ningún? ¿Crese realmente que estes presupostos están pensados para reduci-los déficits interterritoriais cando un presuposto vén a esta Cámara e nos di: investimento en EXB en Ourense, cero; investimento en Educación Secundaria en Ourense, cero; investimento universitario en Ourense, cero, e aplicación de ciclos formativos na provincia de Ourense, cero? Eu creo que esta é a lectura máis dura quizais, pero realista. É unha chamada de atención a que os presupostos non poden levar esta dificultade tan grande á hora de poder xustifica-la súa funcionalidade.

¿E con que nos encontramos con estes presupostos, señorías? Pois miren vostedes, en formación profesional de primeiro grao en Galicia promocionou o 48% de primeiro a segundo no último curso. É dicir, a resposta a que de cada 100 alumnos en Galicia só promocionan 48, señorías, é reducirlle a partida presupostaria de funcionamento de 900 millóns a 400. En FP2, señorías, só promociona o 32%. Estes son os datos reais de como a formación profesional se aparta, se adormece.

E así poderíamos seguir, porque non imos facer agora o debate xa tan traído, tan debatido e tan aclarado. Soamente quero comentar dúas notas breves sobre a Universidade. A oposición e o Goberno tivemos distintos puntos de vista continuamente. E o Goberno dinos: “Non, é que a Universidade Galicia Sur ten 700 millóns de pesetas por enriba do pactado.” Pero o que se esquece de dici-lo Goberno é que o rector da Coruña e o rector de Santiago din que teñen 900 millóns de pesetas menos por debaixo do pactado. Polo tanto, ¿de que estamos a falar aquí? Estamos a falar de que o sistema universitario de Galicia coxoa, señorías.

Miren un dato: respecto do programa 431A, de investigación universitaria, o señor Orza, na última comparecencia díxonos que a 31 de xullo non se gastara nin unha soa peseta. Non o entendemos. Quérese

dicir con isto que se está arrapañando, quitando cartos das dificultades. Nós entendemos que a situación non é para facer aquí demagogia, e podíamos facer outro discurso. A situación non é tampouco para pedir que nos aproben emendas. Non é tampouco a situación do noso grupo parlamentario subir a esta tribuna para non recoñece-la maioría de 43 sobre 19. Non é iso. É para chama-la atención das súas señorías sobre que ás veces a maioría non ten sempre a razón.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas señor Ventoso.

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posturas sobre as emendas.

Ten a palabra o señor Tello León polo Grupo Parlamentario do BNG.

O señor TELLO LEÓN: Grazas, señor presidente.

A nosa intervención é para expresa-la nosa postura acerca das emendas presentadas polo Grupo Socialista e tamén para facer un comentario sobre a emenda do Grupo do Partido Popular.

Loxicamente, outra das críticas que se nos teñen feito ós grupos da oposición, cando se trata do tema da educación, é que presentamos moitas emendas pero non coincidimos nelas. Pregúntasenos qué fariámo-los grupos da oposición se tivesemos que face-las emendas conxuntamente.

Hai algo que é fundamental. Loxicamente, os grupos da oposición temos un programa diferente. Loxicamente, os grupos da oposición obedecemos a criterios distintos e tal vez os grupos da oposición discreparíamos á hora de elabora-las emendas e á hora de facelas. Polo tanto, a quen sexa o portavoz do Grupo Popular, creo que este argumento xa é un argumento caduco e trasnoitado. “Póñanse vostedes de acordo.” É que temos diferentes criterios; é que nós obedecemos a prioridades diferentes, e é normal que nun momento determinado os grupos da oposición non coincidamos en determinadas cousas e que tamén teñámo-las nosas prioridades. Agora ben, o que lles teño dito moitas veces ós membros desta Cámara é

que probablemente se o Grupo Popular tamén tivese a vontade de negociar prioridades, tal vez nas prioridades respecto de construcións, respecto de equipamentos ou respecto de modificacións fose fácil poñernos de acordo. Onde non é fácil poñernos de acordo é en criterios estruturais. E sobre os argumentos do Grupo do Partido Socialista nós temos bastantes coincidencias; polo menos nos argumentos que sustentan as emendas concretas que aquí se presentan.

Sen embargo, é lóxico e é natural que teñamos discrepancias nalgunhas das emendas que presentan. Ademais, é froito tamén de ter unha concepción global da educación distinta. Por ese motivo, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego vaise abster nalgunhas emendas que están fundamentalmente relacionadas -creo que todas- coa Dirección Xeral de Política Lingüística. Nós situariámola probablemente na Consellería de Educación, ou noutro sitio, pero sería unha Dirección Xeral de Política Lingüística que, desde o noso punto de vista, intentaría normaliza-la situación do noso idioma e trataría de integrar e de vertebrar lingüísticamente o noso país. O que non podemos neste momento subscribir é, polo tanto, que a Política Lingüística se lle detraia o diñeiro para outras actuacións ou para outras aplicacións porque, efectivamente, dentro do programa electoral que nós tratamos de cumprir e defender -aínda que sexa desde a oposición- é un elemento absolutamente fundamental a problemática do noso idioma. Non por isto ten que entende-la Consellería de Educación, de quen depende a Dirección Xeral de Política Lingüística, que o BNG aplaude ou subscribe a política lingüística que leva a efecto. Non por isto teñen que entender que o BNG subscribe as actuacións da Dirección Xeral de Política Lingüística. Precisamente, nas nosas emendas hai unha concreción, que xa presentamos o ano pasado e que non se acepta, loxicamente, e unha concreción que presentamos hai dous anos, sobre onde deberían ir destinados os diñeiros de Política Lingüística en canto ó que é formación do profesorado e formación do persoal funcionario ó servizo das distintas consellerías, ó servizo da Administración da Xunta de Galicia, para logo poder contribuír ó que é a normalización lingüística deste país. Neste sentido, imonos abster nunhas emendas -que concretamente son 18-, que eu despois llas pasarei o señor presidente co fin de aforrarlle o tema de contalas.

E, finalmente, quero facer unha observación. Non se defendeu a emenda do Partido Popular. Nós imos votar en contra desa emenda por un problema fundamentalmente técnico. Non se pode xustificar unha emenda que se presenta ós orzamentos como unha emenda de mellora cando realmente é unha emenda única e exclusivamente froito do resultado dunha improvisación ou dunha non supervisión do que son os orzamentos. Vostedes saben perfectamente de qué falamos. Está aprobada, pero desde aquí hai que dicir que a Xunta de Galicia debería revisar con máis coitado os seus orzamentos, porque os orzamentos que se presentan viñan con erros técnicos, concretamente no que corresponde á Consellería de Educación, na que había partidas trabucadas. Sen embargo, o día que se votou inicialmente o dictame para o seu pase a debate nas distintas comisións, ese erro técnico xa estaba. Tiveron que darse conta de que existía.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Grazas, señor Tello.

Ten a palabra o señor Ventoso Mariño polo Grupo Parlamentario dos Socialistas.

O señor VENTOSO MARIÑO: Si, señor presidente.

Expresarémo-la nosa postura sobre as emendas do BNG á sección 07 na medida en que as emendas presentadas polo Partido Popular xa están incluídas no dictame ó prosperar en Educación.

Obviamente, ímonos abster nun grupo importante delas, que son aquelas que detraen os recursos da subvención á gratuidade primaria da EXB, por unha cuestión efectivamente de modelo educativo. Nós partimos de que alí onde están implantados consensos sómo-los primeiros en cumprilos, sen entrar a debater.

Polo tanto, nós consideramos que foi un elemento importante de consenso incluír dentro do sistema público o ensino privado de EXB. Non tería ningún sentido que agora nós aquí nos sumasemos ás emendas que rematan, polo tanto, co tramo de ensino privado subvencionado e pactado entre toda a comunidade e tódolos grupos parlamentarios do Estado.

Porque vai máis alá, señorías, o debate do ensino privado e do ensino público. Queríamos recordar que nas últimas sesións do Parlamento, o Partido Popular presentou a solicitude de que se escolarice a tódolos nenos de 3 a 6 anos, de que se escolarice a tódolos nenos de 16 a 18 anos e que todo iso fose gratuito, subvencionado.

Iso necesitaba 100.000 millóns de pesetas. Señorías, o Grupo Parlamentario Socialista, o Goberno e, desde logo, os socialistas que compartimos esa tese, estamos a prol de preferir mellora-lo tramo obrigatorio, pactado e asumido como necesario entre tódalas forzas, que se-los pioneiros de aventuras subvencionadoras como a de Galicia, que remata en atrancos ó sistema.

En Galicia, señorías, o problema fundamental é que van 18.000 millóns de pesetas para subvencionar tódolos tramos da educación. E é unha decisión ideolóxica dun goberno conservador e, polo tanto, nós respectámola, pero teremos que dicir unha e outra vez que estamos total e frontalmente en contra de que este país con este nivel productivo, con este nivel de PIB, asuma en solitario e sen financiamento externo 18.000 millóns de pesetas para poñer en marcha a ideoloxía conservadora, a tese defendida pola Fundación FAES de que *el cheque sigue al alumno*.

A nós parécenos que isto en Galicia é realmente un pouco sarcástico. ¿Saben por que o dicimos, señorías? Porque, miren vostedes, de cada 100 pesetas que se subvencionan en preescolar, 75 pesetas van para os habitantes das grandes cidades; polo tanto, en Galicia a solidariedade de case 3.000 millóns de pesetas case a reciben o 30% dos alumnos. Con estas cousas é co que nós estamos frontalmente en desacordo; por iso, máis alá do que é lexítimo do programa electoral da Xunta de Galicia, de que reivindica unha e outra vez que lle gusta subvencionar desde os 3 anos ós 18, nós non podemos acompañalos nesa viaxe de insolidariedades. É unha viaxe de insolidariedades dicir que, de cada 100 pesetas, 75 van para o 30% da poboación e que o 70% da poboación recibe 25. Así é como se reparten as subvencións, e nós temos, señorías, que dicir que non podemos estar de acordo.

En todo caso, desde o escano e á hora de votar, señor presidente, lle explicaremos máis cales son as

emendas para as que pediremos votos a favor.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Ventoso.

Ten a palabra o señor Pita Varela, polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señorías.

Señor Tello, preguntaba vostede qué tiña que facer para que lle fosen aceptadas as súas emendas. Eu pódolle dar un consello que entendo que podería ser útil. Eu penso que para poder aproximarse a nós, primeiro, terían vostedes que cambia-lo piñón fixo, cambia-la catalina e adaptarse un pouco coma nós ós tempos modernos. Seguramente, moitas das súas emendas non digo todas, serían aceptadas. O que pasa é que discrepamos moito máis do previsto polas distintas evolucións que sufrímo-los grupos políticos e, loxicamente, a coincidencia non existe. Como vostede preguntaba, fágolle esa recomendación.

Ó señor voceiro do Partido Socialista quero facerlle unha pequena aclaración. Cando falou de Ourense, paréceme que fixo unha cita, e quero recordarlle simplemente que neste momento, e concretamente en Ourense, se está facendo un investimento no eido educativo de 600 millóns de pesetas: na Escola de Idiomas, no Conservatorio de Música e na Escola de Artes e Oficios.

Algúns seguramente non a oíron nunca, pero outros -sobre todo, os que son un pouco máis maduros- coñecen unha copla española que foi moi popular hai anos e que di aquilo de "siempre me dices lo mismo". Poderíamola cantar tódolos anos ó debate-los presupostos, porque a verdade é que as emendas da oposición practicamente tódolos anos son o mesmo. Pero o certo é que o presuposto de educación demostra a sensibilidade do Goberno galego ó aumenta-lo 6,9% respecto do ano 1995, cando, como as súas señorías saben, case tódalas consellerías sofren unha redución prespostaria como consecuencia -e isto temos que recordalo aquí- do recorte imposto polo Goberno central dado o descalabro económico que supón, por unha banda, o déficit público e, por outra banda, ese déficit acumulado que fai que teñamos en todo o Estado unha débeda brutal que ten como consecuencia

10.000 millóns diarios de intereses, o que significa máis de 2 billóns ó ano que ten que pagar e que, fundamentalmente, está recortando a tódalas comunidades.

Quero facer no capítulo I unha paradiña, porque aquí se está desvirtuando, igual que cando se falou en Comisión durante as comparecencias. Parece que os grupos da oposición dixerón que os presupostos a penas aumentaban; incluso que máis ben diminuían se se descontaba o capítulo I. *¡Caramba!*, ¿como imos desconta-lo capítulo I se no eido educativo, coma no eido sanitario, é precisamente o capítulo I a base fundamental do presuposto? Estamos falando do 62% do presuposto; non se pode obviar así cun paso por riba e deixar de lado o capítulo I.

Digo que é fundamental porque precisamente foi un compromiso do Goberno galego -deste, non doutros, do que houbo anteriormente; que houbo moita *bull*, moito *follón*, montado precisamente polo posicionamento dos que estiveron gobernando antes, daquel goberno tripartito-, foi un compromiso deste Goberno e do Grupo Parlamentario Popular determinar uns aumentos salariais que están tratando de homologa-los funcionarios docentes co resto dos funcionarios, como se pactou cos representantes sindicais. Señor Tello, non foi con todos. Pactouse coa maior parte dos representantes sindicais. Houbo algunha forza sindical que non pactou, sobre todo na aplicación dos sexenios; e isto representa -quero recordalo aquí- que os profesores non universitarios en Galicia cobran máis cá maioría dos do resto do Estado. E repito, isto non sucedeu sempre, porque no ano 1988 e en 1989 non se quixo recoñece-lo dereito a ningún tipo de homologación.

Eu teño aquí un documento que é simplemente comparativo. Dado que aquí se está falando do que fai o Goberno galego, o que fai o Partido Popular, vou-lles ler un documento, e vóullelo ler literalmente, porque, como vén de Madrid, é un documento que recolleu a prensa:

"Educación" -para que se vexa a diferenencia- "no paga a los interinos. La Dirección Provincial de Educación de Madrid" -quero recordarlles que depende do territorio MEC, Goberno central, socialista- "ha anunciado a unos trescientos profesores interinos de

la enseñanza pública de Madrid que no cobrarán sus sueldos correspondientes a los meses de octubre y noviembre hasta el 22 de diciembre, y en algunos casos hasta el 30 de enero, porque no hay dinero ni cabida en el ordenador para tantas personas en el código de interinos. Los profesores con el número del Documento Nacional de Identidad más bajo cobrarán antes. Pero esta mala noticia para los interinos viene, además, acompañada de un recorte en las percepciones como consecuencia del incremento del 2% al 18% en las retenciones del IRPF de cada nómina. Esta situación está provocando verdaderos quebraderos de cabeza a los profesores para subsistir” -subsistir, señores do Partido Socialista- “ya que tienen que hacer frente muchos de ellos al pago del alquiler, letra del piso, etc”

Son criterios obxectivos, como falaba hai un pouco o voceiro do Grupo Socialista.

Xa lles gustaría, señores deputados, a eses profesores depender do Goberno galego. Isto, señorías, non pasa na nosa comunidade, porque nós, o Goberno galego e o Grupo Parlamentario Popular que o apoia témo-la sensibilidade e a responsabilidade de cumprir cos nosos compromisos no ensino público. E, precisamente, consideramos que é o profesorado a pedra angular fundamental para que ese compromiso leve cara a adiante todo o proceso educativo que está en marcha neste momento. De nada valen luxos orientais en edificios en construción se falla a base, que é o profesorado. Polo tanto, repítolle, hai diferencias claras entre uns e outros.

Por outra banda, neses compromisos, loxicamente, tamén están, como non, os concertos co ensino privado, para que tamén tódalas clases sociais -non como antes- poidan tamén acceder ó ensino privado.

Mire, hoxe mesmo hai unha anécdota nos medios de comunicación. Un periodista lle preguntaba a un alto cargo socialista por que non fora á cena homenaxe dun ex ministro. E respondeulle que tivera que ir a busca-lo seu fillo ó colexio inglés onde se atopa estudiando.

Á parte de que cada un mande a onde lle pete os fillos, a nós tamén nos gusta que aquí os fillos de tódolos galegos teñan a opción de poder acceder ó ensino privado nuns convenios con carácter de igualdade

entre uns e outros, sen ningún tipo e elite nin distinción. Esa é un pouquiño a diferenza que nós lle estamos marcando practicamente tódolos días.

Nas súas emendas, tanto nas do Partido Socialista, coma nas do Bloque Nacionalista Galego, retiran -esa xa é a teima de tódolos anos- as subvencións a preescolar, a formación profesional, de segundo grao e a educación especial -recalco o de educación especial-privadas. Retiran tamén investimentos previstos para construcións en secundaria ou a partida do Xardín Botánico de Santiago, que non sei que lles fixo, para trasladalos a 34 actuacións dos socialistas que, curiosamente, repito, señor Tello, non coinciden coas de vostedes.

Eu penso que, se hai unha problemática de centros e de facer unhas construcións, supoño que terá que haber uns parámetros obxectivos e non os criterios do partido que sexa ou de dúas persoas que teñan que discrepar. Outra cousa é que teña que haber unha coincidencia plena; pero, *¡caramba!*, que coincidan en tres actuacións entre 33 e 34 que propoñen... a verdade é que non o poderíamos aceptar porque presenta un problema. E á parte, o problema xa se presenta en si, porque se aceptamos tódalas propostas, temos que modifica-los presupostos xa que non hai coincidencia. Os números tiñan que cadrar; o cal sería un absurdo.

Por outra banda, eu preguntaría-lles a ámbolos dous representantes, e gustaríame que o respondesen aquí: ¿como se poden construír novos centros con partidas de 10, de 25 ou de 30 millóns? A min gustaríame sabelo.

Eu recordo que a Cecil B. de Mille, que era un director cinematográfico en Hollywood -era o das grandes superproduccións- e ó seu sucesor, que foi outro norteamericano, Samuel Bronston -que precisamente se dedicou á cinematografía aquí en España coas grandes superproduccións- chamábanlle-los reis do cartón-pedra. Eu digo se o que pretenden vostedes é facer maquetas de cartón-pedra en vez de centros educativos axeitados ás necesidades dos nosos rapaces. Porque se non, a verdade é que non entendo esas propostas. Ó mellor é para os compromisos. Se din nun concello determinado que queren un centro público, ¡aí vos vai! Metemos no presuposto 10 millóns e pode que a prazos se faga en 20 anos. Unha cuestión son as

plurianualidades das que falou aquí o conselleiro de Educación e outra cuestión son as multianualidades perpetuas que pretenden vostedes. Porque xa lles digo, aproximadamente en 20 anos terían rematado un centro; ou se non, feitas en cartón-pedra ou como as casas rurais dos xaponeses, de papel. Se non, é incompresible. A verdade é que non nos parece moi serio o que propoñen vostedes aquí.

Quixera recordarlle tamén ó señor voceiro do Partido Socialista -que se alporizou moito a última vez cando lle falei da Lei Pertierra e da LOPEG e do que di- o que acordaron e o que figura precisamente ó abri-la porta, unha porta medio agachada, porque as cousas fanas así. Voulle le-lo que di a disposición adicional segunda sobre escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais, no apartado 3. Voulle ler tamén en castelán, porque esta é a Lei Pertierra:

“Con el fin de ampliar la oferta del segundo ciclo de la educación infantil, las administraciones educativas podrán establecer sistemas de financiación con corporaciones locales, otras administraciones públicas y entidades privadas titulares de centros concertados sin fines de lucro” -xa saben cales son: todas-. E aí o ten, páxina 3.360 do BOE, número 278, do martes 21 de novembro do ano 1995. É dicir, hai moi poucas datas. E remata dicindo: “Las administraciones promoverán la escolarización en este ciclo educativo de los alumnos con necesidades educativas especiales.” Claro, aquí precisamente é onde se atopa a guinda. Méteselle polo medio a palla para acadar precisamente o obxectivo principal, que é a escolarización gratuita no segundo ciclo de educación infantil e na educación especial, o cal coincide plenamente e nós estamos de acordo. Pero quero dicirlles que non deben *rachar ningunha vestidura* cando precisamente son vostedes mesmos, nunha lei que dictan, os que o están recoñecendo para que se faga.

Algún día contareille incluso por que se fixo así. Esta disposición recórdame aquela señora que, cando o seu home lle preguntou se quería algo, respondeulle: “Mira, trae unhas agullas, uns alfinetes, un pouco de fío e un abrigo de visión.” Pois máis ou menos ese é o contido do que di a Lei Pertierra, o abrigo de visión vai no medio de todo o resto.

Vou rematar, señor presidente, pero eu quixera deixar aquí formuladas dúas preguntas que considero fundamentais. O Grupo Socialista, dos cinco mil e pico millóns de pesetas que emendan, retira case dous mil millóns dos cursos de formación e do programa de normalización lingüística. Ó noso entender demostra o nulo interese e incluso case diríamos a animadversión que o Grupo Socialista sente cara á implantación harmónica da nosa fala, pola que o Goberno do PP apostou forte e cara a adiante. Eu quixera, se son tan amables, que respondan cal é o motivo, porque o outro día, precisamente na Comisión, o voceiro do Partido Socialista dixo que no resto das comunidades con fala propia, como é o caso dos cataláns e dos vascos, a normalización lingüística non é competencia da Consellería de Educación.

(Ocupa a Presidencia o seu titular).

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando

O señor PITA VARELA: Nós aceptariámolo que vostede di se xustifícase que esas emendas que retiran esa cantidade da normalización lingüística aparecesen recollidas noutra consellería e doutro xeito. Non aparecen en absoluto, co cal perdoo, pero o que vostede dixo o outro día para min é un sofisma clarísimo e que non é real en absoluto.

Por outra banda, a pesar do que dixo o voceiro do Bloque, que criticou a asignación á Universidade, pola que protestaron dous rectores, mire, “Deus dea pouco e mal e ben xemido”; pero, indiscutiblemente, aumentar un presuposto o 20% e o esforzo que está facendo o Goberno galego no eido da Universidade, como non o fai practicamente ningunha comunidade do Estado español, non pode ser significativo de crítica.

Tería que dicirlles máis cousas pero penso que ex-puxen criterios suficientes como para dicirlles que temos, como é lóxico, que rexeita-las súas emendas.

Máis nada e moitas grazias.

O señor PRESIDENTE: Grazias, señor Pita.

Ten a palabra o señor Tello León na rolda de réplica.

O señor TELLO LEÓN: Gracias, señor presidente.

Señor Pita, por un momento albisquei a posibilidade de que non ían votar en contra das nosas emendas, pero no último segundo chegou o desencanto. Por certo, pídlle encarecidamente a tarxeta do seu perruqueiro e do seu xastre para ver se pasamos á modernidade dunha vez. Teremos un labor de cosmética, porque, loxicamente, a pinta troglodítica que aínda debemos ter e os certificados de modernidade que vostedes dan, pois aínda non nos fixeron chegar a iso.

Señor conselleiro, ¡hoxe ó cuarto escuro a face-los deberes, a estudar e sen merenda! ¡Mal, moi mal! Primeiro, case non se meteu comigo, case non me respondeu, e co ben que vostede podería adestrar; porque vostede, como bo *sparring*, podería adestrar perfectamente. Ten un bo adestrador, pero hoxe fíxoo mal. Pregunta: “¿Como é posible que dediquen vostedes 25 millóns? ¿Con que van construír un centro con 25 millóns? Nós poñemos aí 25 millóns para a construción dun centro. Señor Pita, nos orzamentos do ano pasado din vostedes: EXB Gondomar: 2 millóns; para este ano, 4 millóns (páxina 143, de investimentos). Nós poñemos 25 millóns. Inicialmente non está nada mal. (*Murmurios*). ¿Como que é mentira? Mente, señor Orza, mente.

Señor presidente, hai un problema.

Presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega -isto é un papel oficial-: o ano pasado dedicábanlle 2 millóns de pesetas e este ano 4. (*Murmurios*). Leo algúns. Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra: 2 millóns de pesetas. ¿U-los luxos orientais, señor Pita?

Podemos continuar. Outros desaparecen, desgraciadamente. Pero voulle dicir outro moito máis interesante. Para o Centro de Ensinanzas Artísticas de Ourense, o ano pasado había comprometidos 20 millóns e gastados 19; para este ano, comprometidos, 610 millóns; previstos, 5 millóns. A resposta é obvia e evidente. Tiñan vostedes 600 millóns previstos para investir neste centro nos orzamentos do ano pasado. Este ano dan 5 millóns e quéixanse de que nós deamos 25 ou 50. Vostede sabe o que é unha actuación plurianual. Estes son os papeis oficiais.

Señor Pita, hoxe a estudar e sen *postre*, porque o fixo francamente mal. Dicía a miña compañeira de escano, dona Pilar García Negro, que en lugar de luxos orientais serían *lixos occidentais* os que hai en moitos centros educativos galegos. O de Monfero aínda está sen resolver, no da Barcala segue chovendo, o de Vimianzo segue sen resolverse e fala de luxos orientais. ¿Teñen realmente, fóra do palacete de Madrid, algún luxo occidental dentro dalgún centro educativo galego? O do palacete está aí, na memoria histórica deste país, pero ¿luxos orientais nalgún centro educativo? Insisto, se o señor conselleiro fíxese algunha visita polos centros educativos deste país, coñecería a realidade. O que pasa é que recibe informes negados e que os cre, co cal eu non dou creto porque, realmente, o conselleiro de Educación debería contrastalos algunha vez.

Non siga dicindo cousas que son falsas. Nós non retirámo-la subvención de educación especial, trasládola á rede pública de educación especial, sumamente necesitada. Non sei quen ten o piñón fixo. Eu son un mal ciclista. Son un seguidor dos ciclistas pero un mal ciclista. E o piñón fixo é pensar que a oposición é un *totum revolutum* metido nun saco, coma o gato da canción. Xuntos pero non revoltos. A cuestión é que nós non dicimos iso. Sabe vostede que non dicimos iso e que somos grandes defensores da educación especial, pero na rede pública e non a través da rede privada.

Señor Pita, ¿sabe vostede unha cousa? Vostedes seguen pensando que a oposición en si mesma é unha conxuración xudeumasonica. Iso si que é vivir no pasado. A oposición non conspira; a oposición dá alternativas; pero vostede ten que estudar hoxe pola noite, porque non entrou no debate dos orzamentos. Cando nos falamos de números, vostedes falan de paxaros; cando nós falamos de paxaros, vostedes falan de números. Xa lle dixen o outro día que teño neste momento a posibilidade transitoria, -porque *transit gloria mundi*- de ter unha atalaia case privilexiada. ¿Saben que din os seus compañeiros e compañeiras no Concello da Coruña? Que son as mesmas críticas exactamente que vostedes lles fan ó Partido Socialista cando goberna en Madrid. É dicir, eles critican alá o que vostedes aplican aquí; e vostedes critican alí o que logo aplican aquí. O que hai é que ser minimamente coherente e dicir: señores, hai un ideario, hai

un programa, tanto se gobernamos coma se estamos na oposición.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia terminando.

O señor TELLO LEÓN: Temos que ser coherentes.

Señor Permy, o das subvencións témolo que dicir unha vez máis: *“con el clero hemos topado”*. E este ano xa ve vostede que o gran problema da educación en Galicia é a alternativa á materia de relixión. É triste. No fondo é bastante penoso.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Tello.

Ten a palabra o señor portavoz do Grupo Socialista.

O señor VENTOSO MARIÑO: Señor presidente, señorías, nós pensamos que a nosa argumentación non foi rebatida e que foi comentada polo portavoz do Grupo Popular coas seguintes reflexións ás que tentarei darlles resposta:

Primeiro, a consecuencia é o recorte presupostario do Goberno central productivo dos luxos orientais.

Segundo, por emitir tódalas administracións déficit sen control.

Terceiro, ja quen se lle ocorre desconta-lo do capítulo I!

Cuarto, aquí non pasa que ninguén quede sen cobrar.

Quinto, os deputados socialistas levan os fillos a colexios ingleses.

Sexto, reflexión cinematográfica sobre o cine de cartón-pedra,-Bronston, Cecil B. de Mille, e esqueceu a Griffith, que realmente era o pai-

Cuarto, a LOPAG coma globalidade de toda a xustificación.

Quinto, nulo interese pola normalización porque as partidas quitadas non aparecen noutras consellerías.

Ben, como para nós creo que é unha obrigaón responder ós argumentos que dá o grupo maioritario para votar en contra, tentaremos facelo.

Sobre o recorte presupostario, efectivamente, como nós somos socialdemócratas, cremos realmente que, cando hai unha situación económica de crise, o que teñen que face-las administracións é endebedarse, sempre que teñan o compromiso de que a medida que se saía da crise hai que reduci-lo déficit. Polo tanto, neste Parlamento, o señor Orza anunciou que se estaba a saír da crise e que parece ser que, aínda que doía, pois pactaron as distintas administracións que é o momento de reduci-lo déficit. Xa sei que iso parece que é unha broma. Nós cremos realmente niso e que este é o momento de reduci-lo déficit.

O problema é que a algúns os colle cos deberes feitos e a outros cos deberes sen facer. Esa é a reflexión. Non é a cuestión de que permanentemente se lle cree a imaxe ós galegos de que os ingresos poden seguir crescendo. O que nós dicíamos aquí é que nos daba a sensación e que tiñámo-la convicción de que non témo-los deberes feitos para que a LOXSE se poida poñer en marcha sen dificultade. Para o ano veremos. Nós alegrarémonos de que o discurso noso de preocupación sobre a LOXSE remate aquí, e de que se poña en marcha a LOXSE coma no resto das comunidades. ¿Ou vostede pensa que imos ser felices vendo como en Galicia existen máis problemas para poñer en marcha unha reforma educativa, sen entrar na súa bondade ou maldade?.

En canto á redución do déficit, ¡home!, cando nunha comunidade autónoma crece o 3.500% parece que é unha velocidade o suficientemente rápida para que conveña poñer algún freo. A min paréceme que neste sentido estes presupostos son unha chamada de atención e que ían vostedes moi acelerados.

Cuarto: desconta-lo capítulo I. Non se desconta o capítulo I. Nós fixémoslle ó Grupo Popular a seguinte reflexión: dános a sensación de que para vostedes a educación é o profesorado, e ese é un elemento importante pero vostedes transformárono no único; e por iso soamente os aumentos repercuten nesa partida. Ben, é o máis importante, pero non o exclusivo, porque os rapaces necesitan ter escolas, ter actividades e ter transporte escolar que pola tarde os leven a parti-

par nelas.

Na chamada a que un parlamentario ten un fillo nun colexio inglés faltoulle dicir se ese está subvencionado ou non, porque se realmente cremos na liberdade educativa, pois que un o leve a un lado ou a outro non é sintomático.

Sobre a reflexión cinematográfica paso por ela, porque aí creo -modestia á parte- que en cine non habería color, e non quero realmente pasarme nese tema por pedantería.

Sexto. A referencia á LOPAG iso si que é importante. Mire vostede, ese parágrafo linllo eu ó señor conselleiro na comparecencia, e o señor conselleiro, taxativamente, díxome: “Non é así”. Púxome como testemuña o seu director xeral de que non era na transitoria senón que existía un artigo no que se recollía a obrigación... (*Pronúnciase desde os escanos: “Non, non...”*). Señor conselleiro, cítolla con tranquilidade. Vostede recolla o que di. Léao, que ademais sei que o le, e logo desmíntanos aquí. Díxenlle con toda claridade, señor conselleiro, que a lei prevía a posibilidade de financiamento. ¡Obviamente!, pero ¿quen vai estar en contra de que neste país se poidan subvencionar tódolos tramos educativos e de que se homoxeneícen os conceptos liberdade e educación? O problema é que resulta que en toda España, Galicia, que é a terceira comunidade máis pobre, é a única que asume subvencionar tódolos tramos. Ese era o debate e non outra cousa.

Nivel da normalización. Señor Pita, que vostede, que está na Comisión de Presupostos e que, ademais de estar na Comisión, é membro da Mesa, lle faga a tódolos deputados aquí presentes unha reflexión na que vostede demostre ignorancia é incorrecto. Sabe vostede moito mellor ca min que as partidas non se poden cambiar de sección e que, polo tanto, nas emendas parciais non é posible, señor Pita, quita-los cartos dunha sección e levalos a outra sección distinta. Esas chámanse transversais e son emendas de totalidade, señor Pita. Vostede leva aí moitos anos e debería sabelo. Non se poden coller cartos nas emendas parciais de Educación e levalos a Cultura. ¡Home!, por favor, consulte vostede, para iso ten aí ó señor Pablo Egerique ou ó señor Lage, que lle poderán dicir moito mellor ca min se é certo ou non é certo.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando.

O señor VENTOSO MARIÑO: Iso é unha obviedade, e non ten ningún sentido que vostede, como membro da Mesa, faga esa reflexión aquí.

Polo tanto, ó final, señorías, nós tentamos contrastar dous modelos educativos distintos. Quixemos facerlles chegar a vostedes a enorme preocupación polo que entendemos que vai ser un presuposto con demasiadas rixideces que na práctica van impedir poñer en marcha os esforzos necesarios para que Galicia non perda o tren da reforma.

Como cada ano nos vemos, cada ano recordamos.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Ventoso.

Póñense a votación as emendas á sección 07, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

O señor portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas terá a bondade de dicirnos qué emendas desexa que se voten por separado.

O señor VENTOSO MARIÑO: Si, señor presidente.

Nós queremos dous bloques (*Risos*) de votacións; independentemente de que poderían ser tres, pero imos procurar que sexan nada máis que dous.

Entón, nun primeiro bloque de emendas, gustaríanos que fosen as emendas 233 a 252, excluída a 234. E noutro bloque de emendas, todas elas máis a 234.

O señor PRESIDENTE: De acordo.

Póñense a votación as emendas do BNG números 233 e da 235 ata a 252.

(*Votación*). (*Pausa*).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 11; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Póñense a votación as demais emendas do Grupo Parlamentario do BNG.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Son as emendas números 226 á 273, e pídesse a segregación dun bloque de emendas, que son os números 244, 245, 246, 248, 249, 250, 252 ata o 256, 258 ata o 261, 263, 265 e 267.

Votamos en primeiro lugar este grupo de emendas que foi enumerado, e que foi segregado por petición do Grupo do BNG.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 40; abstencións, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Póñense a votación o resto das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Ponse a votación o texto do dictame relativo á sección 07, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto do dictame no relativo á sección 07.

SECCIÓN 08. (CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Vega Buxán no debate das emendas números 267 ata a 279 do Grupo do BNG.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, achegámonos ó remate desta primeira xornada e, como diría o outro, a última pero non a menos importante é a Consellería de Industria nesta primeira sesión; moito máis se temos en conta que o conselleiro de Industria é un afectionado contrastado a declaracións e a posicionamentos públicos certamente chamativos.

Eu fixen memoria hai un momento dos plans que lin ultimamente na prensa, ben das propias palabras do señor conselleiro ou de informacións que aparecen nos xornais un tanto enigmáticas, porque non responden á existencia dunha rolda de prensa, senón que son noticias desas que aparecen nos xornais. Supoño que algo terá que ver co labor dos asesores desa Consellería, ós que logo me referirei.

Pero un día, por exemplo, hai pouco tempo, nun xornal galego atópase un titular que di: “O Plan industrial de Galicia busca un impulso á competitividade productiva; recompila as grandes liñas de actuación ata o ano 2010”. Ben, é a primeira noticia que eu teño da existencia deste Plan industrial de Galicia. Pódese chamar plan a todo, certamente. E o mesmo digo do famoso Plan enerxético, que tamén foi aludido por este deputado con motivo dunha interpelación que se tramitou no Pleno anterior. O Plan enerxético, que é un gran descoñecido, segundo o señor conselleiro era un borrador que foi entregado ós axentes -ás empresas privadas, suponse-, pero aínda non foi entregado a estes axentes que están aquí, e que son axentes, en principio, cunha representatividade desde logo diferente e contrastada a través dese mecanismo co que vostedes, en principio, están de acordo, que son as votacións populares. Os outros axentes son moi respectables pero a súa representatividade normalmente garda relación co balance de fin de ano e co

feito de se hai números negros ou números vermellos.

Hai uns días tivemos ocasión de coincidir dous deputados desta Cámara nun debate radiofónico co director xeral de Industria e tamén lle preguntamos insistentemente onde estaba ese plan e se facía o favor de remitírnolo para pode ter, polo menos, algo diante dos ollos e poder falar sobre el e non falar sobre referencias de prensa ou sobre supostos plans que existen de tal ou cal empresa.

O outro día escoitamos falar do Plan eólico. Este é o máis consistente de tódolos plans que acabo de citar porque, realmente, están no DOG algunhas actuacións dese eido para instalacións de parques eólicos.

En realidade, polo tanto, atopámonos diante dunha Consellería que ten moitos plans. Pero eu tendo a crer que hai un plan que ten esa Consellería que non foi publicitado aínda pero que, desde logo, está traducido a través desta linguaxe un pouco esotérica, que é a dos números nun orzamento, e que podería titularse: "O Plan da progresiva diminución ata tal vez a eliminación definitiva da Consellería de Industria no seo dun Goberno galego".

Xa foi dito tantas veces que lle parece a este deputado ser un pouco pesado nesta Cámara; pero, desde logo, é moi chamativo -e francamente non atopo cualificativos que me veñan á cabeza- contemplar como, desde o mes de marzo de 1994, cando se tramitou o orzamento para aquel ano -posto que viñamos dunhas eleccións e non se puidera tramitar antes-, ata hoxe, e aínda non trascorreron dous anos, o orzamento da Consellería de Industria diminuíu nun 20%.

A lóxica diría que este decrecemento gardaría relación, en principio, coa existencia dunha situación económica que no eido industrial estivese caracterizada por unha mellora significativa. É dicir, é lóxico pensar que, se nun país un determinado sector económico, como é o da industria, está mellorando a ollos vista, pois sexa menor o volume de recursos monetarios, financeiros, que dedica o Goberno dese país, que obtén doutras fontes os ingresos e que redistribúe entre os diversos sectores económicos dese país. Digo que sería lóxico pensar que entón distribúe menos recursos porque a situación está mellor.

Pero a lóxica aquí non funciona, señoras e señores

deputados, porque a situación do sector industrial galego non é que sexa boa ou mellor; é, como mínimo, igual de mala ou peor non só que en 1994 senón, desde logo, que en anos atrás. É máis, neste Parlamento está constituída, e vén desenvolvendo os seus traballos, unha Comisión para o estudo da reindustrialización no noso país. Se esa Comisión existe e foi aprobada maioritariamente nesta Cámara, supoño que será porque se parte de aceptar que hai unha situación preocupante, e problemática, que resulta interesante analízala e ver de chegar a unhas conclusións para a súa plasmación en políticas prácticas que a melloren. Iso está funcionando. Chegará un momento no que faga un dictame e xa o discutiremos aquí. Pero, en todo caso, resulta paradoxal ou resulta absolutamente contradictorio a existencia desa Comisión, as cifras estatísticas de diversos organismos non sospeitosos de pertenza ó BNG, os diversos puntos de vista expresados por analistas tampouco pertencentes á nosa organización política e as declaracións que fai habitualmente o señor conselleiro e que se resumen naquela, que coincidiu coa súa comparecencia neste Parlamento, cando dixo aquela famosa frase de que o ano 1996 marcará unha inflexión moi importante na industria galega. Vostede segue afirmando iso. Xa veremos e xa llo lembraremos algúns, aínda que, como dixeran hoxe pola mañá, non demitará nin vostede nin ninguén.

En todo caso, vostede proponnos un gran milagre. Vai haber un punto de inflexión na industria galega con menos orzamento do que había durante estes anos. Esta é unha auténtica proposta revolucionaria no eido da política económica dun goberno.

Eu non sei se vostede, como contan as crónicas, é persoa achegada ás preocupacións ideolóxicas do señor Romay, que non está aquí. Ó mellor, como ten ese achegamento ideolóxico e como o señor Romay ten o costume de regalar algún que outro libro -un día lin nun periódico que regalaba o libro titulado *Capitalismo contra capitalismo*, dun autor norteamericano- pois, ó mellor, regaloulle a vostede ese libro. Tal vez debido ás súas múltiples ocupacións non fixo unha lectura demorada, e unha lectura en diagonal levouno ó mellor a propoñernos ou a defender publicamente este auténtico Plan Marshall da segunda parte da década dos 90 para a nosa nación en forma de milagre, en virtude do cal, con menos cartos, vostede e outros axentes, baixo a súa óptica ou baixo a súa di-

rección de política industrial, vai conseguir darlle a volta a esta situación preocupante.

Feitas estas consideracións de carácter macroeconómico en relación coa súa Consellería, un está tamén tentado de somerxerse na letra pequena dos seus orzamentos. Se un fai esta experiencia descobre cousas curiosas e tamén contradictorias con esas grandes declaracións que fai vostede.

Por exemplo, eu non conseguín saber -e ó mellor o señor Lage, que despois subirá aquí, tamén descobre este enigma-, a pesar de que llo preguntei a vostede, señor Couceiro, cómo, se no ano 1995 había para este ano seis asesores para a súa Consellería, e o seu importe supuña 34 millóns, agora hai oito asesores cun importe de 35.600.000; é dicir, 1.200.000 máis. Isto está aquí nos papeis.

A primeira cuestión que me chama a atención é cómo hai dous asesores máis cando hai menos nivel orzamentario. É o primeiro problema. Segundo: se hai dous asesores máis, ¿cómo aumenta só 1.200.000? Como xa teño dito, isto revela que os de antes estaban excesivamente pagados, o cal, evidentemente, é unha confesión -tardía, pero máis vale tarde ca nunca- de que se estaba cometendo unha dilapidación, ou ben que os novos asesores que ten vostede tenos mediante esa nova práctica que consiste no traballo en precario, ou subemprego, na propia Consellería. Non o sei. En todo caso, non consigo entendelo. Se vostede agora está dicindo que non é verdade, pois fagan vostedes o favor de corrixi-los erros que teñen. De paso tamén lle digo outro -que tamén o dixeran na Comisión-, na empresa Galicia Calidade S.A., que depende da súa Consellería, tamén había un erro. Había 20 millóns que non aparecían, que aparecen nos orzamentos da Consellería e non aparecen como entradas de transferencias de capital na contabilidade que se nos acompañaba da empresa Galicia Calidade.

Isto é letra pequena. Isto é do que non sae nos grandes titulares dos xornais. Dirá alguén que iso non merece a pena ser debatido; pero é unha letra pequena importante para ver que non hai unha correspondencia coas grandes declaracións que se fan en materia de política industrial cando nin sequera se é capaz de face-las cousas ben, cando hai o persoal que hai ó servizo da propia Consellería.

Pasando xa ás emendas que presenta o noso grupo, hai dous tipos de emendas que presentamos.

Por unha banda, hai emendas que o que fan é crear, por así dicilo, asignacións non contempladas na Consellería de Industria. Quero sinalar, nese sentido, unha que fai referencia á participación accionarial nas empresas públicas do sector naval. Nós, mediante esta emenda, o que pretendemos é que se cumpra por parte do grupo maioritario do Goberno acordos tomados por este Parlamento respecto de ter unha presenza nas empresas públicas do sector naval existentes no noso país. En xeral, eu diría que se trata de levar á práctica a posibilidade que dá o actual sistema autonómico para que o Goberno que preside o señor Fraga poida ter presenza nas empresas públicas existentes no noso país. Vostedes non fixeron nada nestes anos; non só nesta, senón noutras. ¿E sabe que pasa? Que mentres que vostedes están tranquilamente sentados, un le nos periódicos cousas moi reveladoras; non teño aquí o recorte, téñoos no meu escano. O outro día viña a noticia de que un dos responsables económicos do PP a nivel estatal, o señor Luis Gámir -que xa foi ministro coa UCD- anunciaba que se o PP goberna proximamente, vai privatizar ENDESA; unha das empresas públicas que leva moitos anos instalada no noso país que ten obtido e está obtendo importantes beneficios da produción de enerxía eléctrica no noso país e na que vostedes podían reclamar presenza no Consello de Administración. Igual están esperando a que se private, para logo reclamar ¿que? Nada. En todo caso, para que despois teñan que enfrontarse, se é que vostedes seguen gobernando -que xa o dubido-, ós efectos negativos que se poidan derivar da súa privatización. Esa é a súa política industrial, moi reveladora. ¡Menos declaracións de plans enerxéticos, plans industriais e máis traballo, máis decisións!; e non de agora, senón de antes, pero tamén de agora. Velaí, a razón de unha das nosas emendas.

Outra emenda, destina unha cantidade para plans para rematar ciclos productivos no noso país. Outra delas insiste en algo que xa foi citado repetidamente nesta tribuna, nesta ocasión e noutras anteriores: unha empresa de comercialización de produtos agrarios. E outras emendas, que podíamos situar nun epígrafe á parte, van destinadas a reforzar asignacións que xa se contemplan na Consellería de Industria. Por exemplo, as que van destinadas a reforza-las axudas á artesanía

galega, que vostedes incrementan neste ano, pero jollo!, gracias, sobre todo, a fondos europeos. Eses fondos, na súa literalidade legal, establecen que os seus beneficiarios son fundacións, asociacións diversas,... non necesariamente di na letra que sexan artesáns. E, señoras e señores do Partido Popular, o noso grupo cando ve as palabras “fundación” e “asociación”, institivamente leva a man ó peto, porque preferimos que estea especificado claramente que os beneficiarios son artesáns ou empresas de artesanía e non esa ambigüidade que logo dará como consecuencia, por exemplo, señor Couceiro, que na súa Consellería un descobre que hai unha transferencia de capital de 25 millóns á Fundación San Calixto de Lugo. Cando se lle preguntou a vostede na comparecencia en Comisión, dixo que era para cursos. Iso pensamos que lle correspondería á Consellería de Familia, Muller e Xuventude, pero tamén parece ser que vostede cotiza ó gran patrón lucense mediante esa forma de 25 millóns.

¡Claro!, resulta ridículo. Vintecinco millóns nun ano no que a Consellería sofre grandes restricións resulta ridículo. Como tamén resulta ridículo e preocupante contemplar cómo na súa Consellería as aportacións en forma de transferencia de capital ás fundacións de interese galego acada unha cifra certamente desproporcionada para un ano destas características.

Tamén nós destinamos máis cartos ó Plan de renovación comarcal, máis ó apoio ó investimento estratéxico e queremos tamén dedicar máis ó fomento da investigación mineira en augas e explotacións de lousas.

En definitiva, señoras e señores deputados, fronte a este optimismo da razón, neste caso, que pretende por en marcha a Consellería de Industria anunciándonos triunfalmente o comezo dunha nova xeira na industria galega para o ano 1996, desde logo, señor Couceiro, señoras e señores do Partido Popular, estes orzamentos da Consellería de Industria, parécennos dantescos. E cando digo dantescos aludo a que un ante eles sente a sensación de que no fondo levan escrito aquilo de que abandonemos toda esperanza de recuperación industrial.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Vega.

Ten a palabra o señor Díaz e Díaz, do Grupo

Parlamentario Socialista.

O señor DÍAZ e DÍAZ: Señor presidente, señorías, estiven contabilizándoo, e levo 119 horas e media de presupostos. Entre Ponencia, Comisión e comparecencias, 119 horas e media. Ninguén se atreveu a tanto.

Teño claro que do conxunto dos presupostos é difícil que nesta sala exista alguén que teña escoitado máis deles e inclusive con máis atención. Non quero dicir que me considere un experto nestes presupostos. Teño tamén que dicir que aprendín bastante e que aprendo bastante tódolos anos nos presupostos; aprendo das emendas da oposición. Aprendo tamén algo do que pretende face-lo Goberno; da situación real do país apréndese nos presupostos. Por iso, a un, ás veces, sorpréndelle bastante que este sexa un debate de segunda división sen o menor interese.

Pero imos alá co tema que nos trae aquí. Estes presupostos foron presentados como uns presupostos restrictivos. A restricción viña como consecuencia de que noutros tempos se gastou moito e agora hai que reduci-lo déficit público. Iso é o que se di. Logo, un presuposto restrictivo implica que hai que recorta-lo gasto, e hai que empezar por recorta-lo gasto máis innecesario ou, se se quere, o menos necesario.

Eu penso que un Goberno de Galicia debería ter como obxectivo claro, ou como único obxectivo, o desenvolvemento económico, e dentro del, a loita contra o paro. Debía se-lo obxectivo nun Goberno de Galicia. Falamos sempre, e fálase desde o Goberno, do paro como gran problema. E o paro está ligado ó desenvolvemento económico. Se hai desenvolvemento económico, é a mellor maneira de loitar contra o paro. Ademais, somos un país que ten un desenvolvemento medio menor có existente no contorno no que estamos situados, que é a Unión Europea.

Logo, se o obxectivo é o desenvolvemento económico e a loita contra o paro, está claro que os presupostos de Industria non podían ser restrictivos. É clarísimo. A industria tiña que ter un maior peso neses presupostos, entre outras cousas porque un dos motores do desenvolvemento ten que se-lo desenvolvemento industrial. En consecuencia, a industria tiña que ter un gran peso nestes presupostos. Pero non é así, porque aínda máis na era Fraga, -porque parece

que a era Fraga ía ser unha era na que se poñería orde-, o reparto presupostario non se fai en función das necesidades deste país, senón en función do peso político dos conselleiros. E o conselleiro de Industria, á luz do presuposto, está claro que pesa moi pouco. Pesa pouco politicamente e, en consecuencia, presupostariamente. Tamén queda claro que o Goberno non é sensible ó tema da industria.

O señor Couceiro, ó que agradecemos a súa presenza, que sabemos que ten outros compromisos inmediatos, é un conselleiro de grandes plans; de grandes plans con moito fume e con pouca leña, por iso sae barato. Vostede vénenos un plan industrial no retiro de Samos. Un plan que move papel e que non custa cartos. Non custa nada porque non hai máis ca papel. Vénenos un plan de renovación comercial que tampouco custa nada, un plan de hidrocarburos que custa cartos, move papel e que fai soñar coa lotería; un plan enerxético que move papel, non custa cartos e alporiza o persoal pola irresponsabilidade do seu equipo en vender como realidades o que non eran máis ca soños ou borradores de proxectos ou de anteprojectos para consultar *con el personal*, menos con quen hai que consultar. Teñen tamén vostedes un plan eólico que move moito vento. Demasiado vento, se cadra, para este país. Un plan de gasificación que habería que tomar máis en serio porque non sabemos de onde vén o gas e a onde vai o gas, nin sabemos tampouco que pasou coa planta de gasificación. Un plan de xestión de fracasos empresariais que move papel, custa cartos e non resolve case nada.

Pos iso, con todos estes plans, plans moi ambiciosos no aspecto de mover papel, é necesario pouco presuposto. Por iso vostede, o día que compareceu en Comisión para explica-lo seu presuposto, mentres todos choraban vostede estaba feliz. Era un conselleiro feliz co seu presuposto. ¿Para que quería máis?

Pero nós, que nos toca vivir no país real, que nos toca patear país, presentamos unha serie de emendas que responden -pensamos nós, e se non, discútase- ós problemas reais deste país.

Vostedes saben que nesta fase nós non podemos incrementar os presupostos de Industria. Legalmente non o podemos facer. Logo, o único que podemos facer é redistribuí-los presupostos de Industria atenden-

do a outras prioridades; prioridades menos vistosas cás de vostedes, porque sacamos das feiras e *paparo-tas*, pero máis efectivas, pensamos nós, para o desenvolvemento deste país.

A nivel de Industria marcámonos catro obxectivos:

Un primeiro obxectivo é industrializar este país. E para isto contemplamos algunhas actuacións concretas, como é a participación da Xunta en investimentos estratéxicos. Ou sexa, estamos dicindo que non sempre a política de axudar a outros con subvencións públicas a fondo perdido ou ó tipo de interese é suficiente para que se acometan proxectos empresariais. Ás veces, é imprescindible e necesario que a Xunta de Galicia asuma directamente a participación en tarefas productivas ou en proxectos empresariais. Para isto poñemos unha cantidade módica de 150 millóns de pesetas. E pónolle un exemplo agora aquí. O proxecto de compra de LESA, que aplaudimos, non é viable se a Xunta de Galicia non participa no (...) de capital. Hai que participar aí, hai que aportar capital e hai que aportar xestión; se non, temos pan para hoxe e problemas para mañá. Non se lle pode pasar a unha pequena empresa as cargas financeiras derivadas de asumir en solitario ese gran monstro. Se non, o que agora é un proxecto moi bonito, vai quedar dentro de pouco en moito menos porque hai que vender para alixeirar cargas. Estou dando un exemplo de que hai proxectos que esixen participación. E non quero que se queden aí se non queren; pero igual hai que entrar e despois ir vendendo en fases futuras.

Nós tamén pensamos, dentro da cuestión industrial deste país, que hai que apoiar as iniciativas de economía endóxena; aquelas iniciativas empresariais que se basean en transforma-las que este país ten. Un está farto de explica-las potencialidades deste país e de constatar que a maior parte desas posibilidades nunca pasan a feitos concretos. Somos un país de grandes potencialidades pero, ó final, somos un país de poucas realidades. Logo, hai que axudar a que a nosa industria se basee nesas potencialidades para que sexa competitiva.

Un segundo obxectivo é o da consolidación do sector industrial que nós temos hoxe en día. Para iso pensamos que hai que ir ó apoio da pequena e mediana industria que é o sector maioritario e que, coas mo-

dernas tecnoloxías, debe ser un sector de futuro. Hoxe en día, a gran empresa non é xa a panacea. A panacea pode se-la pequena e mediana empresa, que pode ser tan competitiva coma a gran empresa.

En terceiro lugar, tamén é un obxectivo o da expansión industrial. Nun sistema de economía aberta, como no que estamos, hai que competir, hai que defender mercado e hai que conquistar outros mercados. Para competir e defender mercado hai que renovar equipos, hai que investir en I+D, hai que potencia-las transferencias de tecnoloxía entre a investigación e a empresa, hai que establecer centros de transferencia de tecnoloxía; hai moita tecnoloxía que se fai na Universidade que non se aplica para nada por unha falta, digamos, de mecanismos de transferencias. Hai que conquista-lo mercado externo, porque a apertura da economía galega cara ó exterior implica que nós día a día perdamos cotas de mercado a favor de empresas do exterior, e nós temos que conquistar esa cota de mercado que perdemos no mercado externo. E aínda máis: se nos queremos expandir, temos que conquistar no mercado externo máis do que perdemos no mercado propio. Iso require imaxinación e require apoio. Require apoio á exportación e un apoio que non está contemplado, e que foi demandado polos sectores empresariais cando compareceron na Comisión de Industrialización, que é o apoio loxístico á exportación. O apoio loxístico á exportación é facilitar contacto, facilitar estudos de mercado e facilitar conexións. Iso haino que facer e custa cartos. É iso teno que facer a Administración. O minifundismo empresarial que temos neste país non é capaz de conquistar mercados se non se lle dan apoios; e eses apoios non están industrializados hoxe por hoxe.

E por último, como gran obxectivo, está o reequilibrio territorial deste país. Todo o país é unha zona de regresión demográfica, pero hai zonas que corren o risco de quedar desertizadas. A única maneira de frear esa desertización poboacional é a través da industrialización. Pero se a industrialización é difícil no conxunto do país, é moito máis difícil nesas zonas depprimidas da Galicia interior. Logo, hai que ter mecanismos que permitan que a axuda nesas zonas sexa superior ó resto. Hai que ter mecanismos especiais de axuda á industrialización en zonas que están hoxe en fase de despoboamento, en zonas difíciles.

Contemplamos unha partida de apoio ó investimento en zonas de regresión demográfica e contemplamos tamén unha partida específica para incentivar a ruptura do meigallo dunha zona depprimida, que noutro tempo non o foi, que é a zona de Ferrol. En Ferrol hai que favorecer algún tipo de investimento de choque que rompa esa maldición que existe en Ferrol, onde parece que non se pode establecer nada. E iso haino que facer cun plan de choque para esa zona, que non pasa por construír campos de futbol, prazas e demais. Hai que favorecer que en Ferrol entre unha industria nova.

Por último, eu diríalle que facemos un cambio nunha partida. Á partida de reelectrificación rural facémolles un pequeno gran cambio. Vostedes téñena no capítulo VII; ou sexa, dánlle-los cartos ás empresas para que as empresas invistan. Nós pedimos que a Xunta de Galicia dirixa o proceso, e pasámola ó capítulo VI para que sexa a Xunta de Galicia a que fixe prioridades; porque, por moito que nos conten vostedes, as prioridades son sempre das empresas e non son as da Xunta de Galicia.

¿De onde sacámo-los cartos? Pois miren, señores, sacámo-los de gastos inmateriais, por exemplo. Cando fai falta pan, sobra a propaganda. Sacámolo de fundacións, incluída a Semana Verde, ou a de San Calixto. Nós pensamos que neste país os recintos feirais poden agardar, poden ralentizarse; non é unha prioridade de hoxe. Hoxe en día, co tecido productivo que ten vostede ó seu cargo, sóbrannos recintos feirais. Non hai mercancía para enche-los e non podemos permitírnolo luxo de facer neste país recintos feirais para que vendan outros. O desenvolvemento que vostedes preconizan a nivel de recintos feirais é moito máis forte que o que hai a nivel de sistema productivo. Ou sexa, hai moito máis onde vender que centros de produción. Non ten sentido. É coma se a miña nai, que tiña un comercio en Escarirón, puxese 300 metros de escaparate para 100.000 pesetas de mercancía que tiña dentro. Non ten ningún sentido. Están facendo vostedes iso, un gran escaparate e dentro non hai nada. Primeiro hai que enche-los andeis e despois o escaparate ten que estar en proporción ó volume de negocio que hai neste país. Ten que estar en función das producións deste país. Vostede inviste en escaparates porque é moito máis vistoso.

No fondo disto hai unha certa cultura. A fábrica, iso é sucio. Nós estamos noutra fase: a fase *del negocio, del comercio*. Esa é actividade limpa. Non é así. Se non hai produción, non pode haber escaparates. E esas son no trasfondo as nosas emendas.

De momento, máis nada, e gracias, señor conse lleiro, por escoitarme.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputa do.

Ten a palabra o señor Vega Buxán, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor VEGA BUXÁN: Si, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor voceiro do Grupo Socialista, o noso grupo, o BNG, vai votar afirmativamente as emendas presen tadas aquí porque, alén da súa literalidade, coincidimos coas formulacións que acaba de facer vostede respecto dos grandes obxectivos que, como declara cións de intencións e propostas concretas, figuran nestas emendas.

Obviamente, ¿como non coincidir coa necesidade de industrializa-lo país? Aquí, no fondo, estamos diante dun problema que o Grupo Popular non se atreve a verbalizar porque sería escandaloso unha verbalización, pero é algo ó que conduce a dinámica eco nómica que vostedes alentan. A saber: a progresiva perda do tecido industrial que existe no noso país, a opción de que o noso país se especialize, por exem plo, no chamado sector servicios e que pase a formar parte de grupos de países que na división internacio nal do traballo fiquen reducidos á prestación de deter minado tipo de servicios, pero que renuncien, na prác tica, a actividades industriais, ben porque estas son desenvolvidas nos países centrais do sistema econó mico mundial ou ben porque sexan tamén levadas a cabo por países periféricos de nova ou recente indus trialización, sexan do sueste asiático ou sexan doutras áreas que eventualmente aparecen.

Esas son as grandes liñas que están hoxe en día en xogo, e se un país ou colectividade non esperta, se non se enfronta a esa dinámica, corre o risco de verse abocada, efectivamente, a un papel desas característi

cas como as que digo. O cal non quere dicir que nós esteamos en contra de que se fomenta o turismo no noso país, enténdase ben; o que pasa é que hai que ter presente que se non se toman medidas, ó final o que nos pode quedar é -e ó mellor nin sequera nas mello res condicións, precisamente- esa actividade ou acti vidades parecidas.

¿Como non estar de acordo, por suposto, coa necesidade vinculada a isto de consolida-la industria que hoxe hai xa no noso país, ou de tratar de que as em presas galegas teñan un mercado no exterior? O mer cado interno galego está sometido cada vez máis ó desarmamento arancelario, non só na área da Unión Europea, senón do que se deriva, por exemplo, das conclusións da rolda de Uruguai, do antigo GATT, hoxe Organización Mundial do Comercio. Ese pro gresivo desarmamento arancelario vai provocar que, efectivamente, exista cada vez unha presión máis for te sobre algúns dos nosos sectores productivos, algun has das nosas actividades productivas mesmo tradi cionais, e que non só sexa necesario defender esas ac tividades, senón procurar abrir mercados noutros paí ses.

Nós tamén subscribímo-las afirmacións feitas polo voceiro do Grupo Socialista respecto do cambio de dinámica no Plan MEGA. Desde logo, despois da ex periencia habida durante todos estes anos, non nos pa rece mal que houbese ese cambio. Xa sei que vostede non o van facer porque é moi forte o matrimonio de conveniencia ou de intereses que os vincula coa empresa ou coas empresas que están participando. É forte, moi forte. É unha constatación a de que os ma trimonios de conveniencia existen. É verdade, ata hai películas que se fan sobre iso; evidentemente que existen. Pois, ¿por que non van existir cando é o caso das relacións económicas? Desde logo, os afectos non están precisamente no primeiro plano desas relacións. Eu non coñezo relacións económicas no mundo que estean presididas xustamente por xustificacións que si serían de rigor aplicalas ó mellor nas relacións huma nas, que finalmente se establecen en forma de matri monio ou de contrato matrimonial.

Nós, desde logo, estamos de acordo con iso; e, en definitiva, señor voceiro do Grupo dos Socialistas, despois do alegato ou do curriculum que vostede pre sentou aquí sobre as horas que leva de debate parla

mentario, gustaríanos que ese capital horario acumulado fose eficaz á hora de convencer-los señores do Grupo Popular e que en realidade levasemos á práctica, tódolos que estamos aquí, esas proclamas que ás veces facemos -e que tamén fan vostedes, o grupo maioritario- a favor de apoiar-la empresa galega. Ó mellor iso ás veces significa non só poñelo nun papel, senón tomar certas decisións cando se poden tomar e apoiar certas empresas galegas fronte a outras empresas cando as dúas compiten por algún contrato, por algunha iniciativa económica determinada. Eu creo que é necesario ter máis compromiso na práctica nese sentido e que sobran e abundan xa as declaracións retóricas que logo non se ven acompañadas de coherencia práctica.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Vega.

Ten a palabra o señor Díaz e Díaz.

O señor DÍAZ E DÍAZ: Señor presidente, señorías, despois de escoitar, por segunda vez, as emendas do BNG, teño que dicir que todas elas goblamente encaixan na estratexia definida anteriormente por este deputado en nome do seu grupo.

O BNG considera -imos comentar unha serie de emendas- que as axudas á artesanía galega levan do presuposto unha cantidade desprezable e pretende duplicar esa cantidade. A nós parécenos que é un tema moi importante. O de desprezable non se trata dun termo pexorativo, senón que se refire a que é unha cantidade insignificante. Algún conselleiro gasta máis dando a volta ó mundo do que se lle dá a artesanía galega no seu conxunto.

A artesanía é un sector de futuro. É pequena empresa ou, incluso, mediana empresa, e combina dúas cuestións: arte e creatividade. Cada vez máis, no mundo no que estamos, en mercados minoritarios pero de gran capacidade adquisitiva, valórase máis a obra ben feita, o feito a man. Logo, é un tema de futuro. Son sectores estratéxicos que hai que valorizar e que hai que potenciar. Vostedes non o fan no seu presuposto, e así temos que unha gran parte da artesanía deste país está desaparecendo por falla de atención dos poderes públicos, e tamén -hai que dicilo- porque os propios artesáns non teñen unha valoración posi-

va do seu traballo.

O BNG tamén propón dedicar unha partida a unha empresa comercializadora de produtos agrarios. Sabe o señor Vega que isto é unha vella teima do deputado que lles fala. ¿Por que? Miren, neste país hai un censo, un estudio, do ano 1993 -que é o último estudio que se fixo-, que nos di que neste país hai 138.000 explotacións, o 50% delas venden leite, son gandeiras; hai 3.000, máis ou menos, que venden viño; algo menos, produtos hortofrutícolas, e os demais ¿que? Non é posible o desenvolvemento do sector agrario sen que se desenvolva un sector comercializador e transformador destes produtos. E é urxente este desenvolvemento agrario para dinamizalo e tamén para dar ocupación a unha masa importante de paro encuberto que está aí. Soamente se pode facer se alguén demanda produtos e que, ademais de demandar produtos, non saia do sector. Ten que vir de fóra. Hai que estimulala. Hai no país empresas transformadoras de produtos agroalimentarios. Hai que forzar asociacións e crear un consorcio no que entren esas empresas e o sector público; con cooperativas nun primeiro momento, despois xa se irán. Ata o outro día don Manuel dicía que era moi inimigo da economía de mercado pura e dura. ¡Feitos, non palabras, don Manuel! Espero que o escoite pola emisora correspondente.

¿Como non imos apoiar-lo tema de Ourense! Ourense é a Galicia profunda á que nos referiamos anteriormente, e hai que apoiar normalmente un plan específico para esa zona. ¡Normal! Entra dentro dos obxectivos de reequilibrar territorialmente este país. Está claro. O que non sei é como a min me esqueceu esta emenda. Unha emenda que tiña que asinar o meu grupo. O que pasa é que me esqueceu e pido desculpas. (*Murmurios*).

Non, pero o tema está en que como xa a presentou o BNG, pois non imos duplica-los fondos. Imos empezar por algún sitio.

Un plan para completar ciclos productivos, ¡lelemental, querido Watson! Mire, eu empecei a traballar na facultade de Económicas no ano 1973 e explicaba aquilo de que a economía galega é unha economía desarticulada, cara a adiante e cara a atrás; ou sexa, tiñamos as primeiras partes do ciclo e a partes finais.

Estou agora no ano 1995 explicando economía e sigo explicando o mesmo porque segue sendo a mesma realidade. Pasaron 22 anos. Témo-la mesma realidade: non se pecharon ciclos productivos. Hai que facer un esforzo importante nese campo.

Apoio de I+D ás PEMES, ¡claro! Pero unha cuestión, señor conselleiro: sen trampa. A maior parte dos fondos de I+D non van para I+D, van para axudar a enterrar con luxo proxectos empresariais mortos. Van para iso. O I+D, por exemplo, serve para que unha fábrica que non ten saída pinte a maquinaria e que nola facturen outra vez como nova. Serve para todo o I+D; ou sexa, o I+D ten que ser para I+D. Mire, para enteiros de luxo dediquen outra partida e poñan enterros de luxo de primeira, de segunda ou de terceira, pero o I+D, que é innovación e desenvolvemento, ten que ir unicamente para proxectos que sexan de I+D; porque, se non, estámonos confundindo. A partida que vostedes poñen é pequena para enterros. Se fose para I+D, podería ter efectos, pero para enterros é pequena porque se multiplican os mortos a grande velocidade. E ademais normalmente os mortos resucitan. Vostede sábeo. Está xogando vostede cos mesmos mortos que cos que xogaba don Juan Fernández, que tamén os herdou. Os mortos son os mesmos, estannos entrando varias veces e pagamos con fondos públicos. Non pode ser iso. Dediquen o I+D a I+D e creemos máis empresas viables.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando.

O señor DÍAZ E DÍAZ: Remato, señor conselleiro..perdón, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non me degrade (Risos).

O señor DÍAZ E DÍAZ: O tema da última partida de investimento estratéxico é do que falamos antes. Mire, cando os cartos son poucos, hai que saber onde se invisten. Por iso pensamos que esta partida de investimentos estratéxicos tamén é un tema importante.

Investimento estratéxico, unha vez máis, non é todo. Eles tamén teñen un programa de investimento estratéxico, pero tamén aí cabe todo, porque, no fondo, ¿que pasa? Que no rótulo do programa coincidimos con el; o que ocorre é que os nosos compromisos non

son os seus compromisos. Os seus compromisos fanos desviarse dos obxectivos e ó final poñemos como estratéxico aquilo que é unicamente táctico, para resolver un problema concreto dunha presión concreta e determinada. E iso é dar gato por lebre, como no I+D non se pode dar mortos por I+D.

Máis nada e moitas gracias.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, García Leira).

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas gracias, señor Díaz.

Ten a palabra o señor Lage Lage polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor LAGE LAGE: Señor presidente, señorí-as.

Señor Vega, portavoz do BNG, con base nunhas presuntas ou reais declaracións do señor conselleiro de Industria, puxo en tea de xuízo a existencia de plans de industrialización de Galicia -o enerxético, os plans eólicos...- que, existir, existen, aínda que non estean totalmente elaborados e terminados.

No tema enerxético xa o señor conselleiro no último Pleno, como consecuencia dunha interpelación, dixo que había un borrador, un estudio, e que, unha vez ultimado, se daría conta del aquí. Do plan eólico incluso xa se falou noutras comisións; na Comisión de Industria, concretamente.

Pero, sen embargo, esqueceuse o señor Vega de facer alusión a outros plans, aínda que despois don Ceferino Díaz aludiu a eles de pasada. E eu voullos recordar.

Existen plans que se chaman MEGA, mellora da electrificación rural; hai plans de telefonía rural, con telefonía móbil, etc.; un plan de gas natural e propanado, coa conseguinte rede de transporte prevista para o ano 1997 nas sete cidades e en gran número de concellos de Galicia -e o propanado, en Vigo, Santiago, Lugo e Ourense-; outro plan de recintos feirais, outro plan de tratamento de residuos sólidos industriais, a famosa planta das Somozas; outro plan de renovación e modernización do sector comercial de Galicia, etc.,

etc.

Son plans que están aí, que son os obxectivos do Goberno galego, pero que están articulados e propiciados pola Consellería de Industria. Vostedes non cren nestes plans pero haberlos hailos, e a sociedade galega está palpándoos no sentido auténtico e real. Nos núcleos rurais pódese falar coas mesmas tarifas eléctricas e tendo teléfono alí, e non se espera como había que esperar antes. Está a reforma que se está facendo na electrificación rural, a cuestión tamén do gas natural, que é outra fonte de riqueza, etc., etc.

E iso foi feito, e estase levando a cabo, a través do que se chama Consellería de Industria, da que vostedes din que ten poucos cartos. Claro, ten poucos cartos. E este ano ten menos có ano anterior. E eu aquí apelaría tamén á experiencia profesional e, digamos, presupostaria, de don Ceferino Díaz, porque mellor ca min podíanos facer unha análise da evolución dos presupostos desta Consellería de Industria desde hai moitos anos. Dise que este ano son poucos os cartos. Evidentemente, os presupostos son 14.000 millóns de pesetas no seu total. Hai 10.400 en transferencias de capital. Con respecto ó ano 1995 hai unha diminución dun 11% e incluso con respecto ó ano 1994 un 20% na totalidade dos presupostos. Non o imos negar. No capítulo VII, do 96 ó 95 hai un descenso do 16%.

Pero podemos seguir apelando á experiencia de don Ceferino, e se temos en conta a evolución histórica desta consellería poñeráse de manifesto a atención por parte do Goberno para potenciala, inxectarlle cartos e levar a cabo estas realizacións.

Se tomamos como ano base o ano 1989 -e conste que eu non crítico os presupostos do ano 1989; había uns presupostos e a Consellería de Industria tivo que te-los seus- e se comparamos co ano 1996, os presupostos aumentaron nada máis e nada menos que nun 57%; é dicir, que de 9.077 millóns de pesetas pasouse a 14.000 millóns de pesetas. E tamén lle fago a comparación, para evitar problemas, con respecto ó ano 1990, ano base deste Goberno. Neste período aumentáronse as cifras absolutas en 2.323 millóns de pesetas, que representa un 19,2%. (*Murmurios*). Señor Oujó Bello, estamos a nivel de cambio de Goberno, máis nada. Eu respecto aqueles presupostos e tamén lle fago a comparación cos do ano 1990. O capítulo

VII, de 6.500 millóns de pesetas no ano 1989, pasou a 10.453, o que representa un incremento do 60%. E con respecto ó 1990, houbo 3.233 millóns de documentos, que representan o 45%. Polo tanto, os aumentos son importantes. Este ano, por motivos presupostarios, como aquí se dixo, para que nos presupostos só se conseguise aumentar un 3,71% e para que outras consellerías cunha finalidade máis social aumentaran un 10 ou un 12% outras tiveron que baixar, como ocorreu nesta, que descendeu o 11,18%.

E hai que ter en conta tamén outro factor -e isto sábeno outros señores que están aquí-, que en anos anteriores o capítulo VI desta Consellería tivo un peso específico moi importante, por exemplo: desde 1986 ó 1990 o capítulo VI baixou en 2.162 millóns de pesetas por cumprimento dunha serie de obxectivos e accións conseguidas, chámese parque tecnolóxico, que se iniciou no Goberno do ano 1989, aínda que o investimento foi posterior, pero foi escalonada moitos máis anos, chámese Somozas, ou chámese accións que se iniciaron nesta Consellería e que despois pasaron ó IGAPE, que está no capítulo VI, como é a Escola de Deseño Industrial ou o Instituto de Novas Tecnoloxías.

Polo tanto, estes factores hainos que ter en conta para poder facer unha valoración global do esforzo que está facendo esta Consellería en orde a levar a cabo unha política que é continuísta e que se cingue ós seguintes campos: ó tema das infraestruturas, ó apoio e ó fomento da indutria e da artesanía, á promoción do comercio, á información e defensa do consumidor, etc. En definitiva, estes obxectivos perseguen fomenta-lo investimento productivo incentivando o sector privado e tratando de conseguir un desenvolvemento tecnolóxico e unha modernización xeral, tanto en termos de produtos coma de procesos, organización e xestión do tecido industrial e comercial de Galicia, para facelo productivo e competitivo.

Esta é a filosofía que impregna a política que está levando a cabo estes anos esta Consellería; e este ano, con menos cartos, trata de continuar cos mesmos recursos.

Entrando xa -porque o tempo segue- no tema das emendas, hai que dicir que todas elas, as dos dous grupos, xiran en torno ó que fai referencia ó aspecto

industrial e ó aspecto comercial. No tema industrial, as emendas, polo seu peso, aínda que son poucas no seu número pero cuantiosas polo seu volume de detraer e levar para outro lado recursos, inciden, sobre todo, na cuestión do Plan enerxético, no famoso Plan MEGA, no que, unha vez máis, teremos que recordar algunhas cousas para evita-las críticas que se seguen a facer e que se están facendo continuamente a este Plan MEGA.

Antes de nada, tamén lles quería recordar ós señores portavoces que me precederon no uso da palabra que hai que pórse un pouco de acordo. Miren vostedes, o Plan MEGA, desde o ano 1991 que se implantou, con 1.900 millóns de pesetas de presupostos da Xunta, foi financiado sempre con cargo ó capítulo VII, de transferencias de capital, partida 770. A emenda do Grupo dos Socialistas quere que pase ó capítulo VI, de investimentos. Ben, pero dáse a circunstancia de que o Bloque ten na sección 09, que é de Agricultura, unhas emendas nas que quita cartos dunhas partidas e as mete no Plan MEGA, dentro da Consellería, no capítulo VII. E en Comisión -por iso llo advirto, señor Díaz- apoiouse esa emenda. Non sei o que pasará agora, pero dáse a circunstancia de que, a pesar de que o Bloque, a través do seu portavoz, mantén a filosofía do Goberno de que o financiamento do Plan MEGA ten que ser con cargo ó capítulo VII, agora, na posición das emendas do Grupo dos Socialistas de Galicia, dixo que estaba de acordo coa filosofía de que en vez de ser con cargo ó capítulo VII que fose con cargo ó capítulo VI; coherencia, que fai boa falta nos tempos que estamos.

O Plan MEGA está executado nestes momentos no 61%. A Xunta de Galicia, a través dos seus presupostos, no ano 1993, deulle 4.000 millóns de pesetas; no ano 1995, 3.400 millóns de pesetas; e no ano 1996, 2.500 millóns de pesetas. Leva achegado o Goberno a cantidade comprometida da orde dos 18.000 millóns de pesetas e o Goberno de Madrid só 600 millóns de pesetas. Está en débeda histórica con este país, como xa aquí se dixo, de 15.000 millóns de pesetas. O Plan MEGA, a través do seu financiamento, capítulo VII, non ten os problemas que aquí se teñen dito. ¿Quen se acolle ó Plan MEGA elaborado desde o ano 1991 ó ano 1994? Pois as empresas distribuidoras que así o desexen. Concédese-lles unha subvencións da orde do 50%, concorren unha vez que se fai a convocatoria e

nos criterios para seleccionalas teranse en conta os proxectos que dispoñan da correspondente servidume, zonas de desenvolvemento industrial, que sexa complementario doutras instalacións, etc... Despois é a Consellería de Industria a que selecciona e a que lle indica, a través das delegacións provinciais, as subvencións concedidas. O control das obras e a certificación delas correspóndelle a esta Consellería.

Polo tanto, non hai ese perigo que tanto din que agora está amainando un pouco. Tanto é así -está aí o señor Cortizo- que incluso o outro día había unha interpelación coa conseguinte moción e non houbo moción, o que demostra que xa, por parte do Goberno, do Grupo Parlamentario, o estamos case convencendo, aínda que non é fácil. (*Murmurios*).

O Plan MEGA mantémolo como está. Hai que rogar e actuar para que Madrid nos mande eses 15.000 millóns de pesetas. Deixémonos de andar modificando e que se termine o antes posible porque é unha das accións máis importantes que ten Galicia que repercute na industria e que repercute tamén en tódolos sectores.

Hai outras emendas, concretamente do Partido Socialista, que fan referencia ó solo industrial. Hai unha partida de 150 millóns de pesetas, que non ten nada que ver cos parques empresariais, que tamén inflúe na industria, como inflúe o IGAPE e como inflúe SODIGA. Así que hai que ver actuacións do conxunto do Goberno, de tódalas consellerías, non illadamente, nas que estas partidas non se poden modificar dunha forma concreta, xa que van destinadas á rehabilitación e dotación dos servizos dos polígonos xa existentes.

O outro grupo de emendas -e xa remato, señor presidente, porque xa teño aquí a luz vermella acesa- fai referencia ós famosos recintos feirais. É dicir, esta Xunta, este Goberno, apostou polos recintos feirais a partir do ano 1991, concedéndolle as primeiras axudas, 160 millóns de pesetas, a uns concellos polos recintos feirais de Vigo, Lugo, Ourense e Vilagarcía. Hoxe en día, están en marcha ou xa funcionando os de Vigo, Lugo, Ourense, Vilagarcía, A Estrada, Ferrol e o de Silleda, que tanta controversia crea aquí. Polo tanto, é unha política que asume a Xunta e que se vai levar a cabo, e das dotacións que se fan para estes re-

cintos e para estas fundacións non se pode detraer ningunha cantidade.

Outra emenda que presenta o Bloque e que é coherente coa súa postura é a da famosa planta de residuos sólidos industriais de Somozas. Sistemáticamente, tódolos anos, en canto aparece nos presupostos a planta de Somozas con 50, 500 ou 1.000 millóns de pesetas, ¡zas!, Este ano hai unha partida de cento e pico millóns de pesetas para o prazo de liquidación das obras e tamén piden a súa devolución. Polo tanto, dentro destas limitacións que temos e dentro da coherencia da política comercial e industrial que está levando o Goberno nós este proxecto de presupostos defendémolo e, polo tanto, con farto dolor e pena rexeitaremos unha vez máis as súas emendas. O señor Díaz é decano de economía; eu fun secretario del na Comisión de Economía na primeira lexislatura, e tamén é un bo profesional o deputado señor Vega, que é novo nesta materia presupostaria, pero profundo coñecedor en temas económicos.

Moitas gracias señoras e señores deputados pola súa atención.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas gracias, señor Lage.

Ten a palabra o señor Vega Buxán polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor VEGA BUXÁN: Si, señor presidente.

Señoras e señores deputados, subo a esta tribuna desolado ó comprobar que o señor Lage acaba de descubri-lo gran problema do Bloque, que é que somos poucos, con perdón. Estamos en contra da planta de residuos industriais de Somoza e queremos emporcar, en realidade, a industria do noso país. Non temos remedio. E, ademais, somos incrédulos, non cremos na boa nova esa de que os plans, como as meigas, existen. Non existen, perdón, pero habelas hainas; habelos hainos, neste caso. E somos incrédulos, non nos decatamos de que a poboación galega está palmando eses plans.

O outro día eu decateime de que alguén na Limia debía estar palmando o Plan enerxético, porque cando o palpou dixo: ¡Oi!, isto non, ¡hai unha térmica aquí! Acabo de descubrir aquí un furúnculo cancerixeno se-

guramente e non quero saber nada. Mesmo, o alcalde de Xinzo, que non é do Bloque -todo o mundo sabe que non é do Bloque-, foi o primeiro que dixo que non sabía nada do Plan enerxético, que lle preguntasen a algún conselleiro ou a alguén de Santiago, pero que el non sabía nada. Entón, realmente, hai que mandarlle unha copia deste debate ó señor Vila para que vexa que el non *está ó loro*, como se di agora, non está palmando o Plan enerxético.

Ben, señor presidente, a min non me está correndo o reloxo. Por min que siga así. Estou disposto a facer como aqueles deputados italianos que falaban e falaban durante varias horas seguidas para impedir que prosperase...

O señor PRESIDENTE (García Leira): Xa está amañado o problema.

O señor VEGA BUXÁN: Agora xa está en marcha o reloxo da historia, ¡por fin! E como está en marcha o reloxo da historia, a ver se o reloxo da industria galega se pon en hora, se pon a punto. Pero antes de poñelo a punto, señor Laxe, quero facer unha precisión conceptual. Está moi ben que vostede faga unha comparación aquí, para quedar ben, loxicamente, e para ilustrarnos do ben que está -presupostariamente falando- a Consellería de Industria, cos anos 90, pero vostede sabe, pola súa formación económica, que esas comparacións non só -á parte de que sexan odiosas ou non- hai que facelas en unidades homoxéneas, monetariamente falando, e vostede está comparando pesetas do ano 1990 ou do ano 1989 con pesetas do ano 1995-1996. Se a vostede lle digo que no ano 1989 lle pagaron polo que fose 100.000 pesetas, non diría que as 100.000 pesetas do ano 1989 valen hoxe 100.000, ¿non?; supoño que non afirmaría iso. Pois, entón, menos lobos, ou sexa, menos números, menos porcentaxe de suba do orzamento de Industria. Se se fixese unha actualización oportuna, o aumento espectacular que vostede anunciaba non sería tal. Eu non puiden face-lo cálculo porque non teño aquí os datos precisos, pero estou por apostar que esa suba sería practicamente nula, señor Lage; ou sexa, que coidado coa comparación das cifras.

É coma cando vostede di que están artellados os plans na Consellería de Industria. Eu creo que na Consellería de Industria o que hai que facer é retellar;

máis que artellar hai que retellar, porque algúns deses plans presentan importantes ocos e importantes fisuras polas cales entra de todo, calquera cousa menos unha cousa beneficiosa para a nosa industria.

E respecto do Plan MEGA, eu non sei que pasa con vostedes, pero cada vez que alguén -e eu non o fixen, eu non fun o que falei do Plan MEGA nesta tribuna, fíxoo o voceiro do Grupo Socialista- fala do Plan MEGA, hai como un resorte no seu interior que di: si, si, si, falemos do Plan MEGA. E o problema do Plan MEGA é que non paga o Goberno de Madrid. ¡Home!, xa sabemos que o Goberno de Madrid non paga, pero haberá algún problema máis no Plan MEGA ¿ou non? ¿Ou ese é o único problema do Plan MEGA? Por exemplo, eu podería dicir que o Plan MEGA é algo que nos poderíamos preguntar -como dixen aquí o outro día- por que non se comezou antes do ano 1990 no noso país. ¡Claro! ¿Ou por que se adopta esa fórmula con Unión Fenosa? ¿Por que? ¿Cales son os beneficios que tira Unión Fenosa? ¿E por que Unión Fenosa non fixo no pasado e non fai no presente unha política máis xenerosa, máis acorde coa realidade do noso país? Algún día o noso Grupo Parlamentario, ó mellor, trae aquí algúns datos que ilustren, non definitivamente, pero si parcialmente, sobre isto que estou dicindo.

En definitiva, señor Lage, señoras e señores deputados, vostede fixo unha análise sobre as nosas emendas pero, curiosamente, non se fixou en unha, que é a que dixen eu do sector naval, das empresas do sector naval. E insisto en que é curioso que vostede non fale diso, porque iso non depende de Madrid exclusivamente, depende moito de vostedes, da súa vontade política, e non fixeron nada no pasado, nestes anos, e non fan nada para o 1996. O tempo pasa e Endesa igual a privatizan vostedes, igual que se cadra privatizan -non vostedes en persoa, pero os seus dirixentes de Madrid- Alúmina-Aluminio e ata algunha do sector naval.

Entón, cando iso suceda -se iso sucede nalgún momento-, ó mellor, haberá que lembrar que, á parte da comisión -comisión de cometer, de facer algo-, algunhas persoas, e vostedes en concreto, fixeron o que se chama un pecado de omisión nese tema tan importante.

Lamento, señor Laxe, que vostede a iso non lle dedicara un minuto da súa intervención.

Moitas gracias.

(Ocupa a Presidencia o seu titular).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Vega.

Ten a palabra o señor Díaz e Díaz.

O señor DÍAZ e DÍAZ: Señor presidente, eu pediría que me fixera unha pequena compensación de tempo, como lle fixeron ó señor Vega porque somos da oposición os dous e quería un trato...

O señor PRESIDENTE: ¿Menos tempo?.

O señor DÍAZ e DÍAZ: Non, o mesmo que lle deu ó señor Vega.

O señor PRESIDENTE: Entre o señor presidente da Comisión 3ª e o presidente do Parlamento non debe haber motivo de discusión. Cronometre.

O señor DÍAZ e DÍAZ: Está claro, señor presidente. Moitas gracias pola súa xenerosidade.

Señor Vega, eu penso que debe estar vostede tranquilo, Mariano non se vai atrever a tanto. Tranquilo que non se atreve a tanto.

Vou intentar responderlle, señor Lage, porque a réplica é para iso, para responderlle, ¿non?

Vostede dixo que os plans existen, pero que non están acabados. Imos rebobinar. Eu penso que nun plan ten que haber unha análise da realidade dos recursos, de necesidades, ten que haber obxectivos, medios, presuposto e prazos. Diso, dos plans dos que falabamos anteriormente, incluído o de hidrocarburos, non hai nada. O outro día, o director xeral de Industria recoñecíanos que había un borrador para pasar ás industrias. Ese era o plan enxerético que asustou tanto nalgunha parte deste país.

O Plan MEGA está aí e é un plan que aplaudimos. É un plan necesario e que incluso chega tarde. Pero aquí non me veñan vostedes outra vez con que o problema do Plan MEGA, con que o problema da ralentización deste país é o problema do Goberno socialista,

¡menos lerías! Mire, os encoros veñen da época de Franco, e o déficit, o excedente enerxético, da época de Franco, e o déficit na distribución, da época de Franco. Quero dicir que os socialistas non estiveron toda a vida gobernando, non poden se-los responsables de tódolos males deste país.

Os 15.000 millóns de pesetas da débeda histórica dos que falan vostedes aí son un problema recente. Eu quixera ver que tipo de construción se fixo aí para hoxe non estar en condicións de reclamálos. ¿Que foi, cando ía don Manuel polo corredor, daquela, naquel maratón, que percorría tódolos ministerios, pasaba de largo e non se decataban porque ía a moita velocidade? ¿Naquel momento firmou convenios? Claro que igual se esqueceu de firmalo e non podemos reclamálo. De todas maneiras, penso que se houbese algo concreto habería que reclamálo, pero se non, don Manuel, habrá que volver a buscalo papel perdido.

No tema da devolución histórica o señor Vega xa lle deu algunha pista. Hai que falar de pesetas constantes e hai que poñer-lo tema noutros termos, nos termos seguintes. O presuposto de 1989 e o de hoxe teñen moi pouco que ver, o deste ano está nun posto moito máis elevado; logo, hai ver, en termos porcentuais, o cambio que houbo daquela alí.

Pero, ademais, hai outra cuestión. Eu e o meu grupo non renegamos do Goberno tripartito, pero foron dous anos e non poden se-las causas deste país eses dous anos; non pode vir por aí o tema. Mire, este país tería resoltos problemas de tipo industrial se existise unha dinámica empresarial coa que non fixese falta que o sector público se preocupase de nada diso. En consecuencia, os presupostos baixan, pero baixan porque a realidade permite que baixen. Pero non poden baixa-los prespostos cando os problemas se multiplican e cando inclusive estamos nunha fase na que é fundamental aperta-lo acelerador para incorporarnos como país productivo a Europa. Podemos quedar en Europa como paisaxe, pero non como país productivo, e para iso hai que facer un esforzo no momento oportuno. Nestes momentos parece que hai mesmo unha conxuntura alcista que hai que aproveitar; non vale dentro de 10 anos, igual é tarde, as cousas en economía hai que facelas no momento oportuno e iso non se fai, porque se consideran prioritarios outros temas que, teoricamente, son compromisos que poden dar

máis votos, pero que non amañan os problemas reais deste país. Este é o reproche que lle facemos.

Do tema da contradicción co señor Vega no Plan MEGA, debo dicirlle que non hai contradicción. O señor Vega pon máis fondos para o Plan MEGA e defende tamén, coma nós, que as prioridades as fixen vostedes, e para que as fixen vostedes teñen que estar nos presupostos da Xunta de Galicia. Vostedes sométense demasiado ós intereses doutros e iso é malo para este país.

Respecto do tema de Silleda, mire, nós non temos nada contra a Semana Verde, pensamos que é un acerto que en Silleda se celebre a Semana Verde, pero pensamos que é un tremendo desacerto pensar que Silleda pode se-lo gran recinto feiral de Galicia. Silleda é recinto feiral para feiras agrarias e estano vendo vostedes, que están investindo 10.000 millóns de pesetas ó final en Silleda e están multiplicando os recintos feirais por toda Galicia. Un recinto feiral para Galicia ten que estar ben comunicado, estar nun núcleo grande de poboación e ten que ter infraestruturas suficientes, e en Silleda é imposible facer iso. Todo o que fan en Silleda, salvo a Semana Verde, é deficitario, sempre deficitario; é imposible leva-la xente a Silleda.

O recinto feiral de Galicia habería que facelo nunha gran cidade, ben comunicada e con aeroporto, ademais, porque o recinto feiral de Galicia é para vender ó exterior, e vostedes seguen confundido un recinto feiral cunha feira, cun mercado para come-lo polbo, e iso non é un recinto feiral. Un recinto feiral é para o comercio exterior, para promocionar Galicia cara ó exterior. Iso tiña que estar nunha gran cidade e ben comunicado, e iso é diferente, completamente diferente dunha feira de come-lo polbo e outras *comerottadas*.

Pero, señores, ó final, se iso é o que lles vai e ó país tamén, teremos que esperar e seguir predicando.

Máis nada e moitas grazas.

(Pide a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor presidente?.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Por alusións.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): O señor Fraga anda de présa polos corredores, non perde o tempo nos despachos. Firmou ese convenio, o convenio existe, non hai papel perdido e o que está é incumplido.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias.

(O señor Díaz e Díaz pronuncia palabras que non se perciben).

O señor PRESIDENTE: Hai unha rolda por alusións, que non hai un debate.

(O señor Díaz e Díaz pronuncia palabras que non se perciben).

O señor PRESIDENTE: ¿E temos algo que obxectar?

O señor DÍAZ e DÍAZ: Se hai un convenio haberá que reclamar.

O señor PRESIDENTE: Pero ese é outro tema distinto. Señor Díaz, hai unha rolda por alusións que non abre ningún tipo de debate. Creo que está claro.

¿Póñense a votación conxuntamente as emendas do BNG ? *(Murmurios).* *(Asentimento).*

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as emendas do BNG números 267 a 269.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 22; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as emendas números 274 a 289 do Grupo Parlamentario

Socialista.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

O señor PRESIDENTE: Ponse agora a votación o texto do dictame da sección.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 22.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a sección.

A sesión reiniciarase mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta minutos da tarde.